

A crítica literaria galega



SCRITA CONTEMPORÁNEA



ASOCIACIÓN DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA

Escrita Contemporánea

asociación de escritores  en lingua galega

A crítica literaria galega

A crítica literaria galega

Consello Directivo da AELG

Presidencia: Cesáreo Sánchez Iglesias
Vicepresidencia: Antía Otero
Secretaría Xeral: Mercedes Queixas Zas
Tesouraría: Marta Dacosta
Vogalía de Lugo: Isidro Novo
Vogalía de Pontevedra: Elvira Riveiro
Vogalía de Vigo: Francisco Castro
Vogalía da Coruña: Francisco Souto
Vogalía de Ourense: Xerardo Méndez
Vogalía de Relacións coa Lusofonía: Carlos Quiroga
Vogalía de Relacións Internacionais: Xavier Queipo
Vogalía de Literatura de Tradición Oral: Antonio Reigosa

Secretaría Económica e Técnica

Ana M. Carril Vázquez e Ernesto E. Calo

Edita: Asociación de Escritores en Lingua Galega
www.aelg.org / oficina@aelg.org

Depósito legal: VG-1293-2005

ISSN 1989-7340

Impresión e acabamento: Norprint Artes Gráficas. 4780-583 Santo Tirso

A crítica literaria galega

SECCIÓN DE CRÍTICA
ASOCIACIÓN DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA
2008

Editores:
Xosé Manuel Eyré
M. Xesús Nogueira
Olivia Rodríguez

Pórtico	7
A Primeira Xornada de Crítica Literaria	9
O logro asociativo da crítica literaria galega	11
CONFERENCIAS	
Ramón Nicolás Rodríguez	
“A crítica literaria xornalística da literatura galega”	13
Arturo Casas	
A crítica académica da literatura galega: perspectiva e propostas	27
MESA REDONDA	
A crítica literaria fóra de Galiza: os casos portugués, catalán, vasco e español	
Joan Josep Isern	41
Iratxe Retolaza	48
Ángel Basanta	52
Abel Barros Baptista	59
Coloquio	65
PRIMEIRA ENQUISA Á CRÍTICA GALEGA	71
O PREMIO DA CRÍTICA	95
Premio de narrativa. Recensións críticas ao <i>O señor Lugrís e a negra sombra</i> , de Luís Rei-Núñez, editado por Xerais	97
Lugrís, pintor e náufrago	97
A desfeita do xenio	99
El señor Lugrís y la negra sombra	101
O retorno de Ulyses Fingal	103
Un daguerrotipo en sepia	104
A negra sombra de Lugrís	105
Publicar a lenda	107

Luces de Bohemia	108
<i>O Señor Lugrís e a negra sombra</i> . Luís Rei Núñez recrea nunha magnífica novela a súa vida	109
Urbano Lugrís: un mar de áncoras e misterios	110
Premio de Poesía. Recensións críticas: VIGO, de Helena de Carlos, editado por Galaxia	
VIGO, de Helena de Carlos, Galaxia	113
A musa viguesa	114
O mundo nacía na cidade. Helena de Carlos: experiencia, ollada e memoria	115
Cartografando a ausencia. <i>Vigo</i> . Helena de Carlos	116
Finalista na narrativa. Recensións críticas: <i>L'affiche rouge</i> , de Mario Regueira, editado por Xerais	
Loita ou fuxida na xeración dos oitenta	119
Narrativa. <i>L'affiche rouge</i> . Mario Regueira. Xerais	121
Cidades e paraugas	122
Desde Compostela	123
Canción francesa	125
Finalista de Poesía. Recensións críticas: <i>Mudanzas</i> , de Marilar Aleixandre, editado polo Pen Club de Galicia	
As fillas do centauro. Marilar Aleixandre, <i>Mudanzas</i>	127
A égua clandestina	129
Escribindo sobre casca de ovo	132
As ucronías teñen un sabor acedo	133
 COLABORACIÓNS	
Redes, interacción lectora e continuum crítico	137
Criticar a crítica. Apuntamentos sobre o proceso social da valoración literaria	141

Pórtico

A Sección de Crítica Literaria Galega, ao fío da serie que leva editando nos últimos anos a AELG, estrea publicación de contidos propios do seu ámbito de traballo. Para nós é o xeito de poñer un primeiro fito no cumprimento dun dos obxectivos que nos propuxemos ao asociarnos a principios de 2007: darnos a coñecer o noso labor.

O groso da publicación está dedicada á primeira Xornada de Crítica Galega que organizamos desde a Comisión Xestora. Celebrouse en Santiago de Compostela o 21 de setembro de 2007, co patrocinio da AELG e o Consello da Cultura Galega. Editamos aquí os textos remitidos polos conferenciantes, Ramón Nicolás e Arturo Casas, sobre o actual estado da crítica galega, tanto no eido académico como no dos diferentes medios de comunicación. A seguir, transcríbense as intervencións de Joan Josep Isern, Iratxe Retolaza, Abel Barros Baptista e Ángel Basanta, arredor dunha mesa sobre o funcionamento, tras un breve percorrido histórico, da crítica portuguesa, catalá, vasca e castelá na actualidade.

Damos a coñecer, nun segundo tramo, a enquisa á que responderon amablemente unha parte dos socios da Sección. Foi elaborada e comentada por Xosé Manuel Eyré, membro desta Comisión Xestora.

O terceiro apartado ofrece unha serie de recensións, tanto de socios da sección como foráneos, dos libros gañadores e finalistas, para a narrativa e a poesía galegas, dos Premios da Crítica da Asociación Española de Críticos Literarios, que se fallaron en Huelva en abril de 2007.

Péchase o volume con dúas achegas de reflexión sobre a crítica galega, debidas a Arturo Casas e a María do Cebreiro Rábade Villar. Agradecemoslles que respondesen con dilixencia a unha petición dirixida aos máis de corenta socios que confiaron a esta Comisión Xestora a responsabilidade de organización e dinamización do colectivo, de acordo co establecido na súa asemblea fundacional:

“Con esta sección, a A.E.L.G. pretende aunar esforzos, ata agora dispersos, a prol do recoñecemento dunha crítica literaria galega que xa conta cunha longa tradición dentro e fóra de Galicia, ten unha forte presenza

na actualidade e quere asegurar un futuro onde as súas tarefas se atopen prestixiadas e recoñecidas institucionalmente.

A sección poderá fomentar e organizar todas aquelas actividades e publicacións relacionadas coa materia que considere oportunas.

Quérese deste xeito fomentar o intercambio de opinións e o debate crítico, de aí que se pretenda establecer un ritmo axeitado e oportuno de xuntanzas entre críticos ao longo do ano, así como facilitar o coñecemento e intercambio entre eles.”

Desexamos que estes esforzos cobren sentido no momento en que esta publicación chegue ás súas mans.

Comisión Xestora da Sección de Crítica Literaria da AELG
(Xosé Manuel Eyré, María Xesús Nogueira e Olivia Rodríguez)

Xuño de 2009

Primeira Xornada de Crítica literaria

A I Xornada da Crítica Galega foi unha iniciativa que a AELG, a través da súa Sección de Crítica, botou a andar en 2007 coa colaboración do Consello da Cultura Galega, e a intención de habilitar un foro de reflexión sobre a crítica literaria, unha actividade imprescindible á hora de afortalar calquera sistema literario.

Propiciou un encontro reflexivo acerca da situación da crítica literaria en Galicia nas súas diversas manifestacións, e asemade da crítica galega convocou



Xosé Manuel Eyré, Ramón Villares e Cesáreo Sánchez Iglesias.

representantes da catalá, vasca, española e portuguesa, de xeito que se converteu nun foro de interese primordial para coñecer a actividade e actualidade do labor crítico que se está a desenvolver no ámbito ibérico.

O encontro desenvolveuse no salón de actos do Consello da Cultura Galega (Pazo de Razo) o 21 de setembro de 2007, cun programa que comprendía dúas conferencias acompañadas de coloquio co público, sobre as facetas académica e xornalista do exercicio crítico en Galicia, e unha mesa redonda, tamén acompañada de debate, sobre a crítica literaria no resto da Península.

O acto foi inaugurado por Ramón Villares Paz, Presidente do Consello da Cultura Galega e Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da AELG. Xosé Manuel Eyré, representante da Comisión Xestora da Sección de Crítica Literaria Gallega, informou sobre o proceso de asociación da crítica literaria en 2007 e explicou as razóns da convocatoria e o programa.

O logro asociativo da crítica literaria galega

(Á memoria de Xosé Manuel Freire)

Desde que o xénero humano argallou a maneira de representar conceptos mediante a escrita, a interpretación e a reflexión sobre os textos volveuse un recurso fundamental na evolución dos procesos de pensamento, sen os cales non se pode entender o progreso, nin sequera o progreso material medido, entre outros índices, nas roupas que nos visten, os medios de transporte que nos trasladan, os alimentos que inxerimos, ou as posibilidades de ocio. Con todo, malia ser un proceso tan fundamental para o que entendemos como civilización, e malia que desde hai algúns anos o ensino teima en inculcar espírito crítico no alumnado, a actividade crítica resulta aínda moi pouco apreciada, e moi pouco coñecida e recoñecida pola xente. Por riba, as circunstancias que condicionan o devir da cultura galega, desde a deslexitimación política da súa lingua natural, e polo tanto, da cultura que con ela se expresa, levan a que o labor crítico na Galicia sexa aínda menos coñecido e recoñecido. Hai pouco máis de dous anos volveu activarse a posibilidade de que se puxese en marcha unha maneira de asociarse os representantes da crítica galega, e xuntámonos unha serie de persoas. Despois fóronse sumando máis, e outra xente foi dándonos ánimos, aínda que manténdose un tanto máis á expectativa. Pero foi suficiente para que agromara en nós unha forte ilusión de que isto non ía quedar nunha tentativa fanada. Un dos apoios fundamentais veu desde a Asociación e Escritores en Lingua Galega –á fin e ao cabo, todos somos escritores en lingua galega e o estatuto do escritor é algo que hai que revisar–. A AELG prestounos, xa non só ánimos, senón tamén espazo e infraestrutura, e se puidemos celebrar a xuntanza de crítica, debeuse en boa parte á súa xenerosa colaboración, na que incluía o ofrecemento desta publicación exclusivamente crítica. Evidentemente, sen a cola-

boración do Consello da Cultura Galega esta Xornada que encetamos tería sido dificilmente realizable.

Queda moito por facer. Os críticos desenvolvemos o noso labor nun ámbito no que converxen vectores con intereses moi poderosos: as casas editoras, os autores, as empresas xornalísticas, e inclusive partidos políticos. Os xuízos que emitimos, sobre todo no caso da crítica de novidades, poden frustrar ou impulsar expectativas de todos e cada un deles. Porén, a obriga do crítico non é máis que emitir un xuízo sobre un texto. Entre o que queda por facer, o primeiro é sen dúbida clarificar cal é a situación na que nos atopamos, e a partir de aí traballar a prol da dignificación e recoñecemento do noso labor, clave no desenvolvemento cultural dunha comunidade ou país. Precisamente esta primeira xornada da crítica galega deseñouse como un observatorio que axudase a comprender a situación do crítico. A bo seguro que a contribución de Ramón Nicolás sobre a crítica literaria nos medios de comunicación así como a de Arturo Casas acerca da crítica literaria académica achegarán datos de interese para todo isto. Do mesmo xeito que a mesa redonda con Joan Josep Isern, Iratxe Retolaza, Ángel Basanta e Abel Barros Batista, permitirán contextualizar axeitadamente esta situación.

Xosé Manuel Eyré

Conferencias

Ramón Nicolás Rodríguez, por *M. Xesús Nogueira*

Ramón Nicolás é licenciado en Filoloxía galego-portuguesa e profesor de ensino secundario, foino tamén durante un período e tan frecuente no noso sistema literario, mais, no seu caso talvez infrecuente, pola amplitude de facetas que abrangue, pois el é ensaísta, autor de libros como *Entrevistas con A. Cunqueiro*, *Estudos sobre Manuel Lugrís Freire*, é investigador, é tradutor, desenvolve proxectos editoriais, como a dirección da Biblioteca das Letras Galegas, e é tamén crítico, e esa é a razón fundamental pola que contamos hoxe aquí coa súa presenza. Como crítico, e sobre todo como crítico da prensa diaria, do día a día, os seus escritos puidéronse ler no desaparecido *Diario 16 de Galicia*, en *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo*, na revista *Biblos*, e desde hai algún tempo colabora tamén no intempestivo programa *Libro aberto*, da Televisión de Galicia.

Esta longa experiencia convérteo nunha voz privilexiada á hora de transmitir a súa particular visión da crítica actual nunha das súas vertentes máis controvertidas e máis polémicas como é a crítica xornalística, a crítica do día a día, da semana a semana.



Ramón Nicolás.

A crítica literaria xornalística da literatura galega

Ramón Nicolás Rodríguez

*La crítica se mueve en distintas partes,
tiene distintos rostros,
viene en todos
tamaños y colores.*

José Ignacio Silva

Limiar: crítica xornalística, crítica académica

Coido que, con bo tino, a celebración destas Xornadas distinguen xa conceptualmente, coa celebración de dous relatorios diferentes, a existencia dunha crítica literaria de corte académico e outra de corte xornalístico. Cadaquén dos presentes intuirá a diferenza que paira ou que tensa entre estes dous obxectos de estudo, ao meu xuízo con máis elementos que as vinculan do que as separan. Comparten, ao meu ver, ambas as dúas a análise intelectual e valorativa dun produto literario, do xeito máis obxectivo posible. A fronteira, que sen dúbida ten que habela, as máis das veces ten que ver con elementos como son o propio soporte que acolle o texto crítico que, dalgún xeito, determina por un lado o rexistro expresivo que se utiliza e por outro a disposición dun espazo, polo común na académica maior, que se pode dedicar. No meu caso particular, que alternei nuns comezos a crítica xornalística coa académica, e que optei non sei se decididamente ou polas circunstancias que sobreviñeron, pola primeira, coido que podo falar con certa experiencia dos dous ámbitos que, particularmente, só advirto un tanto diferenciados, insisto, no soporte que terma delas e, se se quer, na selección léxica que se debe empregar na primeira, marcada por certa sinxeleza, bre-

vidade, concisión, volcada polo xeral con libros de actualidade, fuxindo de toda opacidade ou cripticismo e procurando ofrecer unha orientación ao lector. Os dous teñen obxectivos comúns e talvez priorizar, ou minusvalorar unha ou outra, careza un tanto de sentido: as dúas han convivir sen teren que enfrontarse.

A crítica da crítica

O deporte, afección ou práctica da crítica da crítica é, historicamente, case que un lugar común que medra e medra como unha bola de neve. Véxase a presenza da crítica nos foros culturais e máis ou menos literarios que circulan pola rede na actualidade... A web existente até hai pouco tempo baixo o título de *ovixia.blogspot.com*, pode ser un bo exemplo do que falamos pois nela se exercitaba, libremente, iso si, e baixo anonimato, unha crítica feroz, destrutiva, mesmo aldraxante ao aludir a cuestións de filiación persoal, allea aos valores, ou deméritos, estritamente creativos ou literarios. Con todo, ese blog contaba cunha gran popularidade entre o ambiente literario de noso como tamén o foron, coído, algúns foros onde se abriron liñas de comentarios sobre a crítica, lembro un no foro “arroutada” no que todos, ou case todos os críticos que exercen ou exerceron como tal nos últimos tempos, fomos alcumados de mercenarios ou vendidos a intereses comerciais ou editoriais, cegos, ignorantes ou inútiles para esta práctica. Ao respecto, nesta liña que me ocupa, un dos libros máis lidos e valorados no ámbito do ensaio entre nós, *Arte e parte*¹, de Xurxo Borrazás, dedícanos un fermoso capítulo, entre outras liñas, baixo o elocuente título de “O criticón”. Borrazás dispara aínda que creo, é o meu xuízo, que se comparamos este capítulo con outros, non se amosa especialmente aguilloante, con todo velaí van algunhas pérolas: “as críticas nos xornais son máis espontáneas ca rigorosas”; “a crítica critica os e as novelistas, coma se estes fosen funcionarios e a literatura un servizo público” ou “infelizmente, os comentarios dos críticos non pasan adoito de seren cartas de amor aos seus amigos ou picadas aos inimigos; son de consumo interno. Se non abunda quen lea sequera os propios libros, imaxínade quen carallo os vai ler a eles?: os autores”. E por veces, engado eu, son eles tamén os que exercen a crítica da crítica –lémbrese a expresión dos “cíttricos” que popularizou no seu día Afonso Álvarez Cáccamo, ou creando personaxes de ficción, como Bolaño fai en *Los detectives salvajes* ou como Xurxo Sierra fai en *Licor de avelá con xeo*, axustando as contas tras un *affaire* moi persoal.

Con todo, esta tradición fortemente homoxénea contra o exercicio da crítica, vén de atrás: algunhas pérolas proceden xa, como non, de escritores de traxectoria e recoñecemento internacional como a que dedicaba a este traballo Lord

1. Galaxia, 2007.

Byron: “Procura rosas en decembro ou xeo en xuño; espera atopar constancia no vento ou gran na palla; cre nunha muller ou nun epitafio, ou en calquera outra cousa que sexa falsa, mais non te fíes dos críticos”, ou estoutra de François Mauriac: “Un mal escritor pode chegar a ser un bo crítico, pola mesma razón pola cal un pésimo viño pode chegar a ser un bo vinagre”. Dous exemplos máis: “Os máis dos críticos son homes que non tiveron sorte e que no momento en que estaban nas extremas da desesperación atoparon un modesto e tranquilo traballo de gardián de cemiterios”, en boca de Sartre ou Juan Benet: “quen elixe a crítica denúnciase a si mesmo: adoita ser home de orde, que ama as regras, que nada o emociona tanto como a validez universal dun principio, a infabilidade dunha doutrina, a sacralización dun nome ou a eternización dun valor: isto é, todo aquilo contra o que a cultura (...) loitou sempre”. Quen desexe internarse por un repaso furibundo que se realizou da crítica literaria nos xornais existe un estudo, se se lle pode denominar así, da man de Víctor Moreno (*De brumas y de veras*²) no que analiza, guiado por un obxectivo que non chego moi ben a discernir pero no que se advirte un rexeitamento frontal á crítica, as recensións literarias publicadas nalgúns xornais españois –*ABC, El País, Diario 16 e El Mundo*– nos anos oitenta. A avaliación que fai deste traballo de esculca é extraordinariamente negativa, para os críticos claro, mais eu considero que o criterio da extracción, por veces sen contexto, ofrece unha plataforma do máis acaído para esa crítica da crítica, nesta ocasión sen posibilidade de resposta.

E así podíamos seguir até o infinito. Vallan, estas liñas, só para subliñar, todo hai dicilo, arredor do escaso recoñecemento que este labor ten para a sociedade literaria, sendo como é, un elemento ao meu ver fundamental na engrenaxe de calquera sistema literario. O trato pexorativo que se lle outorga, en moitas ocasións coma se procedese de alguén que na realidade vén ser, na opinión de moitos, un escritor frustrado, determina boa parte deste estendido estado de opinión. Ao meu xuízo é un traballo que provén, porque non dicilo, tamén dun escritor, eu non sei en qué medida frustrado, pois no meu caso, non son quen de rastrexar pegada ningunha de frustración diante dun libro que un le, herboriza e, no fondo, comparte con lectores anónimos. Un traballo que á forza hai que abordar desde a soidade, por veces desde a incomprensión, mesmo sabendo que provocará se cadra desprezo, mais que cando falta, ou cando a súa ausencia en determinados medios se fai ver, moitas son as voces que o reclaman. Falarmos de crítica, neste contexto, talvez se rodea de condicionamentos negativos porque se acredita cegamente en que a crítica resalta os elementos negativos dunha peza literaria..., é evidente que non ten, á forza, que ser así; outrosí sinalo para os panexíricos ou gabanzas gratu-

2. Pamplona: Pamiela, 1994.

ítas. Talvez a cita da ética aristotélica, ese termo medio, ese “mesótes”, de que a virtude é o punto medio entre dous vezos opostos: o do exceso e o do defecto podería ser unha boa proposta, polo menos a que eu tento seguir.

Crítica xornalística, as súas funcións e tipos

Mais voltemos á crítica xornalista. Volvo definila con outras palabras: práctica e creación textual dirixida fundamentalmente a un público amplo e que, alén da descrición do tema ou texto, ofrece unha opinión valorativa ou interpretativa sobre o mesmo, ou se se quere, axuízase e valorase unha peza literaria creativa, tendo baixo unha intención informativa, descritiva e orientadora, e que cumpre un papel, nisto supoño que non hai dúbida ningunha, importante pois, en teoría, resulta de utilidade ao lector para estar ao día arredor dos libros que se van publicando. Velaí, sen dúbida, a función ponte que ten o crítico entre o lector e o creador. Aínda diría máis: o poeta chileno José Ignacio Silva, publicou no portal *Crítica.cl* –revista dixital de ensaio, crítica e historia da arte– un artigo sobre crítica literaria e as súas funcións no que teima nunha idea que na que en moitas ocasións non reparamos e que está revestida, a meu parecer, de certa importancia. Di Silva³ (e traduzo):

“A crítica xornalística deixa de ser un elemento conxuntural primariamente informador de determinada expresión cultural, para pasar a ser testemuño elocuente da recepción que unha manifestación cultural tivo nun momento determinado. Ao mesmo tempo serve coma un índice, ao ser posto en contraste con outras recepcións doutros tempos, do cambio do impacto que exerceu un determinado obxecto cultural, achegándose xa ao quefacer do investigador e do historiador”.

Velaí tres funcións sintetizadas que nos deberían, se cadra, facer pensar da certa importancia que pode ter o noso traballo: función informativa, recepción e valoración nun tempo histórico determinado e, xa que logo, índice desas mudanzas valorativas. Silva segue insistindo nesta orientación, facendo súas as palabras de Auden, que sinalaba que o crítico non pode impor leis arredor do que lle debe ou non gostar á xente, porfiando no que serían as súas funcións: presentar obras ou autores novos descoñecidos para o lector, valorar autores inxustamente menosprezados, mostrar relacións entre obras diferentes e facer unha lectura da obra que aumente a súa valoración..., funcións a que críticos-narradores nalgún caso como Cercas ou Etxeverría teñen engadido, con certo estupor ao meu ver, a

3. http://www.critica.cl/html/silva_02.htm. Consultado o 12-9-2007.

función de entreter, de producir empatía, e de mesmo caricaturizar o seu propio xuízo..., convertendo así un exercicio de interpretación, coído, nun divertimento circense.

O propio Silva suscribe as formulacións que ofrece Gutiérrez Palacio⁴ apuntando as funcións da crítica: informativa –arredor dun autor e da súa obra–, orientativa –por volta de autores e obras que merecerían revisarse ou rescatarse do esquezo–, valorativa, seica a súa función máis sobranceira, sempre tentando fuxir da redacción apresurada, para que esta acade tamén certo valor estético en si mesma.

Son numerosas as achegas que, no plano teórico, se teñen apuntado a reflexionar sobre a crítica. Dous exemplos máis: un escritor e xornalista peruano, Ricardo Vírhuez, ofrece un “Breviario de crítica literaria” que, por extenso, non podo reproducir aquí, en dezanove puntos. Con todo, si me gustaría compartir algunhas das súas apreciacións polo que poden dar de si para unha ulterior discusión ou coloquio, algunhas para min que constitúen unha verdade de pé de banco, e outras que apuntan a unha autocrítica que persoalmente asumo, como (a) a idea dunha crítica neutral ou obxectiva é imposible; (b) a miúdo a crítica cae na súa propia trampa, e impón –no canto do canon literario– o canon do mercado; (c) o canon do mercado a miúdo é literatura sospeitosa e case que sempre é subliteratura... e (e) a crítica, ante todo, é estimulante. É unha cortina que supetamente se corre e nos permite mirar lonxe e profundamente. Mesmo por último faise preguntas deste tipo: Por que a crítica académica deosta e se burla da crítica fugaz de xornais e revistas? (os *Elementos de crítica literaria* publicados por Edicións Xerais hai pouco tempo, dun xeito indirecto e probablemente inconsciente así o testemuña: o traballo crítico xornalístico non é operativo nin avaliable para esta crítica na case que absoluta maioría dos colaboradores dese volume colectivo)

Dentro desta crítica xornalística, alén da literaria estritamente, adóitase sinalar a teatral, cinematográfica, artística, televisiva, musical, e mesmo taurina e deportiva, sendo talvez a literaria a que, aínda que non sempre, adoita escapar na súa orixe, do cadro de persoal de redacción. Fagamos memoria, ao respecto, do que poderíamos denominar “base social” dos máis que exercemos a crítica como colaboradores “externos” de xornais galegos: xornalistas que desenvolvan un traballo específico como reseñadores ou recensionistas de libros non os hai en Galicia; a ampla maioría provimos do ámbito do ensino, maioritariamente do ámbito do ensino secundario ou universitario público, e todos e todas, sen prac-

4. Gutiérrez Palacio, Juan (1984). *Periodismo de opinión. Redacción periodística. Selección de textos*. Ed. Paraninfo. Madrid.

ticamente excepción, posúen certo currículo no que se refire, alén da docencia, en traballos de investigación literaria ou ensaística e, nalgúns casos, talvez menos, relacionada coa ficción literaria. Non creo, por outra parte, que este perfil nos diferencie moito do que ocorre noutros sistemas literarios máis ou menos próximos ao noso. Non coñezo ninguén, nin entre nós nin fóra de nós, que as remuneracións que recibe por este traballo sexa abondas para sobrevivir e isto condúcenos a outra reflexión neste sarillo de ideas que vou debullando: a inexistencia dun profesional, in strictu senso, da crítica literaria en Galicia.

Ao fío disto, e conclúo este bloque cunha referencia á dificultade da profesionalidade do oficio do crítico, contaba Emili Teixidó, non hai moito, e con ocasión da súa participación nunhas xornadas de debate e información arredor das bibliotecas escolares, que a súa experiencia no ámbito da crítica non fora tan grata como nun principio crería, e que abandonara a súa participación como crítico nun programa de televisión catalá por causa da ínfima remuneración que recibía polo seu traballo, se a comparaba co que percibía un carpinteiro ou un fontaneiro. Se un escritor da talla de Teixidó afirmaba o que acabo de dicir, que cómpre manifestarse arredor do pagamento das colaboracións críticas na nosa televisión, na nosa radio, na nosa prensa. Sen estaren suxeitas a tarifa ningunha, as máis das ocasións debedoras dun labor de negociación previo a nivel persoal ou colectivo con institucións privadas ou públicas que polo común imponen as leis do mercado, e o mercado dita que o que facemos é case que marxinal.

Ademais, sen dúbida ningunha, o noso caso, isto é, a crítica xornalística feita en Galicia, posúe unhas singularidades específicas que cómpre non esquecer. Recorro a un informe emitido pola Asociación de Editores Galegos en xuño de 2004 no que fala do libro galego. Eses problemas cos que se atopa o libro galego son, mutatis mutandi, os que tamén afectan á práctica da crítica xornalística da literatura galega:

O libro galego está obrigado a competir, por unha banda, coa poderosa oferta das grandes transnacionais que ocupan e controlan os canais de comercialización e promoción masiva impondo as súas leis de mercado e, por outra, sofre as limitacións obxectivas da nosa realidade social e cultural. Vexamos:

- Unha poboación que non crece ou crece moi lentamente (sobre todo a poboación nova).
- Unha recesión xeral do consumo de produtos editoriais de cultura, desprazados por produtos mediáticos e de ocio masivo.
- Unha realidade infraestrutural feble e non consolidada na súa amplitude (insuficiente dotación de bibliotecas, cativos hábitos de lectura, menor capacidade económica da nosa poboación).
- Os problemas específicos da lingua galega.

A historia (case) inexistente. Un presente resistente

Escasa é a historia da crítica literaria feita, que eu coñeza, até o de agora, entre nós. Nin sequera, nos manuais historiográficos ao uso, se cita a “existencia” da figura do crítico literario, como moito algunha listaxe de ensaístas, no que pode haber algún crítico na súa faceta de investigador literario no século XX, destacándose o labor de Carvalho Calero, Fernández del Riego ou Alonso Montero. Por suposto, ningún manual, que un saiba, repara xa non na especificidade na que se moveron quen, aínda que fose circunstancialmente, a cultivaron desde finais do século XIX, e sobre todo no século XX. Recensións, en lingua galega, de libros escritos en lingua galega, comezan a ser certamente asiduas en xornais ou revistas literarias galegas dos anos vinte e trinta, nalgúns xornais afectos á idea galeguista –léase *Heraldo de Galicia*, o *Galicia* de Paz Andrade, *El Pueblo Gallego* de Portela, e logo, moito máis esporadicamente, en xornais como *Faro de Vigo*, *La Voz de Galicia*, *El Correo Gallego*, etc., alén doutros xornais de carácter local ou comarcal. Fóra do histórico suplemento de *La Noche*, das revistas culturais e literarias da posguerra, do labor levado a cabo en publicacións semellantes no exilio americano, xa case que nos situamos nos tempos da transición sen que, alén dalgúns dos autores amentados ou dos que sobreveñen un pouco máis tarde, como Xesús G. Gómez, que levou a cabo un intenso labor desde as páxinas d’*A Nosa Terra*, o resto foi máis voluntarismo esporádico que outra cousa. Críticas que, nun primeiro momento, están dominadas, sen dúbida ningunha, pola necesidade da defensa, á ultranza, dos nosos propios produtos culturais e literarios, dominados por un sentimento se se quer un tanto chauvinista mais lexitimado pola necesidade de sobrevivir.

Permitídmeme que me exprese en termos vinculados coa miña propia experiencia arredor do mundo da crítica literaria xornalística da literatura galega: vivín o nacemento e o peche de moitos suplementos ou plataformas literarias pois a información crítica cotiá de libros en prensa diaria sinxelamente non existe na prensa galega. Así pois, nunha viaxe que vai e vén, que vén e vai, vivín desde dentro a dinámica de suplementos que simplemente desaparecen porque a empresa tamén o fai: velaí o caso do “Galicia Literaria” do *Diario 16 de Galicia*. Mais tamén seguín de preto o peche sorprendente de suplementos como o “Faro das Letras”, que gozou dunha vida de pouco máis de dous anos e que deixou aos seus colaboradores e lectores un tanto pampos cando a empresa –*Faro de Vigo*– decide clausuralo. Logo dun tempo tiven a posibilidade de exercitar a crítica literaria de libros galegos no suplemento “Culturas” de *La Voz de Galicia* ao longo duns meses, até que este tamén desapareceu no medio da incredulidade de numerosos lectores. Falo de experiencias negativas pero das que se extraen, penso, valiosas consecuencias. O peche daqueles dous suplementos foi axiña asu-

mido con certa normalidade polos máis dos lectores dun e doutro xornal, os máis importantes en número de lectores de Galicia, asiduos ou non, cunha aparente indiferenza da que é doado colixir que este tipo de información é residual, mesmo prescindible. Indiferenza, todo hai que dicilo, e que me parece aínda máis grave no caso dos libeiros interesados na promoción do que venden, no seo das casas editoras galegas, que no mellor dos casos se remexeron con certo desacougo pola desaparición dunha plataforma que, non se esqueza, supuña unha constante e continua publicidade para eles, para ben ou para mal, do que ofertan aos lectores, e mesmo, por que non dicilo, indiferenza dos escritores do noso sistema literario que, ao meu xuízo, e non se entenda como recriminación, penso que deberían erguer a voz para reclamar a existencia de algo que sería considerado como lóxico e razoable en calquera ámbito cultural e literario con certo grao de normalización.

Con todo, ambas as dúas empresas, logo dun período de silencio, resucitan estes proxectos pois talvez entenderon que un xornal sen suplemento literario ou cultural é coma un día sen pan, e aí asoma tamén, non podía ser doutro xeito, aínda que sexa como entrante ou sobremesa o libro galego. Proxectos semellantes –*La Voz de Galicia* de novo baixo o epígrafe de “Culturas” –anovado e sen dúbida máis atractivo pero onde o espazo dedicado ao libro galego é, a meu xuízo, cuantitativamente escaso–, e o “Faro das Culturas”, que recolle ou herda, grosso modo, o espírito e colaboradores do “Faro das Letras”, único suplemento literario de carácter semanal dedicado ao libro galego maioritariamente e en galego do país.

Refírome, e fago unha paréntese, coa insistencia a estes dous suplementos, mais sei, sabemos, que non é de rigor proceder a unha xeneralización pois son máis os suplementos literarios que se editan no país ou que incorporan atención crítica ao libro galego, velaí por exemplo o desaparecido “O Correo das Culturas”, mais non unilingüe nin centrado con exclusividade ao libro galego, como tamén algunhas páxinas dedicadas á crítica, nunha serie anterior, da “Revista das Letras” d’*El Correo Gallego* ou as seccións críticas d’*A Nosa Terra*, por presentaren estas un perfil dun lector xa gañado para a causa se se quer, nin tampouco á dúas veces lamentabelmente desaparecida *Guía dos Libros Novos* pois a concepción global do proxecto, a súa periodicidade e mesmo o seu público receptor sen dúbida xa era diferente.

O panorama de onde practicar a crítica xornalística de libros galegos na actualidade e no noso país é, por desgraza, bastante doado de sintetizar. Pasemos rapidamente por eles: en primeiro lugar, na prensa galega, só hai un suplemento literario semanal, con longos períodos vacacionais de ausencia, como é o “Faro da Cultura”. Unámoslle a isto a atención ao libro galego, en galego, outorgada no suplemento semanal “Culturas” de *La Voz en Galicia*, que no que atinxe á críti-

ca de literatura galega non vai máis alá de dúas páxinas habitualmente e non cómpre esquecer as páxinas de crítica d'A Nosa Terra que, nos últimos tempos dedican proporcionalmente bastante atención á crítica. Fóra disto, e desaparecidas plataformas como citei do «Correo das Culturas», mesmo as dúas etapas daquela «Guía dos libros novos» si hai que falar de suplemento *Protexa*, da man da revista Tempos novos, e desta propia revista.

Crítica xornalística noutras cabeceiras galegas, alén do espazo que se lle outorga nos últimos tempos no suplemento Luces da edición galega d'*El País*, é practicamente, até onde eu chego, esporádica, alén das páxinas que Xulio Valcárcel mantiña en *El Ideal Gallego*; dalgún espazo outorgado no suplemento Nordeste do *Diario de Ferrol*, e que un saiba, insisto pouco máis, e case que nada en *El Progreso*, nin no *Diario de Pontevedra*, nin en *La Región*.

Na Radio Pública de Galicia só cómpre falar do programa *Diario Cultural*, con sección semanal centrada especificamente na crítica de libros e outros que beirean o tema e outro programa semanal dirixido e presentado por Igor LUGRÍS. Na televisión, alén do programa *Libro Aberto*, de emisión semanal pero a meu entender arrombado a un horario nocturno que impide a súa popularización; alén da atención que se lle pode prestar ao libro galego nestoutro programa: *Miraxes...*, pouco máis cómpre sinalar.

No ámbito da rede poucas son as iniciativas ao respecto. Talvez o máis destacable veñan a ser as recensións publicadas no portal *Cartafol de Libros*, obxecto por veces de fortes polémicas, no portal de Vieiros, mais de periodicidade moi esporádica nos últimos tempos; unha sección ad hoc, interesante e rigorosa, en culturagalega.org lg3 literatura, ou algúns blogs nos que por veces se fai crítica: olevantadordeminas, asuvasnasolaina ou cabaretvolaire, acanciñondónáufrago... e algunhas outras.

Ollada a vista de paxaro, a este panorámica, talvez, insisto, un algo incompleta pero en xeral reveladora dos soportes existentes, gustaríame engadir unha reflexión: Se, segundo datos da Asociación de Editores en Lingua Galega, a edición en lingua galega experimenta desde finais dos anos setenta un crecemento significativo e a súa oferta achega en 2005 ao 1800 títulos (véxase cadro, fonte AEG) –o informe do Comercio Interior del Libro en España, de 2005 sinala a cifra de 1626 libros editados en lingua galega– e é máis que patente o despegue positivo nas cifras nun espazo de dez ou quince anos antes o certo é que o que debería ser tamén un despegue da crítica xornalística do libro galego nunca se levou a cabo e segue, coido, movéndose en cifras que poderíamos sinalar de resistencia. Unha segunda idea ao fío destes datos. O devandito informe fala de 1.626 obras, das que dous terzos están dirixidas a nenos e mozos e no noso caso cómpre salientar a forte relevancia que ocupan o libro de texto e mais a literatura infantil e xuvenil sobre o sector, tanto no que se refire ao número de títulos

como de facturación. Endebén, e malia que tamén medra o número de exemplares publicados –dos 2.245.092 do 2004 pasouse no 2005 a 3.421.166, o que tamén se corresponde cun aumento da tirada media por obra: de 1.961 no 2004 a 2.104 no 2005– o despece dos títulos novos publicados sería que o libro de texto representaría 498 títulos, aproximadamente os mesmos que a literatura infantil e xuvenil –polo común escasamente atendida pola crítica nos medios xornalísticos–; por outro lado a edición literaria representou 252 obras, mentres que os libros científicos e técnicos, 112. Isto é, dispomos dunha media aproximada dunha novidade por día susceptible, por se tratar de xéneros para un público amplo, de ser reseñada en espazos xornalísticos que acollesen os nosos traballos. De aí que moitos, moitos libros sexan recibidos en silencio e o feito que apareza máis dunha recensión dun mesmo título resulta algo extraordinario só explicable pola importancia do autor ou do título en si. E o silencio, talvez por veces é a resposta máis elocuente, mais tamén se cadra a máis agre e a máis dolorosa para alguén, por exemplo, que comeza.

Así e todo, e vinculado coa catividade da nosa presenza nos media non me resisto nunha oportunidade como a presente a facer unha reflexión non xa sobre a crítica do libro en galego senón ao que eu entendo como a desmedida atención que nos medios galegos se lles presta ao escritor de libros en castelán de xira promocional por Vigo, A Coruña, Compostela, Ourense ou Lugo para presentar a súa última obra premiada ou editada. E xa non falo, evidentemente, de crítica senón de información cultural ou literaria, que xa sería outro tema e no que eu me movo con receo. Algo que case acada dimensións grotescas, insisto que por contraste con autores galegos, cando ese escritor ou escritora sendo galego de nacencia é galardoado cun premio ou publica un libro en castelán. Non son eu quen nin sequera poña en dúbida o dereito de cadaquén a realizar a súa obra literaria na lingua que considere máis axeitada, pero o que ninguén poderá negar é que a presenza do escritor castelán nos medios de información galegos é moito maior cuantativa e cualitativamente que a atención que se lle presta ao autor galego.

Nos anos 1996 e 2003 participei, en senllas mesas redondas, sobre o mesmo asunto que aquí nos ocupa no que afondaba na idea, talvez nos últimos tempos atráida para o campo dos autores e autoras da literatura infantil e xuvenil en galego, da loita na crítica galega contra a invisibilidade; idea coa que basicamente estou aínda de acordo. Coido que na última intervención foi cando dei lectura a un fragmento tirado da *Antoloxía consultada da poesía galega 1976-2000* onde o seu editor, o profesor Arturo Casas, ao meu xuízo unha das mentes máis lúcidas no eido da crítica e da hermenéutica literarias, fragmento que non me resisto a ignorar:

Os esforzos no espazo xornalístico estiveron e seguen a estar moi pexados pola falta dun compromiso de mínimos por parte das empresas, dos

directores e dos consellos de redacción dos medios. Sería preciso outorgar maior continuidade ao labor crítico non só nos suplementos literarios sosti-dos senón tamén na información habitual. É apreciábel ademais a necesi-dade dunha dignificación desa encomenda, que de modo obrigado tería que pasar, para prestixiarse algo, por unha mínima especialización e profesiona-lización de xornalistas e colaboradores, tamén por unha mínima programa-ción dos obxectivos (...) Os casos excepcionais existentes, tanto na dirección de suplementos coma no traballo cotián nas redaccións, fundaméntanse adoito máis no voluntarismo individual e na resistencia cultural militante que noutros parámetros; e nun nivel empresarial, responden con toda obviedade a intentos de alcanzar e administrar unha especie de lexitimación ins-titucional e social. Aí tamén é determinante o grao e a entidade das esixen-cias dos lectores.

Son moitos os elementos que subliña con acerto Casas e que subscribo total-mente, ao que engado a idea de que se o noso traballo, tamén, tenta saír da invi-sibilidade significará tamén que o libro galego sae da invisibilidade no que, *mutatis mutandi*, aínda se mantén, por exemplo, nas máis das nosas librarías ou superficies comerciais...

A crítica xornalística convértese, en fin, nunha mostra resistente que beirea a marxinalidade informativa, e que evidencia aínda, non nos enganemos, a pre-senza case residual que nos medios supón o libro en lingua galega nos nosos medios, e non só no que atinxe á crítica literaria, senón a todo aquilo que ten a ver co proceso de consumo do produto literario, isto é, nese posprocesado “críti-co e necesario” que como outros o libro galego precisa.

Por outro lado permítaseme discrepar dunha sorte de lugar común reiterado moi comunmente que apunta á dificultade da crítica obxectiva en Galicia –arri-ba aludimos á imposibilidade da crítica obxectiva sempre– nun sistema literario coma o noso no que todos nos coñecemos. Falo por min mesmo e tras dezasete anos de práctica da crítica literaria nunca me sentín presionado por autores ou autoras que podía ter tratado episodicamente, ou mesmo por aqueles con quen tiña máis trato, ou por aqueles que descoñecía. Si teño recibido comentarios que apuntan á miña posible falta de independencia –que escribía para que me vol-veran favores...– ou que eu tiña, por algunha crítica negativa, “algo persoal” con algún autor que practicamente nin coñezo ou, case que a última, que outros escritores se suicidarían por un texto semellante ao que escribín.

A crítica literaria exércese desde unha atalaia de resistencia e de militancia cultural. Mais, dalgún xeito, a resistencia que se evidencia neste ámbito tam-pouco debe nin pode ser sorprendente porque aínda que poida parecer pesimista é un espello de nós mesmos, do peso da cultura nestes tempos en que se vive

tan de costas á cultura letrada, á cultura dos libros e se non hai vontade política de superar vellas eivas pouco, moi pouco, se pode facer. O curioso é que xa hai armas para combater e propiciar unha maior presenza do libro galego nos medios de comunicación xornalísticos e talvez falte vontade de poñelos en práctica ou talvez vivamos un momento de transición, oxalá, no que isto vai cambiar para mellor. A aprobación da denominada “Lei do libro e da lectura de Galicia” pode, e debe ser, un elemento que xa non facilite unha volta atrás. Permitídemme lembrar que o artigo 14 da devadita lei, titulado “Dos lectores e lectoras”, no seu apartado segundo afirma:

2. Para favorecer a información e a difusión do libro e do traballo dos creadores e creadoras galegos entre o lectorado, a Xunta de Galicia fomentará o desenvolvemento da crítica.

E no seu artigo 23, titulado “Medios de comunicación social” afirmase:

3. A Xunta de Galicia establecerá un sistema de axudas destinado aos medios de comunicación privados que editen suplementos semanais dedicados á promoción da literatura galega e a outro tipo de publicacións (en papel ou en calquera outro tipo de soporte) destinadas á promoción e á crítica literaria da produción editorial en lingua galega.

Malia o espazo residual que ocupa a información literaria e, sobre todo, o traballo crítico de libros galegos nos medios impresos, cómpre que as anteriores ferramentas se activen de vez para operar cunha necesaria discriminación positiva que nos conduza a gañar espazos para o libro galego.

Temos, xa que logo, ferramentas; temos produtos literarios, sen os cales a nosa actividade non tería razón de ser; temos lectores que, probablemente tamén dotados de espírito crítico, seguen os nosos traballos. Nace, entre nós, un espírito cooperativo e gremial que coído nunca se deu na historia da crítica e do que deberíamos tirar proveito no ámbito da reflexión e, xaora, no da reflexión sobre o noso traballo e as súas perspectivas de futuro. Agardo que estas reflexións miñas as entendédeses nese sentido e que estas Xornadas poidan converterse nun ricaz precedente que prefigure un cambio de situación, se cadra unha luz nun túnel que contribúa a saírmos de certa marxinalidade. A convocatoria destes encontros, pódovolo asegurar, e máis que o meu discurso o intercambio de pareceres e opinións, talvez como primeiro chanzo de cara á posible elaboración dun código deontolóxico para a crítica en Galicia, que considerase especialmente as nosas singularidades, tamén mo parece.

Arturo Casas, por *Xosé Manuel Eyré*

De Arturo Casas podemos citar unhas liñas autobiográficas da súa páxina WEB na *Biblioteca Virtual Galega*, onde se di que naceu na Coruña, alá polo inverno de 1958, e segue:

“Había uns penedos que lembro equivocadamente como colosais (1963). Despois, a pel das reses a secar e unha cabeza de vaca que aboia-ba a dez metros do areal, sobre unha corrente de sangue que marcaba o norte. Lembro tocala mentres nadaba, subir e ficar preso nela. Ningún recordo tan forte como esoutra vía láctea (1969), a beleza dos teoremas (1975-1978) e un congro (1973). Tamén a estrada (1984-2004) e a sensación de que hai un telexornal que non remata nunca (1989 até os nosos días). O resto vén sendo a teoría da literatura.”

Efectivamente, a teoría da literatura ocúpao en grande medida, como profesor que é da área de Teoría da Literatura e Literatura Comparada da Universidade de Santiago de Compostela. Participou como investigador en varios proxectos, como o chamado “Bases metodolóxicas para unha Historia comparada das literaturas na Península Ibérica”. Colaborou, como membro do “Equipo Glifo”, no *Diccionario de termos literarios (A-D, E-H)* do Centro "Ramón Piñeiro" (1998-2003). Da súa longa nómina de publicacións mencionaremos a coordinación e autoría nun capítulo de *Elementos de crítica literaria* (2004), e os libros dedicadas á Rafael Dieste, como a edición de *Fragua íntima. Aforismos (1926-1975)* (1991), e *La teoría estética, teatral y literaria de Rafael Dieste* (1997). É poeta, e tradutor e divulgador da poesía estonia, irlandesa, italiana e portuguesa.

En fin, son moitos e diversos os asuntos de índole literaria e metaliteraria aos que se dedicou. Ningún xénero literario lle é alleo, e proxectou luz sobre a obra de moitos autores. Ningún mellor ca el para informar sobre a crítica literaria académica en Galicia.



Arturo Casas.

A crítica académica da literatura galega: perspectiva e propostas

Arturo Casas

Constitúe un motivo de satisfacción a encomenda recibida dos compañeiros da Comisión Xestora da Sección de Crítica Literaria da Asociación de Escritores en Lingua Galega para ocuparme dunha análise relativa ao campo que determina o rótulo desta intervención. Asemade, sinto unha certa responsabilidade que non hai motivo para magnificar pero que aspiro a que configure de xeito estrito o marco analítico e prospectivo ao que me vou ater. Pretendo en consecuencia non acollerme a un expediente apenas descritivista do que houbo ou hai na crítica académica, inapropiado aquí e agora por canto falamos entre expertos e todo catálogo estorba. Por suposto, tratarei igualmente de evitar compracencias corporativas fóra de lugar. A idea que asumo é a de promover unha reflexión e un coloquio sereno pero de fondo sobre as coordenadas e condicionantes socioculturais, políticos e científicos nos que operamos, así como sobre as prácticas e hábitos que definen un traxecto e unha actualidade, os propios da crítica académica galega. Só nalgunha medida, non o oculto, entrariamos así no que noutras ocasións referín como o recorrente (e ás veces fatigoso) debate deontolóxico sobre a crítica, que sempre convén que saiba combinar o “deber ser” co “poder ser” a fin de non se limitar en exceso e de non prestar unha atención paralizante á *sospeita crónica* que a actividade crítica, en particular a de difusión pública, vén suscitando desde hai máis de dous séculos en case todas partes.

Permitídemme compartir unha convicción: creo que esta é unha hora crucial para a crítica literaria feita en Galiza, esfera que hai que apresurarse a indicar que non equivale á que poida representarse coa etiqueta “crítica literaria da literatura galega” e que me interesa moito implicar no debate. Creo ademais que corresponden nesta hora decisións individuais e colectivas –tamén por suposto

institucionais— que sería ilóxico adiar e que entre nós seguen pendentes. Sabemos que o estudo teórico-crítico do fenómeno literario como feito cultural, artístico, social... vive unha etapa de confusión non exenta de atractivo. Xa non nos valen, nin a nós nin a ninguén, certas receitas fomentadas desde automatismos metodolóxicos caducos. Un dos panos de fondo da situación está constituído evidentemente polas mudanzas experimentadas polos Estudos literarios, e en xeral polas Humanidades, no seu desenvolvemento disciplinario e na súa presenza curricular nos diferentes niveis formativos de ensino medio e universitario. Con respecto a isto último, faise preciso un pulo efectivo que dinamice debates ligados a procesos inmediatos e imparábeis, sinaladamente os que xiran arredor de referentes como a Declaración de Boloña e outros marcos de converxencia, homologación e internacionalización non limitados ao espazo educativo europeo nin tampouco a unha concepción eurocentrista da racionalidade ou da cultura. Desentenderse de determinados rumbos (se se quere *globais*) por apelación a posíbeis programas historicamente inacabados ou insatisfeitos en marcos locais non conduciría a nada, nin sequera á salvagarda deses presuntos programas irrenunciábeis. A tarefa, sen dúbida moi complexa, non é outra que a dunha combinatoria até hai pouco insólita na que non estamos sós, por canto en realidade é a tarefa que corresponde encarar á maior parte das literaturas que non alcanzaron o privilexio dunha normalización histórica continuada e nalgún sentido experimentada *desde dentro* como *plena*. Por expresalo coa maior claridade diría que o reto consiste en facermos compatíbeis e simultáneos dous procesos: en primeiro lugar, complementar e revisar unha tradición crítica propia definida por unhas competencias fundamentalmente nacionais, con certeza inseparábeis dun prisma historiográfico; en segundo lugar, actualizar obxectivos e métodos da crítica indo se for preciso fóra/contra (d)ese proceso inicial e aceptando que historia literaria e crítica non teñen por que ser, sempre e a toda hora, *figuras semellantes*. Isto traduciríase nunha disposición aparentemente bifronte entre o programa-tipo de construción nacional e un correlato case desprogramador ou de subversión (transnacional?, posnacional?) daquela folla de rota herdada do XIX, entre nós preservada con afouteza intelectual e política antes do 36 mercé ao labor das Irmandades, da revista *Nós* ou do Seminario de Estudos Galegos. A pregunta é: quen estaría en condicións de se responsabilizar da asunción dese reto non disímil a primeira vista, só a primeira vista, dos quefaceres dun Sísifo ou dunha Penélope post-humanistas?

Como profesor universitario e como coordinador que fun dun programa de doutoramento pluridepartamental en Estudos literarios orientados en sentido teórico-comparado, estou en condicións de testemuñar que de Facultades como a de Filoloxía da Universidade de Santiago saíron nos últimos oito ou dez anos promocións de licenciados e diplomados en estudos avanzados cun alto nivel en for-

mación e competencias, promocións sobradamente capacitadas para renovar e actualizar o noso discurso crítico e metacrítico malia o seu acceso ao mundo profesional no campo de especialización propio estar marcado pola precariedade e a falta de sitio. A situación que describo probabelmente é similar noutros campus do país e noutras especialidades humanísticas. A miña confianza está depositada sobre todo nestas promocións plurais en lecturas e intereses, decididas á hora de someter a proba métodos e certezas doutro tempo ou do seu. Non se precisa ningunha disfunción bipolar nin ningunha ciclotimia heurística para aceptar ese reto, no que resulta obvio que batallan tamén a carón dos novos algúns colegas experimentados.

Sen desatender esta orde de cousas –currículos cambiantes, converxencia internacional, novas perspectivas e voces críticas– desexaría poñer en práctica de seguido un ton expositivo que acaso nalgunha alínea poida interpretarse como controvertido e aínda polemista pero que espero sexa recibido como non carente de pertinencia. Antes de máis, hai algúns presupostos que convén deixar anotados polo menos de xeito esquemático. Pesia o seu carácter xenérico salientareinos agora porque son relevantes para falar da crítica galega, segundo haberá ocasión de comprobar. Xiran en torno aos seguintes tres aspectos: 1) a delimitación entre crítica académica e crítica xornalística, 2) a situación da crítica no espazo xeral dos Estudos literarios e culturais, e 3) a performatividade do discurso crítico.

Canto ao primeiro existen algunhas confusións. Ás veces o debate fica establecido en termos absolutos que aspiran ou ben a localizar marcas específicas da crítica académica fronte á crítica xornalística ou ben negan estatutos diferenciados para as dúas actividades. Como mínimo habería que aclarar algo sobre a comunidade asociada á produción-consumo da crítica e algo tamén sobre a funcionalidade e a lóxica interna da intervención e do discurso crítico. Así, por unha banda, non parece que a día de hoxe os grupos de produción e recepción da crítica xornalística e da crítica académica delimiten colectivos separados e diferenciábeis; máis ben, os axentes e destinatarios que operan nun e noutro terreo coinciden. As críticas xornalística e académica constitúen de feito prácticas culturais e discursivas que progresaron no tempo cara unha relativa indiferenciación, o cal afecta a unha parte dos soportes implicados (suplementos e revistas basicamente, non tanto ás monografías) pero atinxe ante todo aos participantes. As motivacións principais deste proceso poderían ser estas tres: a desactivación postestruturalista da confianza nos saberes nomotéticos e na Gran Teoría co seu aparato de leis e de certezas; a tentación mediática vivida desde a academia como operativo garante de visibilidade, influencia e nalgúns casos tamén de ingresos; e, finalmente, a emerxencia dun novo pacto crítico que na posmodernidade se configurou sobre notas como a inestabilidade identitaria dos obxectos de

estudo crítico (obras, autores, épocas, poéticas...), unha relación máis informal e menos distante entre analistas e obxectos de análise e finalmente a inespecificidade do texto crítico, ás veces abeirado incluso ao territorio da ficcionalización, da ego-documentación ou doutras variantes constitutivas de relatos dun eu vivencial (algo moi potenciado nos últimos anos polos foros de discusión en Internet e pola consolidación da blogosfera).

Segundo isto, facer crítica na posmodernidade, facela despois de Barthes, Kristeva, Foucault, Butler..., sendo conscientes de que se escribe e se le despois deles e delas, deixou de implicar un compromiso coa localización e explicación dunha identidade esencial e única de textos/autores/contextos ou a necesidade de adoptar formas discursivas e argumentativas ríxidas, derivadas e servidas duns poucos postulados teóricos explícitos, ás veces tan vaporosos ou cuestionados como os seus conceptos-guía de referencia: *xenio, estilo, literariedade, reflexo, expresión, forma...*, ou tamén *orixes, literatura nacional, suxeito* e outros. Facer unha crítica leal ao noso tempo deixou igualmente de limitarse a reformular a vella tarefa filolóxica de reconstrución de contextos histórico-culturais a través dun acceso pautado a textos previamente depurados pola crítica textual.

Neste marco teño falado algunha vez de “crítica vicaria” para identificar aquelas prácticas normalizadas de regulación e autorización directamente dependentes de abstraccións como *o gusto, a tradición, o espírito...* ou de ideas normativas como *fe, progreso, patria* e outras. A crítica foi nese marco a miúdo un discurso monolóxico e ecoico de lexitimación que poderes estatais, económicos, ideolóxicos... articularon e publicitaron como mecanismos de transmisión de valores e posicións ben concretos; ás veces, debe recoñecerse, sen darse na persoa do *crítico afecto* unha consciencia plena desa funcionalidade nin dese lugar desde o cal se emiten ecos revestidos de criterios autónomos. O mundo académico incorporou esa disposición a través dun saber técnico máis ou menos regulador, indisimulado en tempos con rótulos do tipo *prescritiva literaria*. Talvez por isto, no seu esquema tripartito da crítica, Paul Bové sinala unha primeira categoría que sería a dos educadores funcionais a unha ideoloxía non percibida como tal. É asombroso que ese protocolo chegue a darse en académicos e eruditos que cren ocupar un lugar moi distinto e moi distante ao que a súa intervención e os efectos socioculturais e políticos do seu discurso realmente delimitan no campo da crítica.

En definitiva –voltemos atrás para recuperar o fío argumentativo–, a creba do estruturalismo suscitou unha remuda dos tradicionais monólogos vicarios e dos automatismos teórico-críticos por unha crítica máis interactiva e menos heterónoma. Asumir a nova situación favoreceu a aparición dun espazo de escritura crítica afastado dos perfís discursivos moderno e premoderno, nos que a cientificidade e aínda o rigor académico reitero que foron percibidos como unívocos a

partir da fundamentación da Historia literaria baixo dependencia de premisas de xorne positivista-historicista postas ao servizo de causas nacionais.

Porén, segundo se suxeriu, si que existe unha vertente na que crítica xornalística e crítica académica diverxen hoxe con claridade. Onde a primeira –cando funciona profesionalmente e non é residual– se suxeita en especial a unha lóxica informativo-valorativa de mercado, coa ollada posta na promoción de novidades e nos acelerados ritmos da industria cultural, a segunda obedece a mecanismos de coñecemento/divulgación en principio máis complexos e retardados, que teñen que ver, de novo principalmente e non só, coa distribución do capital simbólico que aspira a alcanzar o propio crítico mercé ao recoñecemento dos seus pares e cos procedementos orgánico-administrativos habilitados por universidades, centros ou grupos de investigación, e, en fin, coa homologación dos organismos oficiais de soporte e control técnico (só técnico?) da actividade investigadora. En especial en culturas administrativas como a nosa que non dan asimilado o pragmatismo e a flexibilidade necesarios nese terreo, o habitual é que esta complicada engrenaxe de intereses e dependencias favoreza e lexitime a xerarquización dos axentes e limite seriamente o dinamismo da investigación.

Como é natural, todo o que se acaba de dicir precisaría pormenorizadas maticións, en especial por referencia a campos literarios nos que a súa propia existencia como tales está en cuestión xusto por unha relativización da súa autonomía. Sería con probabilidade o caso do campo literario galego, tanto no que atinxe á parcela da crítica xornalística coma no que afecta á académica.

O segundo e o terceiro aspectos antes mencionados vounos referir de maneira menos detallada. Fareino ademais conxuntamente porque é acaído facelo. É obvio que a crítica non conforma unha práctica illada. En realidade, vincúlase a un marco disciplinario amplísimo cada vez máis difícil de acoutar e que a día de hoxe está moi afastado do que representa a vella Filoloxía e de presupostos que se limitan a entender a literatura como unha extensión ou unha aplicación da lingua. Desde os presupostos tradicionais, a crítica literaria asóciase a un intento de analizar o específico e o individualizado. Por excelencia, a obra literaria. Con tanta insistencia se repetiu esta clave que para moitos resultará non só heterodoxa senón mesmo insensata a idea de que a crítica literaria pode ocuparse de algo distinto das obras escritas nunha determinada lingua. E o certo é que pode. Diversas correntes idealistas postularon a maiores que o acceso crítico a cada obra e a cada autor é intransferíbel e depende en última instancia dunha compatibilidade excepcional coa ollada analítica dun crítico tocado non só pola pericia técnica senón ademais por algunha empatía expresiva ou espiritual. A preeminencia de obras e autores sobre calquera outro obxecto de investigación foi unha consecuencia lóxica deses presupostos, unha consecuencia longamente instituída e moi viva por certo no campo crítico galego, coutado así mesmo en exceso polo corsé filolóxico. Alén

diso, ese protocolo crítico que se describe propendeu de forma habitual a engarzarse en dispositivos seriais e mecánicos de adscrición novamente historicista. Por esa vía a crítica converteuse con frecuencia nunha práctica ancilar da historiografía literaria. Algo sobre o que nós tamén atesouramos experiencia. Con todo, a realidade é que existen moitos outros obxectos susceptíbeis dunha análise crítica á marxe da omnipresencia cegadora do que se chamou “obra en si” e da centralidade dunha autoría/autoridade concibida como algo asediábel e comprendida sobre a base de que toda identidade está dada e non só pode desvelarse e explicarse senón que é susceptíbel de clausura en canto obxecto de coñecemento (con axuste final ao expediente “isto xa o estudou X e non hai máis que engadir”).

Afirmo que é misión dun discurso teórico-crítico comprometido co tempo noso cuestionar estas bases e dotar de evidencia a posibilidade doutra crítica. Basicamente máis dinámica, máis dialoxística, máis autorreflexiva e innovadora e máis plural en obxectivos e metodoloxías. Significa todo isto desentenderse do binomio autor-obra? De ningún modo. Significa tan só aceptar que esa polaridade non ten por que seguir monopolizando a atención.

A respecto disto retomo o vector sociocultural e político que antes foi mencionado como *performatividade da crítica*. O discurso e a intervención críticos posúen unha forza heurística extraordinaria: están capacitados para sinalar e evidenciar problemas sociais e culturais e apostar por solucións alí onde outros discursos se limitan a reflectir o con-sabido ou o pactado, incluíndo aí todo o que se decidiu silenciar como inoportuno ou irrelevante por algunha clase de poder e mesmo polos contrapoderes satélites. A crítica é quen de iluminar cun sentido mobilizador e emancipador eses ocos e pode contribuír a consolidar un espazo público menos inercial e alienado. Sobre todo porque dispón da potencialidade precisa para transformar a nosa percepción dos discursos e das prácticas sociais e culturais, dos códigos axiolóxicos, estéticos e ideolóxicos da dominación, das súas condicións de enunciación e da súa incidencia social e política. Por tanto, a crítica ten na man transformar tamén a nosa percepción da realidade e en última instancia a propia realidade. Nese sentido, constrúe o mundo e, en consecuencia, debería deixar de contemplarse e sobre todo de usarse como elemento subsidiario ou ornamental, como crítica mansa, como crítica inane.

Chamaremos aínda a isto *crítica literaria*? No meu criterio, non habería problema ningún para facelo, pero como se sabe hai quen prefire empregar o rótulo de *crítica* ou *análise cultural*, ou mesmo o de *teoría crítica*. Enunciado este longo preámbulo e tendo presente o carácter de foro aberto que con bo xuízo estipulou para esta xornada a Sección de Crítica, pretendo a continuación entrar en territorios de maior concreción e suxerir algúns posíbeis puntos de debate que será un pracer retomar logo coa colaboración de todos. En simultaneidade, reaparecerán varias das notas que até aquí se foron mencionando.

En primeiro lugar habería que dicir algo sobre a vehiculación da crítica, sobre o seu soporte, que na actualidade non é só impreso, o cal ten unha transcendencia polo de agora non doada de calibrar. Falaremos, pois, de monografía, edicións e revistas. Nos Estudos literarios galegos, como é xeral no eido do que nalgúns lugares se identifica como Iberística, é serodia e insuficiente a presenza de edicións críticas. Case podería dicirse que é excepcional o mantemento de series por parte de editoriais tanto públicas coma privadas. Unha colección como “Clásicos Galegos” de Sotelo Blanco, que recupera algo de forza nestes últimos anos, non chega a sumar unha ducia de títulos nun total de quince anos de catálogo des que apareceron as edicións da obra poética de Manuel Antonio e Amado Carballo. Comparar esta situación coa que alcanzou por exemplo a Xermanística a partir do século XIX non conduce a nada. Son tradicións moi distantes e afectan a corpus históricos tamén moi diverxentes. Trátase de algo non prioritario para o noso debate actual pero fago a referencia porque é constatable unha nostalxia filolóxica en relación con esa enorme lagoa, nalgunhas sensibilidades constitutiva dunha eiva ou pecado orixinal que marcaría ao conxunto dos nosos Estudos literarios. Eu non concordo.

A escaseza de revistas crítico-literarias non é susceptíbel de explicarse por motivos simplemente relativos á dimensión do que tantas veces se apela como *sistema literario* ou ás prácticas endogámicas e de relativa falta de atención mutua que ese mesmo tamaño e as condicións demográficas ou doutra índole poñan favorecer. Sobre isto só deixarei apuntada a confianza en que a renovación apreciable na práctica totalidade das poucas revistas especializadas que se publican aquí –non só nas dun abano máis amplo, como *Grial*, o *Boletín Galego de Literatura*, *Agália* ou o *Anuario de Estudos Literarios Galegos*, senón tamén noutras de orientación máis específica centradas en estudos de xénero, estudos teatrais ou tradutoloxía, sen esquecermos a singularísima *Trabe de Ouro*– se vexa acompañada desde o exterior pola emerxencia dos Estudos Galegos en universidades de distintos países. Se empresas como as dos *Cahiers Galiciens* bretóns, o *Almanach Galicyjski* cracoviano e outras varias traspasaron un limiar de simple comparecencia, o certo é que a madrileña *Madrigal*, a inglesa *Galician Review*, o *Anuario del Centro de Estudios Gallegos* da Universidade de la República en Montevideo ou a alemá *Galician Magazin* amosan a día de hoxe unha traxectoria consolidada. A elas sumarase axiña un atractivo proxecto alentado desde as universidades escocesa de Stirling e galesa de Bangor coa cabeceira *Galicja XXI*. E de novo neste segmento temos que contar coa progresiva confluencia con redes de investigación abertas a espazos xeoculturais e lingüísticos como o da lusitánica, o dunha hispanística expandida, o dos estudos atlánticos ou a vella románica, esta moi activa e propicia aos estudos críticos sobre a cultura galega en academias como a alemá. É preciso aproveitar ese movemento expansivo con

naturalidade e saber dialogar con el sen forzar un protagonismo excesivo, asimilando as escalas dos mapas académicos usuais nas universidades estranxeiras, asumindo os diámetros reais que nos definen pero tamén traballando sen pausa por ampliar espazos e configuracións mentais. É conveniente escoitar atentamente o que colegas formados noutras tradicións din sobre a nosa cultura e a nosa literatura. Facelo sen a soberbia intelectual coa que por exemplo foron recibidas nalgunha ocasión as achegas da iberística centroeuropea e anglosaxona ao longo do século XIX, inexactas e impugnábeis en numerosos aspectos pero coa determinación suficiente para conformar espazos de reflexión académica e mesmo narrativas nacionais impagábeis como contributos para a simple activación dunha historiografía literaria propia. Ademais, o outro é adoito quen mellor nos retrata, quen máis cabalmente traza o noso perfil cultural e mesmo, nun nivel complementario, a nosa socioanálise como investigadores do propio. Demóstrano as tan lúcidas coma divertidas argumentacións de Kirsty Hooper, profesora da Universidade de Liverpool, no *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos* de 2005 (p. 67) a propósito do que González-Millán chamaba “mecanismos que constitúen e lexitiman a narrativa cultural galega”, todo en relación coa posibilidade de que o *proxecto nacional* deixe de ser a exclusiva “forza motivadora dos estudos culturais”.

Secasí, non abonda con empresas como estas que se detallan, tan vinculadas a conxunturas específicas e a empeños persoais dignos da maior estima. É innegábel que se precisa unha acción exterior máis decidida por parte da Xunta de Galiza, das fundacións e das institucións culturais de noso, comezando pola inexplicabelmente demorada creación do Instituto comprometido nos programas electorais das dúas forzas políticas que comparten o goberno. Pero hai iniciativas menos onerosas. A existencia dun medio como a semestral *Catalan Review*, editada pola North American Catalan Society desde 1986, constitúe un magnífico exemplo dun camiño posíbel por percorrer, tanto pola súa liña de publicacións coma polo propio carácter catalizador da revista na academia norteamericana.

As monografías constitúen outra esfera merecedora de atención. Un primeiro problema é a súa delimitación tendo en conta os marcos ás veces difusos co ensaio e coas variantes textuais da divulgación, da biografía intelectual e da reportaxe. Non é por suposto algo que nos afecte en exclusiva pero si aprecio neste terreo unha porcentaxe bastante elevada de textos críticos dirixidos a grupos de lectores non expertos. Permitíndeme introducir algúns datos, que tomo dos *Informes de Literatura* do Centro Ramón Piñeiro, dirixidos por Blanca Roig, e da presentación publicada o pasado día 16 de setembro por Manuel Bragado no seu blog *Brétemas*. A fin de non complicar a percepción dos datos concentrarémonos só nos relativos a 2005. Nese ano publicáronse en Galiza 2.770 libros rexistrados no ISBN. Deles, incluídos os libros de texto, 1.826 en galego, cun 68%

correspondentes a editoras privadas e un 32% a editoras públicas. Desta última porcentaxe, que representa un total de 578 títulos, só 25 procederon dos servizos de publicacións universitarios (atención: menos do 1,4% do total de libros publicados en lingua galega nese ano). Ofrecen tamén interese estoutros datos: en 2005 publicáronse algo menos de 90 monografías sobre temática literaria galega (non se contan aquí as relativas á etapa medieval); delas algo menos da cuarta parte dedicáronse ao escritor homenaxeado no Día das Letras, Lorenzo Varela, e máis de dous terzos do total de 90 enfocaron directamente a obra ou a personalidade dun autor ou autora singular.

Cadros como o anterior deixan ver a dependencia que a crítica académica galega mostra respecto ás efemérides, moi especificamente respecto ao Día das Letras. E así mesmo demostran algo que xa se mencionou con anterioridade: unha insistencia abafadora na centralidade da figura autorial e na súa comprensión historicista. En definitiva, no eixe que Foucault distinguíu como *función-autor* e en todas as regulacións derivadas. Son varias as conclusións inmediatas. Relacionarei a seguir só as que parecen de maior importancia considerada a recorrencia e a énfase coas que se manifestan algunhas pautas, que por suposto nin son xeralizadas nin se plasman por igual en relación cos diversos obxectos de estudo. Observarase que varias das pautas destacadas dependen nun alto grao da tensión que a crítica decide fixar entre o rigor e a divulgación. Vaíamos con elas: entre nós a crítica académica asóciase con máis frecuencia da conveniente á homenaxe e á celebración, é nominalista en exceso e propende ao relato lexitimador e ao locus retórico que Curtius denominou *sobreloxamento* (*Überbietung*), abéirase perigosamente ás veces á erudición e ao biografismo, forza a unidade e a univocidade da obra para facela máis comprensíbel, ignora en consecuencia a posibilidade da contradición, subordínase a miúdo á constitución e afianzamento do canon, carece de dinamismo á hora de revisar as escollas repertoriais e doutro tipo incorporadas á canonicidade e de por parte ignora a localización central ou periférica de autores e de repertorios mediante o expediente de anular as marxes do sistema (que como destaca Xurxo Borrazás en *Arte e parte* non existirían en canto tales para unha maioría dos críticos). A xustificación e a lexitimación, a carón disto último, inducen facilmente actitudes rescataistas, por canto adoitan aspirar a homologar ou “poñer en valor”, como se di agora, textos e autores que porén se desvirtúan no momento de colocalos en posicións sistémicas que en absoluto lles corresponden nin lles corresponden. Todo o anterior é formulábel en termos máis concisos: a crítica académica galega ten que decidir o interlocutor que quere ter.

Parecería oportunista tirar dese fío para cuestionar un referente institucional como o Día das Letras. Non é a miña intención. Pero tampouco obviarei unha consecuencia sobre a que paga a pena pararse, sobre todo visto que a cuestión

non é tan menor á luz de cifras como as recién citadas. Un pode preguntarse cantas monografías ou sequera estudos se publicaron sobre Blanco Torres despois de 1999, ou sobre Bouza Brey despois de 1992, ou sobre Leiras Pulpeiro despois de 1983. Con probabilidade, moi poucos. As convocatorias críticas asociadas a conmemoracións suman dous efectos perversos: en primeiro lugar promoven unha enxurrada de publicacións simultáneas, incapacitadas para se teren en conta mutuamente porque surxen á vez, e en segundo lugar inducen un ermo crítico posterior ás veces moi persistente no tempo. Contempladas desde un prisma algo caricaturesco cabería dicir que son ruído seguido de silencio. Coartan o debate e o diálogo crítico, en suma. Por suposto, non é esta a única perspectiva aplicábel ao caso, en especial contemplado nesa clave institucional aínda tan protexida. Pero estoutra perspectiva tamén ten que estar sobre a mesa.

Segundo se sabe, o teleoloxismo asociado ás narrativas nacionais deixa pouco espazo para as rupturas, as heterodoxias, as inestabilidades e as discontinuidades e presta todos os focos á autoridade e á orde. A excepción por razóns de xénero, de etnia, de orientación sexual, de opción ideolóxica ou relixiosa, de subalternidade social ou colonial..., encaixa con dificultades no teleoloxismo. Cando se produce unha connivencia estreita entre historiografía literaria e crítica todas esas marcas se trasladan ao espazo crítico e nel abrocha igualmente a exclusión e a obliteración das marxés. A indistinción historia-crítica provoca este efecto pernicioso contra o que cómpre estarmos advertidos e que en situacións de normalización académica adoita favorecer a aparición de contra-relatos e contra-historias. Hai algo daquilo e disto na crítica académica galega? Haino, sen dúbida, e máis do primeiro (exclusión das *anomalías* e das marxés, tamén do marcadamente experimental) que do segundo (respostas rectificadoras ou contraplanos). Pero máis que entrar nese debate estimaría a aceptación por esta audiencia doutro alternativo que pasaría xustamente pola atención aos novos paradigmas teóricos e posteóricos, pola atención á realidade posnacional e pola colaboración entre estudosos do fenómeno literario e da cultura en xeral. Entre as marcas do que con algunha altisonancia se denomina *condición posteórica* nos Estudos literarios hai algunhas que agora podemos referir tomándoas dos esquemas de Fernando de Toro, Ivan Callus e Stefan Herbrechter. Destaco cinco: a institucionalización e a internacionalización da teoría, a lexitimidade e produtividade de facer teoría e crítica situando fronte a fronte epistemoloxías en conflito, a quebra dos límites entre disciplinas e áreas de investigación, a proxección do pensamento posteórico na correlación cultura-política e a incorporación ao debate da produción proveniente de espazos xeoculturais e identitarios marxínados.

Antes defendín a interdependencia das disciplinas enmarcadas nos Estudos literarios e culturais, e deslicei así mesmo unha consideración sobre a conveniencia de non limitar a crítica literaria feita en Galiza á crítica literaria da lite-

ratura galega. Aquí, como en todas partes, conviven investigadores da cultura propia con investigadores doutras culturas e literaturas, ou tamén da cultura de masas; porén non chega a propiciarse máis que excepcionalmente un espazo común de diálogo capacitado para se ocupar como mínimo de cuestións de método e do transfondo teórico da tarefa crítica. Sería moi útil para todos incrementar o esforzo e non limitalo a un nesgo de natureza comparatista ou a un horizonte estético. A actividade crítica precisa dun discurso teórico que non ten que estar necesariamente atrás pero si polo menos a carón del. Sen posición teórica non hai crítica plausíbel: hai impresionismo ou publicidade.

A proposta que defendo pasa por minorar a dependencia filolóxico-historicista-nacional da crítica e situala nesa dimensión nova representada co marbete *posteoría* e cuns estudos culturais de base comparativa nos que o foco se move-se de forma máis flexíbel e dinámica. Para nós iso representaría, entre outras cousas, superar de vez o reconstrutivismo contextualista e asumir a textualidade da historia, denunciar toda clausura identitaria e propiciar iluminacións intercontextuais cruzadas, aceptar o reto da tensión entre referentes de nacionalización e referentes posnacionais, observar as relacións interartísticas e intermediais, as dadas entre as diversas modalidades do coñecemento crítico –de ciencia a filosofía– e entre estes e os medios de comunicación no espazo público, situarse perante a hipertextualidade e a cibercultura, entrar algo máis a fondo no que significa en realidade o que nomeamos tantas veces *sistema literario* sen ser conscientes de cómo o concepto e a metodoloxía subverten moito máis do que parece... Representaría todo isto e moito máis.

A proposta pasa igualmente por unha reformulación do correlato lingua-literatura que en termos prácticos suporía reclamar unha emancipación epistemolóxica e orgánica talvez de demasiadas cousas. Hai uns anos, por cinguida referencia ao labor de Xoán González-Millán neste campo multipolar, tiven ocasión de reordenar algunhas claves tirando simplemente dos fíos que teceron o pensamento e o programa de investigación do noso lembrado colega. Remito agora a ese artigo, “A teoría crítica da cultura e a planificación dos estudos socioculturais”, se alguén desexar unha ampliación da análise.

Para rematar, gustaríame facer unha mínima observación xusto sobre un deses fíos aos que o autor de *Resistencia cultural e diferencia histórica* regresaba con asiduidade. En concreto, a planificación da praxe teórico-crítica, asunto que en 1992 vertebraba con palabras e argumentos hoxe plenamente vixentes a brevísima “Presentación” dun *Anuario* que entón nacía. Penso que este é o momento oportuno para que as administracións e as universidades promovan non só o Instituto ao que antes se fixo mención, centrado na proxección cultural de Galiza no exterior, senón ademais un órgano para a investigación literaria que nalgún sentido puidese recoller os retos e tarefas pendentes que acabamos de repasar, unha

institución comparábel, aínda que for a escala, a centros como o ILG ou o Ramón Piñeiro pero con adscrición orgánica e perfil funcional e académico ben diferenciados. Unha das plurais tarefas dese centro novo, que coa maior prudencia que- rería eu nin desafecto á filoloxía nin moito menos inscrito nela, sería a de man- ter vivo o debate sobre a crítica, comezando xa por estudar e dar a coñecer as especificidades e as converxencias da nosa propia tradición teórico-crítica, asun- to que sintomaticamente se mantén fóra de axenda desde sempre e sobre o que semella complicado comprometer esforzos.

Mesa redonda

*A crítica literaria fóra de Galiza:
os casos portugués, catalán, vasco e español¹*

1. Por Olivia Rodríguez González, responsable tamén da transcripción das intervencións e das traducións ao galego de dúas delas. Lamentamos que do coloquio co público non poidan oírse con claridade as intervencións desde a sala nas gravacións realizadas, polo que só se transcribe o dito na mesa polos catro participantes, dos cales Joan Josep Isern e Abel Barros Souto se expresaron en castelán e portugués, respectivamente, e aceptaron ser traducidos ao galego para esta publicación.



Abel Barros Baptista, Iratxe Retolaza, Olivia Rodríguez, Angel Basanta e Joan Josep Isern.

Joan Josep Isern

Pertence á Secció de Crítica Literaria da Associació de Escriptors en Llengua Catalana. Escribe no xornal Avui, e nas revistas Caràcters, Serra d'Or, Quimera e Qué Leer, publicación esta última na que se encarga da sección sobre literatura catalá. Se ben opina que “Internet non puido co libro”, non deixa de lado este medio de comunicación onde podemos consultar o seu Blog “Totxanes, totxos i maons”. O pasado catro de setembro aparecía neste caderno de bitácora un texto dedicado á crítica literaria co gallo da xuntanza que nos trae a Compostela, cousa que lle agradecemos pola publicidade que isto puido deparar no ámbito catalán á a nosa organización de críticos galegos. En relación con isto el poderá falar-nos do “síndrome de Wikipédia”, segundo o cal, todos achegamos información, pero non hai árbitro que a dirixa.

Empezarei dando uns datos estatísticos brevísimos. É importante, como se dixo esta mañá, sinalar o lugar desde onde o crítico fala, polo que comezarei dicindo que non pertenzo á comunidade universitaria, e que, de estar vinculado a algunha, estou máis achegado á profesión periodística. Vou falar da literatura catalá, a que se escribe e se publica en catalán. Para situar a dimensión do sector editorial catalán, apuntarei uns datos da Federación de Gremios de Editores en España que indican, para o ano 2005 –a última exploración feita–, un total de 30.700 libros publicados, dos cales, 21.500 son en lingua castelá; e 9.000, en lingua catalá. Deses 9.000, aproximadamente o 40% son literatura propiamente dita: 1.600 libros de literatura convencional, e 2.300 de literatura infantil e xuvenil. Fago esta separación porque, a nivel de crítica literaria, a literatura infantil e xuvenil non existe, e en cambio é a que se defende mellor, e non só cuantitativamente. Cando nos preguntemos se a crítica serve para algo, podremos responder, para empezar, que á literatura xuvenil e infantil en lingua catalá de ben pou-

co lle serve. Destes 1.600 libros, o 80% son orixinais cataláns; e un 20%, traducións. Estou falando dun sistema –separo a literatura infantil e xuvenil– que xera aproximadamente catro libros por día.

Esta mañá organizouse a sesión en dúas partes: crítica nos medios de comunicación e crítica académica. Por esta última enténdese aquela crítica que, desde a distancia temporal respecto do momento da publicación dunha obra determinada, desde a liberdade que dá non ter límites de formato, extensión ou periodicidade impostos polo medio de comunicación, xulga, valora, sitúa, compara, analiza, orienta, avalía e decide que é o que vai quedando na tradición. Vou utilizar unha palabra maldita: é a crítica que fai *canon*. Se hei de falar desta crítica, que se atribúe normalmente á Universidade, teño que dicir que en Cataluña hai bastantes anos que desapareceu en combate. Practicamente non a temos. E cando existe, é a propósito de conmemoracións. Non temos escritor do ano, pero si centenarios: Josep Pla, *Tirant Lo Blanch*, agora estamos comezando con Mercè Rodoreda, que xeran, si, algunha cousa. Pero, en todo caso, non é o papel que noutras épocas xogou a crítica académica.

O que temos é bastante opinión nos medios de comunicación, sobre todo escritos, e principalmente en xornais. En forma de suplemento cultural, suplemento literario e suplemento de literatura catalá, con esta gradación. Vou pasar polos seis diarios de maior circulación en Cataluña: *El País* ten cada xoves un caderno cultural semanal de oito páxinas, separable, no que se fan entre dúas ou tres críticas de libros cataláns. *La Vanguardia* ten un suplemento os mércores, de cores, separable tamén, que é cultural: fálase de cine, deseño, arquitectura, libros. Crítica de libros cataláns, fanse tres ou catro por número. *El Periódico* é raro: saca os xoves un suplemento de fin de semana, de gran formato, dentro do cal hai un caderniño central dedicado a libros. O promedio é de tres, catro, ás veces cinco críticas –cando se achega Sant Jordi– de libros cataláns. *El Mundo* ten un suplemento cultural os venres, con todos os temas posibles, e con dúas críticas á semana aproximadamente. *El Punt* é máis modestiño, integramente en catalán. Non ten suplemento, pero os xoves dedica dúas páxinas íntegras a falar de libros, e xeralmente son libros en catalán –dous ou tres–. O *Avui*, onde colaboro, desde hai 18 anos saca un suplemento de cultura onde teñen un papel moi importante a crítica literaria e o libro catalán: dez ou doce libros coméntanse por semana. En Valencia e Baleares hai outros periódicos que non sigo. Teñen algunha páxina dedicada á edición en catalán, pero tamén proporcionalmente a edición é moito menor neses lugares.

Temos un repertorio de revistas que se ocupan do tema: Un semanario de información xeral, *El Temps*, editado en Valencia, cun par de páxinas de crítica literaria; *Serra d'Or*, mensual, con dúas páxinas de recensións de libros en catalán. Unha revista mensual, *Benzina*, cun apartado máis misceláneo, de libros

cataláns ou traducidos, e mesmo de libros en castelán. Hai revistas de análise sociolóxica, cunha periodicidade bimestral ou trimestral, que ofrecen recensións de novidades en libros. Poñería como exemplo distinguible a revista de Valencia *Caràcters*, esta si relacionada coa Universidade de Valencia, trimestral, dedicada integramente á crítica literaria, con artigos de dous folios e medio aproximadamente. Hai outras revistas, pero son presenzas aínda máis residuais.

En TV, os programas que falan de libros –que non de crítica literaria– adoitan aparecer en segundas canles e en horas, por dicilo dunha maneira caritativa, intempestivas. Xeralmente son bastante aburridos. Cando se fala dun libro e o autor está presente, xa é insoportable. Atúrase un pouco cando se fala dun autor desaparecido ou afastado no tempo. Se non está polo medio o editor, é cando pode haber un lampexo de interese. Pouca cousa máis.

Temos logo a porta do futuro, Internet. Falouse esta mañá da *Blogosfera*: en Cataluña usamos o termo especial de *Catosfera* para referirnos ás páxinas catalás. Demograficamente, o catalán ocupa o posto nº 88 das linguas faladas no mundo, pero en consumo de Internet, contando o número de páxinas en catalán, e tendo en conta o número de habitantes, saímos a unha páxina e pico cada un (son 7 millóns de páxinas, segundo datos de hai ano e medio). Estamos no posto nº 18 ou nº 19. Se separamos os blogs en catalán, disparámonos cada vez máis. O tema da Catosfera está arrasando. Outra cousa é o que dicimos. Eu teño moi claro que unha cousa é literatura e outra escritura, pero podó dicir que nestes momentos, en catalán, se está a escribir, e moito, na rede.

Todos estes periódicos que están sacando suplementos semanais, cumpren o obxectivo que ten a crítica de xornais: inmediatez, servidume á novidade, extensión curta, consideración do libro como produto. Cando falo cun editor, por exemplo, o seu obxectivo máximo é que saia a foto da portada do libro. Se sae o autor, ben. E xa o máximo é que saia a foto do autor ensinando a portada. Se o crítico deixa ben o libro, moi ben. Pero pode que este se atope ao cabo duns meses coa sorpresa dunha frase súa na faixiña promocional. Digo isto porque tamén se falou esta mañá de para que serve a crítica. Hai algúns anos fixo o gremio de editores en Cataluña unha enquisa entre lectores e preguntáballes: “Por que compra vostede un libro?”. O 7% compraba por ter lido unha crítica, non necesariamente boa. Pode haber alguén que diga: “A Isern este libro non lle gustou. Fantástico!, debe de ser un gran libro e vou mercalo”. E ao revés tamén pode pasar. En todo caso, hai uns anos valíamos un 7% contra o 30% , ou algo máis, do “boca a orella”. Libros masacrados pola crítica, como *La catedral del mar*, *El pont des jueus*, é dicir, os libros máis ou menos mediáticos, véndense bastante sen que a crítica lles dea o seu soporte positivo ou negativo. Polo tanto, algo está pasando e tere-mos que miralo entre todos. Estamos na era do libro-produto, e hai que vendelo.

É certo que os que levamos moitos anos dando a vara ao personal, cun par de

artigos ao mes, xa formamos parroquia e xeramos opinión e discurso. Nesta especie de vella garda somos vinte ou vinte e cinco, principalmente porque somos pertinaces e consecuentes. Eu levo dezaoto anos e hai quen leva vinte ou deza-séis. Somos xeradores de opinión. Fíxense que estamos debuxando unha sociedade literaria na que ese papel de autoridade que debería ter a Universidade non existe. Hai uns cantos xeradores de opinións, con boa vontade e interese, vocacionais, porque evidentemente –non vou entrar no tema das retribucións– isto é como un sacerdocio. Falar nun xornal dun libro que saiu hai tres semanas require que a crítica que se faga sexa breve pero non trivial; que sexa urxente en canto á novidade, pero coa súa reflexión; que sexa intelixible, comunicativa e estimulante. Non esquezamos que estamos nun soporte cun Sudoku unhas páxinas antes, e a crónica do último Barça na Champion unhas páxinas despois. Este papel que debería ter a crítica académica, o de dicir que quedará, non o temos nós, evidentemente. Os que nos dedicamos a escribir nos periódicos, a fin de contas, o que estamos dicindo é que recomendamos que se lea algún libro dos que saen. Moitas veces acertamos, outras nos equivocamos, e mesmo podemos disentir entre nós. Ademais, en catalán hai unha circunstancia cruel e inxusta. En moitas ocasións, a crítica que eu escribo vaina ler máis xente que a que le o libro. Isto engádeche un plus de responsabilidade. Porque se escribes nun periódico potente, moitas veces chegas a máis xente que o autor. Xérase unha dinámica inxusta pero irremediable: Hai unha persoa que leva un libro dentro de si durante uns anos da súa vida, e chega un tío –é curioso, pero a maioría somos tíos- le o libro en dúas tardes e exacula un artigo, que se é positivo pode ser fantástico, pero que é máis lido que o libro.

No fondo estamos entrando nun novo paradigma, que é o de que imos a unha sociedade ágrafa. Iso de ler sempre foi cousa de poucos. Ler, escribir, reflexionar sobre a literatura ou facer crítica sempre foron traballos minoritarios. Pero nestes momentos, máis. Ademais, o fenómeno da globalización por internet lévanos ao que –eu non me imaxinaba que o meu blog se lía por aquí–, eu bautizaba o outro día como o síndrome *Wikipedia*. Que significa isto? Pois que eu tiña ata agora a *Enciclopedia Británica*, e sabía que detrás dela hai unha autoridade, alguén que dá a cara polo que se di nela. Agora temos *Wikipedia*, que é outra cousa á que moita xente vai ir, onde hai moitos achegando información, opinando, facendo recensións. Eses vinte ou vintecinco dos que falaba desapareceremos algún día, porque a bioloxía fai das súas. Imos a un mundo sen opinión, sen autoridade, onde o *horror vacui* é substituído polo *horror litterae*. Imos a xornais máis lixeiros. Cando nun periódico dixital un accede a un artigo, hai un aviso que di: “¡Atención, tempo estimado de lectura, 3 minutos!”. Imos a isto. Dígoos e constátoos. Un exemplo de como pasa o tempo é o especial de Sant Jordi de *Avui*, que traio para amosar aquí. Podedes ver que, a efectos de mancha de tinta, é mesto,

hai letra neste suplemento que, desde outubro de 1989 foi saíndo con este formato ata xuño deste ano. Desde hai dúas semanas –onte foi o segundo número– aparecen menos páxinas, hai máis espazos en branco e máis fotografías, como podedes ver tamén. É o meu diario, e estou orgulloso del, porque é o que está a dedicar máis atención á literatura catalá. Pero xa nos dixeron como ían ser os cambios, e cumprimos como xente obediente que somos. Por exemplo, no meu artigo sae o autor e a portada do libro (estará contento o editor). Tódolos artigos van coa imaxe do libro, a cualificación de 1 a 5, e dúas fraseciñas que se destacan como a esencia do que opinamos. Son 2.300 espazos. Cargáronse un par de frases no meu caso. O que le ve a nota, un 4, que non está mal. Le os destacados e non mira máis. É ao que imos, e estou poñendo o exemplo do suplemento catalán máis importante no que se refire á atención ao libro catalán.

Pareceume moi significativo, por outra banda, que este mesmo suplemento dedique unha páxina aos blogs nunha sección, que vai ser fixa, arredor do que se di na Blogosfera sobre libros, escritores, etc. Un pouco máis aló temos unha sección chamada “Avui critic jo” (“Hoxe critico eu”), onde se propón un libro e se deixa un espazo, 150 caracteres, para que calquera escriba. A última novidade que me parece interesante, porque é un deses paradoxos que se producen neste mundo, é que, á beira dos libros máis vendidos nas librerías, aparecen os máis pedidos nas bibliotecas. En Cataluña, o fenómeno de préstamo de libros está lanzadísimo, e vaise valorar así un factor ata agora subterráneo.

Sobre o futuro previsible, hai que sinalar tamén certas connotacións sociais neste asunto. En Cataluña hai dúas dimensións. Ou tiramos para atrás, e os referentes son outra cousa; ou tiramos polo lado *abertzale*. Eu vou tirando polo *abertzale*. Hai unha gran cantidade de autoodio. Durante moito tempo o que é catalán foi asociado a Pujol, pero Pujol xa non está. Hai outro compoñente agora, pois dise que o catalán non é moderno, non mola, que o mundo vai por outro vieiro. Estamos como Asterix, nunha aldea rodeada de romanos. Non sei canto vai durar, pero intentaremos dar toda a guerra que poidamos.

Iratxe Retolaza

Profesora da Universidade do País Vasco (EHU). É doutoranda en Filoloxía Vasca e participou no Programa de Teoría da Literatura da USC. Colabora como crítica literaria en xornais (El País, Egunkaria, e sobre todo en Berria), en revistas (Idatz & Mintz, Hegats, Grial,...), no blog Sareinak (de teoría feminista) e na radio (en Herri Irratia, no programa Testuketan de Euskal Idazleen Elkarte –Asociación de Escritores Vascos–). Publicou un libro sobre a crítica literaria da nova narrativa vasca na década dos noventa: 90eko narratiba berria: literatur kritika, 2000, Labayru. No monográfico dedicado ao cómic polo Boletín Galego de Literatura do ano 2007 deu a coñecer unha “Historia da banda deseñada no País Vasco”.

Eu non trouxen números, pero máis ou menos de memoria poden dicir que hai 2.000 libros anuais editados en euskara, dos cales o 15% son literatura; e o 25%, infantil e xuvenil; e o demais, manuais para a escola. Os poucos críticos literarios –poden contarse coas mans se é que chegan a dez– poden ler, se queren, todos os libros anualmente. Digo isto para que se vexa que é diferente o panorama. Quero facer un percorrido polos últimos anos para explicar como chegamos á situación de hoxe e entender tensións que se están a dar ou se deron no seu día. A primeira polémica que houbo arredor da crítica, na década dos 80, consistiu en que moitos escritores manifestaron preocupación por que non había crítica vasca, e polo tipo de crítica que se debía facer, se académica ou xornalística. Esta primeira polémica condicionou moito todo o desenvolvemento posterior e a lexitimación, ou non, da crítica literaria, así como da academia e dos críticos que escriben nos xornais. Daquela había poucos críticos que estivesen preparados e traballasen na academia –un dos que si pertencían á Universidade era Jon Kortázar– e houbo bastante polémica fronte aos movementos culturais populares en xornais, con escritores que facían lecturas de textos doutros escritores, e nin

sequera se consideraban críticos literarios entón. Falaba Isern da ausencia da academia na crítica catalá. Na vasca, a academia fixo traballo e faino actualmente, con dous grupos de investigación, con M. José Olaziregui e Jon Kortázar, respectivamente. Pero é verdade que, socialmente, o traballo a favor da lingua foi feito polos movementos populares, con falta de vinculación e mesmo desprezo cara á institución académica, polo feito de selo. A polémica quedou sen saída, e dalgunha forma chegou ata hoxe, pois escóitanse aínda en mesas redondas escritores que opinan que os críticos o único que pretenden é vivir dos traballos dos escritores. Iso quere dicir que a maioría da xente non ten en conta eses traballos académicos. Hai unha fenda entre eses dous tipos de crítica: da Universidade e da Academia da Lingua, por unha banda; e das asociacións culturais, por outra.

Nos 80 só se facía crítica periodística, pública, en revistas literarias de correntes diversas. Nos 90 houbo un cambio importante, pois xurdiu o primeiro xornal en euskara, hoxe chamado Berria, tras o peche da revista hai cinco anos. Foi a primeira vez que houbo un espazo comunicativo común: falantes de Iparralde e deste outro lado convivían, e sabíase que todo o referido á cultura vasca ía ser tratado neste xornal. O poder simbólico de Berria foi grande neste período. Pola fronteira dos Estados, unha característica da literatura vasca é que o que se publique en El País, por exemplo, sobre literatura vasca, non chega ao Estado francés.

O importante é que se fixo por primeira vez que se comezase a debater en serio sobre o problema da crítica literaria. Os críticos que estiveron neste xornal ao comezo sempre foron escritores, vencellados ás editoras. Alí hai unha empresa editorial que ten o monopolio da distribución, con todo o que iso implica. As pequenas revistas literarias formaron unha grande empresa editorial moi monopolizadora no eido da literatura vasca. Os que facían crítica sempre eran escritores vencellados a proxectos editoriais concretos e ademais non era unha publicación continua, non había, por outra banda, intención de continuidade nin de crear un referente crítico.

Un dos problemas para a crítica é que na literatura vasca a autoridade sempre foi o autor. Isto ten moito que ver co feito de que se trate dunha literatura de forte tradición oral. As obras que mellor funcionan son as que se dan a coñecer en recitais, en charlas, é dicir, as que non teñen mediación. O peso e a maneira de consumir a literatura dentro da tradición oral é grande. Bernardo Atxaga, antes de ser coñecido fóra, era moi coñecido en Euzkadi por difundir os seus textos oralmente. Kirmen Uribe, outra referencia actual, tamén se fixo coñecido polos recitais. A cultura adoita consumirse desta maneira máis directa, coa lectura do propio autor. De feito, o bertxolarismo é a expresión literaria que hoxe máis adeptos pode ter, con seis mil persoas que se reúnen na final. É algo imposible noutra manifestación cultural. O peso do oral aínda é forte, e a academia

tampouco soubo achegarse o necesario á realidade social desta expresión literaria, á maneira de consumir ou de ler. Agora está producíndose unha reconciliación entre academia e sociedade, pero antes foi moi evidente a fenda.

Cando xurdiu ese primeiro xornal nos 90, tódalas semanas ofrecía críticas sobre literatura vasca. O que pasou foi que, ao ver que a xente reclamaba ese tipo de crítica ou reflexións, o resto dos xornais con tirada no País Vasco, *El País*, *El Correo*, *El Diario Vasco*, *Noticias de Guipúzcoa*, ofreceron un espazo, aínda que pequeno, para falar de literatura vasca. Hoxe case todas as obras que se editan reciben un comentario ou máis de un. O problema son os criterios cos que se comentan. O debate estes dous últimos anos foi sobre a calidade e a función da crítica literaria vasca. Para ver o valor simbólico que ten este xornal, *Berria*, hai que saber que, ao principio, calquera persoa escribía cando podía, e segundo iso, organizábase a crítica literaria na publicación. Houbo queixas de escritores e outros axentes literarios que dicían que non era crítica de calidade, que os que escribían non tiñan formación, que eran máis ben lectores que daban a súa opinión. Decidiuse coller dúas persoas que escribisen todas as semanas sobre literatura vasca –e se se fan críticas semanais de dous libros á semana, abránguese case toda a produción–. Decidiron fichar persoas fixas con estudos literarios –cóntoo porque foi a miña experiencia persoal–. Decateime do valor simbólico deste xornal, porque o que eles querían era crear a figura de crítico literario, aparte do crítico literario da Academia. O crítico académico vese no País Vasco máis lexitimado polo seu labor cara ao Estado español que cara á sociedade vasca. Fixeron esta proposta e faláronme comigo e con outro rapaz para escribir todas as semanas. Eu decateime do poder que me estaban a dar pasado o tempo. Ao final, vaise creando referencia no único espazo que le todo o mundo en vasco. Iso orixinou dúas correntes: os que están a prol de crear referencia, e a xente que puxo obxeccións porque eses críticos non eran escritores, e iso non se entendía ben. No grupo de investigación, por exemplo, publicamos un volume sobre narrativa vasca, e os periodistas preguntábanme, cando se presentou o libro, que por que eu non escribía literatura de creación. Alí, aínda o crítico que non é escritor non se entende moi ben. O problema é a función da crítica: hai xente que ve que non fai falla, porque é unha comunidade pequena, con outro tipo de mediación. Hai xente que si está apostando, en cambio, polo discurso crítico sobre a literatura. A Asociación de Escritores Vascos está intentando facer a Sección de Críticos Literarios como aquí en Galicia se fixo. Pero hai poucos críticos. Só polo poder simbólico que ten o xornal, que agora contratou máis xente para facer crítica, os que se incorporan para escribir pasan a ser críticos. Outros escriben sobre libros, pero non se teñen en conta nin sequera para debater. A aposta, iso si, creou polémica no sentido de que houbo cartas ao xornal polas críticas que saíaran e polo tipo de discurso. Debates que antes non había.

Unha das causas polo que o xornal pensou en facer crítica continuada é que había blogs onde apareceron críticas máis rigorosas que nos xornais. Sobre todo por dous blogs en concreto. Iso fixo cambiar mesmo o tipo de crítica, abandonando a crítica baseada no aspecto filolóxico e lingüístico.

Ángel Basanta

(Crecente, Pastoriza, Lugo) é un peso pesado na crítica española, especialmente no referido á narrativa. Foi profesor da Universidade de Santiago (1973-1976) e dende 1976 é catedrático de Literatura Española no Instituto Rey Pastor de Madrid. Como crítico literario colaborou no ABC Cultural ata o ano 1998. Hoxe ocúpase da crítica de narrativa en El Cultural de El Mundo, onde acolle con frecuencia novelas de autores galegos, cunha especial querencia polo subsistema galego da literatura española. Foi co-director da Historia de la literatura española publicada por Cincel, dirixiu a “Biblioteca Básica de Literatura” (Anaya) e mais a colección de textos escolares “Nueva Biblioteca Didáctica Anaya”. Autor de varios libros dedicados á historia da novela española, como Cervantes y la creación de la novela moderna, Baroja o la novela en libertad, La novela española de nuestra época, etc., Ángel Basanta ten realizado edicións anotadas, como a dedicada, tras un estudo introdutorio, a El Quijote ilustrado por José Ramón Sánchez e publicado por Anaya. Recentemente participou no libro sobre a obra de Carlos G.Reigosa, Paixón por saber e arte de contar, de 2006, canda Federico Cocho e León T. Vivanco.

Dedícome á literatura española, pero como aquí se dixo na presentación, teño especial querencia por facer crítica de autores galegos. Houbo unha etapa, cando estabamos en ABC, en que conseguimos que se abrise unha páxina para o galego. Pero durou pouco.

Tratarei en gran medida os mesmos problemas, pero con enfoque distinto, porque o sistema castelán é máis diverso e grande, e os problemas son os mesmos. Acolléndome ao lema de Jorge Manrique, “Nin minto nin me arrepinto”, todo o que diga será porque me dá a gana de dicilo e todo o que cale será tamén porque me dea a gana de calalo. Pero non quixera caer naquilo que Juan Goyti-

solo dicía: “En España pénsase unha cousa, dise outra e escríbese unha terceira”. Algo diso hai moitas veces. Eu quería partir da distinción, que me parece válida, entre a crítica literaria académica e a crítica de batalla na prensa, nos medios. No sistema castelán a distinción, aínda con conexións entre elas, está perfectamente establecida. Unha cousa é a crítica de urxencia, a que se fai na prensa, onde non podemos ler coa lentitude do crítico universitario, e polo tanto podemos cometer erros moitas veces por tirarnos a unha piscina sen saber se hai auga ou non. Hai interconexións, digo, porque moitos profesionais universitarios están a facer hoxe crítica literaria nos suplementos españois. Segue sendo diferente, porque non é o mesmo o que escribe este profesor no papel do xornal que o que escribe nos artigos das revistas especializadas. Son distintos o traballo e mesmo a terminoloxía. É ata case unha blasfemia que o crítico militante fale, por exemplo de *narrador homodiexético*, o que está moi ben noutro contexto.

É preciso delimitar quen é crítico literario e quen non o é. Coido que o crítico dos medios de comunicación é o que tres, dúas veces ao mes fai crítica dun libro. Non é o mesmo que o que publica cada dous, tres meses, un traballíño. Estou falando de novela e de poesía. O teatro axústase á estrea da obra. Esta crítica ten moitos problemas en todos os sistemas: a urxencia, a falta de perspectiva temporal, etc. Pero eses son problemas que hai que solucionar. Hai que resolvelos traballando máis, máis horas, e xa se folgará outros días. Eu teño que ler en dous ou tres días libros voluminosos que me levarían máis tempo nunha lectura normal. Este tipo de crítica cumpre, sen dúbida, o primeiro achegamento á obra literaria. É o primeiro que vai deixar o seu testemuño por escrito, comezando unha suma de lecturas que queda para sempre, aínda que só as vaian utilizar investigadores que, ao cabo de vinte anos, queiran ver como se recibiu unha novela. Esta crítica ten unha triple orientación: informativa, analítica e valorativa. Informativa porque se fai nun medio de comunicación, cara a un número potencialmente maior de lectores, tanto comúns como especializados –aínda que, como ben dixo Harold Bloom, e leva camiño de ter razón, ser lector é non ser común–. Lectores, pois, especializados e algún que outro lector común, que o hai. Eu téño experimentado en viaxes para mesas redondas, en Salamanca hai pouco, con persoas que leron unha novela porque eu escribín sobre ela, e despois encantoulles. Non pode quedarse en información: a crítica ten que meterse na estrutura, na técnica, os problemas dos que fala o autor e como os resolve. E ten que ser valorativa porque sen xuízo non hai crítica literaria. Emitir un xuízo obriga a estar disposto a equivocarse. Todos sabemos cando nos equivocamos. Seino de novelas que relín despois, e díxenme: “E eu, como non vin isto?”. O erro é a obriga do crítico. O que non se equivoca nunca, non é bo crítico. O único medo que tiven sempre como crítico foi atoparme un día, eu que sei, con *Madame Bovary*, con *La Saga/Fuga de JB*, con *Cien años de soledad*, e non decatar-

me. Pode pasar, e todos sabemos que as grandes obras van por diante do seu tempo, e ao mellor non acertamos a velo. Dicía Balzac que a novela é algo así como a vida privada das nacións. Pois parafraseando a Balzac, penso que a crítica literaria é como a vida privada da literatura, do que chamamos “mundiño literario”, onde uns participan pola vía da creación e outros pola vía da crítica. Eu coido que todo, ao final, forma parte do sistema literario. É máis, nos mellores casos a crítica literaria é creación. Forma parte da literatura, de “segundo grao” se se quere, pero creación imposible de ser separada dela. Dicía o novelista austríaco Robert Musil que a literatura non se constitúe por unha simple suma de textos. Iso non formaría un tecido. Pode formar unha escala moi bonita, pero con chanzos separados. A literatura está formada pola suma de todos os textos, grandes, medianos e pequenos, e pola suma das interpretacións deses textos. Eu, como estudei en Santiago, sempre cito ao profesor Moreno Báez, que dicía que se Cervantes viñese hoxe a examinarse do *Quixote*, suspendería. E todos sabemos que é verdade. Iso non quere dicir que eu non estea disposto a recoñecer que o único que verdadeiramente importa é o texto, a obra literaria. Non nos equivoquemos. Aquí o que importa son os textos como *Don Quijote*, *Cien años de soledad* ou *O lapis do carpinteiro*. Todo o que fagamos os demais é efémero, tanto na crítica de prensa como na académica, pero queda nese tecido, e virán outros estudos, outras maneiras de ver, para seguir montando ese sistema.

Como crítico literario, eu recoñezome nada máis que nesa tradición filolóxica da crítica literaria actual. Coido que acabou para sempre a época do crítico que viña doutros eidos, sen unha formación literaria. Hoxe é imposible facela sen ter moitas lecturas enriba, máxime neste tempo en que se está a facer literatura sobre literatura. A orixinalidade hoxe non rexe neste eido. O crítico literario, por moi humilde que sexa a súa figura, ten que ter unha formación filolóxica. No sistema literario español iso hoxe non se discute. Os autores dos mellores manuais de novela, poesía e teatro, están facendo crítica nos mellores suplementos. O último crítico que veu doutros eidos foi Rafael Conte, e xa ten os seus anos². E cítoo porque me sinto con el en débeda, por lelo, cando era estudante, naquel *Suplemento de las Artes y las Letras* do *Informaciones*. Un crítico como Conte hoxe xa non ten moito sentido no sistema literario actual. E conste que é amigo meu.

No castelán, e noutros sistemas supoño, o crítico é acusado de ignorancia, de falta de profesionalidade e de gusto, de ser un simple glosador, que se somete a todas as presións do mundo editorial e do periódico, que é un vendido. É acusado de amiguismo, de frustración. Pois a verdade, eu nunca quixen escribir unha

2. Desafortunadamente para o mundo da crítica, Rafael Conte faleceu o 22 de maio de 2009 (nota da transcritora).

novela nin nunca pensei en escribir un libro de poemas (algún escribín cando estaba namorado, como todo o mundo, pero sen pensar en publicalo). Chamáronnos de todo aos críticos: parásitos, carrachas, e moitas outras cousas que non merecen interese. Si quero repasar esas acusacións e reproches que se fan ao crítico. A relativa ignorancia ou diferente grao de saber explícase nos mellores casos, claro, pola primeira obriga do crítico. Un crítico ten por obriga lelo todo. E iso é imposible, non pode chegar a todo, en castelán, nin sequera dedicándose a un só xénero. Un crítico de novelas non pode ler as novelas que se publican, orixinais, en castelán. Unha vez dixen que lía máis de duascenas novelas ao ano e os amigos levaban as mans á cabeza. Pois publícanse moitas máis: cincocentas, seiscentas ao ano, sen incluír as traducións. Iso podemos solucionarolo poñendo ben as antenas. É difícil que hoxe pase un libro importante sen ter unha certa sona. Porque se non o lin eu, leuno outro, e entre nós si que nos lemos e sabemos en quen confiamos e en quen non. E sabemos que, aínda que se publicase nunha editorial pequena, familiar, ao final, no currunchu dunha provincia española, ese libro vai atopar eco. Dicía Stephen Vizinczey con evidente ironía que todo iso podía rematarse poñendo de acordo os editores e demais axentes do sistema literario para publicar ao ano cen novelas nada máis. A crítica e as novelas serían mellores. Pero iso sabemos que non é solución ningunha.

Polo demais, a convivencia entre escritores e críticos en castelán non é fácil. É un sistema grande, polo cal probablemente non temos problemas que temos noutros sistemas como o galego, vasco, ou catalán. En Madrid ou Barcelona é raro que atopemos escritores pola rúa, nun semáforo, e os golpes de cóbado non se senten tanto. Si o sente o crítico cando chega a unha cea, xuntanza ou mesa redonda, e tócalle enfronte aquel escritor do que fixo uns meses atrás unha mala crítica, e prodúcese entón unha situación un pouco tensa. Pero pasa moi poucas veces. A influencia que temos os críticos literarios é moi pequena, polo menos no sistema literario en castelán, porque hai –falo da crítica de novela sobre todo, pero en poesía tamén– grupos de editoriais e de prensa con capacidade para amañar unhas campañas de publicidade impresionantes que ao final son o que sae no xornal, nas páxinas de cultura: presentacións, como o autor foi falar da obra, etc. Hai que ter presente que un crítico ten como lector alguén que xa vén de ler. Normalmente a xente le, e deses lectores de obras, que xa son poucos, saen os que len os suplementos e os críticos. Se temos 300.000 lectores potenciais dun xornal como *El País*, *El Mundo* ou algúns máis, hai que pensar que o suplemento o vai ler un tanto por cento mínimo, 1%, 2%. Dirixímonos xa a xente que é lectora, que vén buscando información e orientación. Os lectores de suplementos téñennos perfectamente clasificados os críticos literarios e saben cando coinciden ou non con algún en concreto. E saben cando ese crítico non é imparcial, ou cando si o é, porque estou falando dun lector intelixente. Esa pouca relevancia que temos hai que

administrala ben. Teño aquí a cita dun ensaísta alemán, Hans Magnus Enzensberger: a influencia dos críticos esváese “na indiferenza dun mercado pluralista ao que lle importa un carallo a diferenza entre Dante e o Pato Donald”. A cita é, menos o taco, literal de – traducida, claro- Enzensberger. A crítica literaria que se está a facer hoxe, penso que é profesional, nos mellores casos feita con liberdade e independencia, de acordo cos saberes e gustos do crítico. Pero tamén penso que un crítico de prensa non ten por que artellar un sistema teórico. O novelista, poeta, dramaturgo, si teñen o dereito e a obriga de crear unha concepción da novela, da poesía ou do teatro, mesmo teñen dereito de impoñela tratando de que triunfe. Un crítico non. A un gustaríanlle máis as novelas deste tipo e a outro, as doutro tipo. A obriga do crítico é tratar de entendelas, explicalas, e defender as mellores realizacións que se vaian producindo.

No sistema literario en castelán hai bastantes suplementos literarios de xornais: en Barcelona, *La Vanguardia*; en Madrid, o *ABC* ten un suplemento dirixido por Fernando Rodríguez Lafuente; *El País*, dirixido por María Luisa Blanco ata hai pouco, e agora por Santiago Seguro; e *El Cultural* de *El Mundo*, dirixido por Blanca Berasátegui. Estes suplementos están máis ou menos asegurados pola solvencia do xornal, e defendidos tamén por el, porque non son revistas. Eu vivín de feito ese problema, cando o equipo case enteiro deixamos *El País* para ir a *La Razón*, primeiro, e logo a *El Mundo*, e vivíuse o problema de querer converter o suplemento nunha revista. E moitos defendemos contundentemente que non. A revista chega moito peor sempre, mentres que o suplemento chega co xornal, aínda que hai xente que o tira, como hai quen tira certo periódico e queda co suplemento –e non digo nomes–. Así que a literatura castelá non está mal atendida, aínda que un crítico non poida levala toda pola súa extensión. Coas limitacións correspondentes, non está mal atendida. É certo que se atende mellor ás grandes editoriais, é certo que se fai un pouco de menos crítica de poesía, pero hai de todo.

Un suplemento son unhas páxinas de cultura que van cun xornal, e a crítica literaria que se fai na prensa, hoxe, é un xénero periodístico. O crítico ten que saber que está escribindo nun xornal, e que é en si mesmo, un xénero periodístico. Os directores de suplementos teñen poderes innegables. Os libros chegan ao xornal, e tamén chegan a nós desde a editorial (e ás veces, desde o autor). Seleccionar cal é o crítico que fai esa crítica é o poder dos directores, pero termina aí. Eu nunca recibín presión ningunha. Levo preto de trinta anos en distintos xornais e non teño recibido presións. Si hai as “autolimitacións” que se poida poñer un, porque sabe que aí os roces son máis doados. Por exemplo, cando se trata da crítica do escritor que escribe no xornal, ou cando se trata dun compañeiro ou amigo. Esas son as únicas presións que eu sentín, porque mas fago eu mesmo. Estes suplementos nacionais complementáanse cos suplementos de ámbito autonómico ou provincial, como *El Filandón* en León, *El Sur* en Andalucía, *El*

Heraldo de Aragón, Levante y Las Provincias, en Valencia. Os problemas veñen sendo aquí os mesmos, e incluso se intensifican a medida que os espazos se comprimen. De maneira que é moi raro que eu me atope nun semáforo en Madrid co autor. Pero en León, si. Ademais, vivimos todos neste pequeno mundo, e tarde ou cedo atopámonos. Eu teño por costume desde hai moito tempo, e vaime moi ben, non asistir nunca a ningunha presentación de libro nin a un convite de prensa ou do editor. E se vou, e en vinte e pico anos que levo facendo crítica fun tres ou catro veces, é porque o autor é amigo. E logo teño por costume non facer a crítica dese libro. Sinxelamente por aparecer como obxectivo, ademais de selo, na medida do posible.

Creo que a recepción da literatura en castelán non está mal nos suplementos literarios en castelán, pero tamén se reciben neles outras literaturas, estranxeiras e españolas. Aquí é onde os suplementos españois fallan, porque a recepción é deficiente. Non se fai nunca crítica de libros en catalán, galego ou euskera. Si se fai de libros cando son traducidos, pero aquí as diferenzas son moi grandes: tradúcese moito máis literatura catalá, que é a que ten un sistema forte, e tradúcese ademais novelas de longa andadura como *El jardín de los siete crepúsculos* (non me atrevo a dicilo en catalán), ou *Igur neblí* de Miquel de Palol, novelas de arredor de 1.000 páxinas. Iso doutra literatura sería moi difícil. Traduciuse a última novela de Manolo Rivas, que tamén é longa, pero Manolo Rivas xa é un escritor que supera as fronteiras das literaturas. Tradúcese menos do galego, e penso que non se está aproveitando ben o fenómeno literario Manolo Rivas. Vivimos nun mundo pequeno no que as coiteladas moitas veces van mal dadas. Vaise traducindo bastante, pero non moito máis alá de Rivas, Suso de Toro ou o chorado Carlos Casares. Sempre poño un exemplo: De Ponferrada para abaixo, ninguén coñece un clásico en vida como é Xosé Luís Méndez Ferrín. É máis, cando eu fixen a crítica dunha escolla de textos de Ferrín en Alianza Editorial, quixen facer unha páxina enteira, e foi a única vez que tiveren que xustificar a petición, que logo me concederon. Preguntábanme, e estamos falando de xente culta: “Pero tan importante é?” E tradúcese moi pouco da literatura vasca, onde só ten traspasado as fronteiras Bernardo Atxaga, cando existen narradores como Angel Lertxundi ou Ramón Saizarbitoria, por citar dous deles. Eu creo que máis ou menos cada unha das nosas literaturas reproduce a mesma situación, pero nunha escala diferente. Por exemplo, ao escritor de provincias en castelán élle difícil chegar a Madrid ou Barcelona, onde están as editoriais grandes. Se ese escritor tivese que facer esa viaxe nunha lingua que non fose o castelán, xa é pouco menos que imposible, na mesma medida na que o escritor en castelán ten moitas dificultades para chegar a Europa, por máis que España, Italia ou Portugal teñan literaturas igual de importantes que Francia, Inglaterra ou Alemaña, que si están presentes en Europa. Ou por completar o panorama da lingua, non diga-

mos xa nada dos escritores hispanoamericanos para meterse Río Grande arriba, para chegar ao sistema literario dos EEUU.

Creo que hoxe o sistema literario castelán conta cuns críticos que merecen toda a confianza. Coido que o valor da crítica é ese, e é o que se plasma nos xurados dos Premios da Crítica, onde quen estivo nos xurados –Olivia pode certificarlo porque estivo alí– ve que se discute, e ás veces discútese con cara de can e discútese nobremente. Sen presións comerciais, sen diñeiro, porque os autores non reciben un euro polo premio. Todos saben que faremos o que nos dea a gana, e as presións son nulas. Vou poñer un exemplo: En Sevilla estivemos celebrando o Premio da Crítica hai dous anos e premiamos *Los girasoles ciegos*, un libro de catro narracións curtas de Alberto Méndez que practicamente non se coñecía. Herralde, que é un bo editor, tñao xa medio apartado. E levou o Premio da Crítica. Tivera tres críticas moi boas, pero cun eco limitado. Ese libro inmediatamente volveu ao mercado e coido que superou as dez edicións en dous anos, e volveu revalidarse co Premio Nacional de Narrativa. E o ano pasado, que nos reunimos en Lugo, démoslle o premio á triloxía *Verdes valles, colinas rojas*, de Ramiro Pinilla. É dicir, para algo está a servir facer crítica literaria, aínda que o eco sexa pequeno. Penso que serve para algo, facéndoo coa obriga de sempre: informar o lector, orientar os lectores, estudar e analizar as obras e crear emoción coa emoción evocada.

Abel Barros Baptista

Doutor en Estudos Portugueses. Especialista en Literatura Brasileira, é un dos máximos coñecedores da obra de Machado de Assis. Actualmente imparte docencia, como Profesor Auxiliar do Departamento de Estudos Portugueses, na Universidade Nova de Lisboa. Autor de numerosos ensaios como Autobiografías. Solicitación do Livro na Ficção e na Ficção de Machado de Assis (1998), A infelicidade pela Bibliografía (2001), Coligación de Avulsos. Ensaios de Crítica Literaria (2003). En colaboración con Luísa Costa Gomes escribiu a narración O Defunto Elegante (1996). Director adxunto da revista Colóquio/Letras da Fundación Gulbenkian, Crítico e xornalista en publicacións de Portugal e Brasil, como Expresso, Público, Ciberkiosk, Folla de São Paulo, Ler.

Quen queira saber cal é o futuro da crítica literaria ten que ir a Portugal. Portugal está na vangarda da crítica literaria. E a razón é que non hai crítica literaria en Portugal. Acabou. Non existe. Non hai ninguén en Portugal que diga “eu son crítico literario”. Ninguén, excepto unha persoa que sexa un pouco idosa ou teña problemas de saúde. Un cidadán normal que sexa preguntado pola súa profesión non dirá nunca que é crítico literario. Isto é serio e é verdade. Os escritores, intelectuais, profesores, xornalistas teñen esta sensación. Unha distinción importante, que aínda está activa na cultura inglesa, e que non coincide exactamente coa diferenza entre crítica académica e crítica xornalística, é a que existe entre a xornalística e o que os ingleses chaman Literary Criticism en sentido xenérico. En Portugal é unha forma de crítica que se practica nun libro ou ensaio longo, esixe unha temporalidade lenta e trata sobre un autor, obra ou problema. A xornalística é a recensión crítica dedicada a unha obra acabada de saír. Mais ambas, e esta é a súa particularidade, tratan de obras actuais, en curso, con autores vivos. E non propiamente toman a forma dunha monografía, por exemplo,

sobre Don Denís ou sobre Alfonso X e as *Cantigas de Santa María*, que era o que naquela altura os académicos facían.

Curiosamente, quen fundou en Portugal, cousa que pouca xente sabe, esa crítica mais de libro, isto é, máis demorada, máis lenta, foi precisamente o que continúa a ser o grande fantasma da cultura portuguesa, Fernando Pessoa, que se dedicou a escribir sobre os poetas que acababan de aparecer. As súas apreciacións, por outro lado, estaban moi esaxeradas. Ninguén se lembra deles, nada do que el vaticinaba aconteceu. El defendeu poetas que eran absolutamente mediocres. Mais iso era fundamental para afirmar unha idea importante: que había unha nova poesía portuguesa, e que debía haber unha posibilidade de mostrar que esa poesía tiña unha crítica e un crítico indulxente –que era el– que os ía presentar e ser capaz de reconducir toda a tradición portuguesa. De facer ver que toda a tradición portuguesa tiña dous, tres poetas importantes, Camoens, Cesário Verde, o propio Pessoa; e que todo iso se orientaba no sentido dunha revolución moderna que era aquela que estaba a acontecer. Foi unha revolución inmensa na cultura portuguesa aínda hoxe non totalmente asimilada. E os críticos e poetas portugueses viven aínda con esta fantasma de Pessoa. A historia da crítica literaria en Portugal pode facerse practicamente a través de Fernando Pessoa. As diferentes correntes representan diferentes modos de encarar Fernando Pessoa. João Gaspar Simões, Eduardo Lourenço, Jacinto do Prado Coelho, Oscar Lopes, Mário Sacramento, que son grandes nomes da crítica portuguesa, todos eles se definiron por escribir ensaios fundamentais sobre Fernando Pessoa. En fin, nos círculos máis informados da crítica, os críticos considerados de referencia son persoas que nunca estiveron na Universidade, ou foron profesores episódicos: Oscar Lopes, Adolfo Casais Monteiro, Eduardo Lourenço. Eduardo Lourenço, que aínda vive, estivo durante anos nunha Universidade francesa, pero era case un convidado da Casa de Francia. Non estaba obrigado a ir a reunións ni a participar en exames. Como profesor gozaba dun paraíso que todo profesor ambiciona.

Adolfo Casais Monteiro e Eduardo Lourenço escribiron libros fundamentais que estruturan o sentimento moderno da poesía de Fernando Pessoa, e non son probablemente figuras universitarias. Cando esa crítica se confunde de facto coa Universidade é a finais dos 70, cando aparecen os proxectos de crear unha crítica científica portuguesa, con debates arredor das correntes da Nova Crítica, a *Nouvelle Vague*, o Estruturalismo etc. E sobre todo, cando a Universidade comeza a ter estrutura, con algunhas Facultades, etc. Créase unha división entre a crítica universitaria e xornalística. Esa división fixo que a crítica ensaística, máis creativa, considerada en Portugal unha parte importante da propia creación literaria portuguesa, entrase de facto en crise. A crítica universitaria portuguesa ten sido fraca, e irrelevante en certo modo, porque está obrigada a cumprir etapas,

rutinas académicas, que son obviamente incompatibles coa propia idea da creación literaria que é inherente ao libro tal como o producían Eduardo Lourenço, A. Cavais Montero, ou Oscar Lopes, con obras tan continxentes e inesperadas como moitas da ficción e da poesía que facía o propio Fernando Pessoa.

Agora, hai razóns de orde estrutural, de orde histórica para que esa crítica perda importancia: Trátase da propia perda de importancia da literatura. É a razón básica de por que a crítica en Portugal desapareceu. Sería bo preguntar en Portugal: “Quen matou a crítica?”. Hai un poeta brasileiro, José Paulo Paes, que morreu hai nove anos, que tiña gran creatividade e publicou un libro de poesía cuxo título era *A poesía está morta, mais eu juro que não fui eu*.

A verdade é que a literatura non morreu, mais non ten a importancia que tivo nos anos 50. Non é hoxe o centro da actividade intelectual dun país. Tal vez si o sexa en certos sitios de Brasil, por razóns históricas e nacionais. O propio feito de que haxa tanto libro publicado de poesía, de novela, non é un sinal de vitalidade, senón de decadencia histórica. A literatura afirma a súa presenza pola cantidade e pola repetición, é dicir, pola cantidade de escritores que fan libros que reproducen outros libros. A idea de que a literatura pode sobrevivir parodiándose a si mesma, non é unha idea verdadeira, senón unha forma de supervivencia. Igual que hai persoas que queren sobrevivir facéndose liposucións, mudando o nariz, limpando a face, etc. Son formas de supervivencia histórica que denuncian que algo importante morreu.

En Portugal vivimos hai varios anos esta dificultade. José Saramago non ten nos xornais recensións dos libros que fai. Ninguén di nada dos libros que fai. António Lobo Antunes, o seu rival para o Nobel, publica un libro, e na mellor das hipóteses, faille unha entrevista no xornal alguén que é amigo del, e dis: “Coitado, está doente”. Pero non hai un crítico que faga un ensaio serio. Se Lobo Antunes vai a Alemaña, como fixo esta semana, a presentar uns textos, as televisións e xornais prestan atención aquí porque foi moi aplaudido durante cinco minutos polos alemáns. Iso é Portugal, na vangarda da literatura. Se houbo algún suplemento literario, hai anos que xa desapareceu. Os xornais que tiñan artigos xa non teñen. Esta é a vangarda. É triste, é melancólico. É un problema que arrastra Portugal desde o punto de vista cultural, e é un sinal de atraso porque hai certos aspectos da vida cultural, literaria, universitaria, que nunca acadaron en Portugal solidez suficiente para resistiren certas manifestacións de futuro.

En Portugal a Universidade non ten peso público nin expresión na vida pública do país. É raro pedir unha opinión a algún profesor universitario. É un problema de ambiente. Cando hai un problema de ambiente, vai primeiro un activista do ambiente, daqueles que din: “Hai que salvar o planeta”, que é o primeiro en falar. Logo vai un deputado do Partido dos Verdes, que é o segundo en falar. E logo vén un enxeñeiro do ambiente, que estudou aquel asunto. E o desgrazado

di dúas ou tres cousas que hai que facer, e non se lle dá importancia. É unha figura importante para convidar, pero xa non é preciso que fale do asunto. A literatura non ten neste momento o prestixio público suficiente. Déronlle a Saramago o premio Nobel e foi unha grande festa, iso si, pero foi unha situación excepcional. A Universidade non ten capacidade de intervención na vida pública.

A prensa portuguesa é moi fraca tamén. Os xornais teñen tiradas pequenas, e abandonaron moi á presa a misión didáctica e educativa que os xornais deben ter. E preocúpanse de vender xornais, que se venden poucos. Hai cousas estranxísimas, como xornais nacionais con 30 mil exemplares de tiraxe, pero que fan diñeiro vendendo libros. Teñen lectores que acaban coas coleccións moitas veces italianas ou españolas feitas en Barcelona, con libros portugueses cheos de grallas porque están feitos no estranxeiro. Os portugueses compran o libro e non compran o xornal. É un paradoxo da cultura portuguesa: intentan vender xornais, e venden libros, cando ninguén compra libros.

A terceira realidade é o propio movemento editorial, un colectivo inmenso, pero fraco, con tiradas baixas. Un libro de poesía ten 600 exemplares, e unha novela que teña 2.000 exemplares xa é un bestseller, un caso excepcional. Os libros de Saramago non teñen máis de 15 mil exemplares. O problema último, a razón definitiva de que non haxa crítica, é que non hai lectores. Non hai crítica, non hai Facultades de Letras, non hai lectores, non hai editores. En Portugal nunca se conseguiu constituír unha camada de lectores estables, é dicir, de persoas que lean libros regularmente, que teñan criterio propio, saiban orientarse na lectura dun xornal, dunha novela, que vaian a unha librería e saiban como están organizadas. Son pouquísimos. Para ter unha idea, a inmensa maioría de profesores universitarios non compran libros nin frecuentan librerías.

Esas tres realidades constitutivas tornan a cultura portuguesa moi permeable ás tendencias máis modernas, como son: en vez de crítica, entrevista co autor; en vez de análise, catro ou cinco estrelas. En vez dun texto de argumentación, unha ilustración ou a capa do libro. En vez de crítica, publicidade. Por esta razón, calquera persoa seria, que se preocupa e gusta da crítica, cando se fala de crítica portuguesa, sabe que a crítica de feito non existe. Primeiro, non hai crítica literaria nos suplementos –aparte de que só hai un suplemento– e estes son xenéricos, con cine, música,... Non teñen crítica literaria, senón de libros de política, de historia, de economía. Ver unha reseña dun libro de poesía é excepcional. Por outra banda, os libros van incluídos como actividades de lecer. Todos se entreteñen cando chega o sábado e a xente non traballa. Os libros compiten cos filmes, concertos, bailes, paseos en barco polo río Tejo. Un paseo polo Tejo gusta máis que unha novela de Saramago. A literatura incluída no lecer ten que competir con actividades máis poderosas e atractivas.

A falta de espazo material para que o crítico poida dicir as súas razóns, des-

envolver o seu vocabulario, explicar as súas ideas, obriga a que os textos con mil, mil seiscientos caracteres, case non dean máis que para dicir “este libro é malo, este libro é bo”. Os que acaban lendo as recensións son os amigos do crítico e os amigos do autor. Só para facerse unha idea, ese xornal de referencia que é *O Público –Diário de Notícias* pechou un suplemento hai seis meses– ten un suplemento novo, despois de sacar varios suplementos durante anos. E hoxe, cando viña no avión, déronme *O Público*, pero non o suplemento. A explicación que daban era que quitaban a parte cultural, porque a xente ía ler as páxinas de deportes, e para que ían gastar diñeiro coa parte cultural, que aumenta o peso no avión. Iso é un sinal interesante.

Outro sinal son os blogs. Tiveron un florecemento salvaxe. Que eu saiba, non se creu ningún blog estritamente de crítica literaria ou de literatura, ou de discusión literaria. Hai varios escritores con blogs, nos que falan de si mesmos: do que fan, se saíron pola mañá de casa, se non saíron, se encontraron un amigo ou non... Son un substituto do diario íntimo na versión máis familiar. Estas condicións fan que calquera tentativa que se faga non teña nin continuidade nin regularidade. A actividade literaria en Portugal fica bastante precaria por causa das fragilidades editoras e lectoras. Isto non permite que haxa un grupo que faga crítica. Non hai ninguén que diga que leva vinte anos facendo crítica literaria. E se imos ver os colaboradores dos xornais, un ano son uns, outro ano son outros, e están sempre a aparecer e desaparecer.

Un sinal preocupante a estas alturas foi a desaparición absoluta dos universitarios das publicacións xornalísticas e da crítica xornalística. Ficou cada un para o seu lado. Os xornais viraron cara ao márketing e á publicidade, en prexuízo da exposición de ideas e argumentos, do espazo para a reflexión e a análise, e a prol da ilustracións e da facilidade. Todo, caendo nun erro básico no que se cae en Portugal como en todas as partes: que só le artigos sobre libros quen le libros, e a persoa que le libros está habituada a unha páxina chea. Non fai falla poñerlle a fotografía do autor para que lea o libro, a non ser que sexa Sharon Stone, pero ela non escribe libros. Agora, a un autor normal non imos lelo porque estea a súa fotografía. Despois créase o efecto perverso de querer chamar a atención, polo que nas páxinas de recensións deberían poñer a fotografía de José Mourinho, que din que é o mellor adestrador portugués. Sería unha solución poñelo na páxina de libros. Estamos cheos de contradicións e paradoxos que son moi visibles na prensa e a universidade portuguesa. As fragilidades son estruturais e non hai oposición. Por iso o *Diário de Notícias* pode un día ten un director novo que decida suprimir o suplemento cultural por caro, e non hai ninguén que diga nada. Porque a cultura non interesa no xornal. Esta é a razón irónica, amarga, melancólica, mais historicamente verdadeira pola que Portugal está na vangarda da crítica literaria portuguesa. Está post-mortem.

Coloquio

Abel Barros Baptista

Hai un punto importante na diferenza entre crítica académica e xornalística que é o problema da actualidade, que é común, coido, á todas as literaturas europeas. Unha das cousas que máis pavor espertaban na Universidade era un libro que acababa de saír e non se sabía que ía ser. Cando o autor morre e a obra xa está completa, entón se estuda. Por outra banda, os estudos universitarios estrutúranse editando *Cancioneiros*. Hai unha idea inherente aos estudos universitarios, cando se formaron, que é o medo da continxencia e do risco, fronte á seguridade dun corpus establecido. Iso vai marcar ata hoxe a diferenza entre as dúas.

Mais iso non impediu que houbera unha forma crítica non propiamente xornalística, mais achegada á literatura, que é a crítica ensaística sobre un autor que aínda está vivo e que acompaña, como dixen, o movemento modernista. Xa non é a mesma cousa dos xornais e da Universidade. Unha das mudanzas importantes é a do mercado e a propia industria cultural. O libro feito de papel é un ben material que é producido por quen quere obter lucro, e máis lucro obtense canto máis se vende, cunha lóxica imparabile que destrúe a crítica. Nós podemos estar aquí distinguindo entre críticas do libro, do xornal, dos académicos, pero a verdade é que os editores, publicando cinco mil novelas ao ano, non poden ser seguidos na Universidade, onde nin sequera poden cos libros do pasado. Un profesor da Universidade de Salamanca, Fernando R. de la Flor publicou un libro moi interesante en 1997, *Biblioclasmo*, cun ton apocalíptico propio do momento, sobre brigadas que van detrás dos que publican de máis. Tal vez o futuro para a crítica literaria sexa ese, destruír os malos novelistas e poetas. Porque hai unha proliferación sen control que é incompatible co pensamento. Coa vertixe de agora é imposible ese pensamento. Mesmo en Portugal as tiradas, que non son comparables en tamaño ás de Madrid e Barcelona, fan difícil deixar un espazo nos xornais para a crítica.

Joan Josep Isern

Eu prometín non falar de números, pero gardei algún. Non falei doutro fenómeno moi propio do meu país, que son os premios literarios. En Cataluña temos aproximadamente 1.200 premios literarios ao ano, que veñen supoñer tres ou catro por día. De todo tipo, competitivos e á obra nova. Eu, volvendo aos Premios da Crítica que mencionaba Basanta –participei nese xurado de *Los girasoles ciegos*–, estes son premios atípicos por ser da crítica e para a obra xa publicada. En Cataluña comezan a existir deste tipo, pero son marxinais, e non teñen o prestixio dos Goncourt ou dos Booker Prize, e outros de fóra das nosas fronteiras. Todo isto xera negocio e publicidade, pero ante a cantidade de libros que saen, é imposible ler todo. De todos os que se convocan no ano, de ensaio deben de ser apenas 40, e desas obras, a maioría son de ensaio histórico, político, ecolóxico,... Ensaio literario, nulo. Hai algún caso.

Dixen que falaba desde unha posición máis achegada ao xornalismo que á Universidade. Non podo dicir que nas universidades catalás non pase nada, pero en todo caso, téñeno moi calado. Vou dar números: nas seis Facultades en Cataluña de Filoloxía Catalá, no curso 1999-2000 había 2.061 alumnos matriculados. No curso 2005-2006 baixouse a 1.171. Se sacamos a UOC, a Universidade Aberta, con xente de máis idade, estes números son aínda máis reducidos: 1.852 no primeiro período mencionado, e 699 no segundo. Un 38% menos. É o que hai. Se consideramos a Universidade como o último elo da cadea do sistema educativo, o pracer pola lectura quedou substituído por outro tipo de praceres e intereses. Non non estrañemos de que isto suceda nestes momentos. Imos a unha situación na que estamos a recoller o que desde a escola se está a sementar, e moito máis na situación dos últimos anos en Cataluña, cunha inmigración moi elevada, xa non interna, senón proveniente de varios continentes. Veñen tradicións distintas e hai unhas urxencias determinadas que relegan o valor da lectura. Eu, que fun educado por idade na época do franquismo e en lingua castelá, aínda conservo ese valor. Nacín no 55 e aínda recordo o día no que apareceu meu pai cun aparello de televisión. Hai unha serie de referentes que xa non existen. Tampouco é tan extraordinario o que conto. Hai solución? Si, pero desde a base, non desde a Universidade.

Iratxe Retolaza

Falando dos Premios, este ano houbo unha polémica por un premio que dá o goberno vasco, da man neste momento do lendakari Ibarretxe, na modalidade de euskara e na modalidade de castelán. 30 escritores dixeron que non querían ser premiados porque os críticos literarios que entraban en xogo atendían aos intereses do goberno vasco. Alá o goberno vasco fixo política cultural co esforzo de exportar e traducir, a través do Instituto Etxepare. Hai dúas correntes, a xente

que quere saír, e a xente que pensa que a lexitimación non debe vir de fóra, e non está de acordo con ese tipo de política. Son dúas correntes enfrontadas que se manifestaron a propósito deste premio. De feito, dos cento e pico libros publicados que poden optar ao premio, só poden ser premiados trinta, porque o premio pide que o autor asine que vai aceptalo e comprometerse a asistir ás presentacións.

Ángel Basanta

Recollendo algunha das cuestións presentadas, quero falar primeiro do crítico profesional. Non sei eu se sería bo que existise no sentido de que teña o crítico nesta tarefa a súa primeira profesión, da que coma e dea de comer aos seus fillos. Non o sei, porque entón as dependencias serían tremendas. Non hai que ser inxenuos.

Eu chamaría crítico profesional ao que fai cada mes polo menos dúas, tres recensións –non hai tempo para máis. Neste sentido, e non no outro, falaríamos de crítico profesional. Esta situación dálles máis independencia aos críticos, nun sistema amplo onde a súa función está ben instituída, e poden estar ata ben pagados. A empresa pode botalos cando queira, claro, xa que o suplemento lle dá prestixio cultural a unha empresa xornalística, pero tamén moitos quebradoiros de cabeza. Porque pensemos que un xornal, co suplemento, beneficio económico non obtén ningún.

Sobre o crítico impresionista, entendéndoo non como inxenuo –se lemos a Eco, a inxenuidade hoxe na arte non existe. O que fai ese crítico é máis ben unha recreación, propia de épocas pasadas, pero interesante para min, que sempre me gustaron as críticas feitas por escritores. Vargas Llosa é tan bo crítico como novelista, por exemplo.

Sobre os medos direi que cómpre curalos. Gústame lembrar que André Gide rexeitou en Gallimard a serie de Marcel Proust. E aí está Gide e seguimos a ler *Les Faux-monnayeurs*. Clarín non entendeu nada de Valle Inclán, e foi o mellor crítico literario do seu tempo. Hai un libro de Constantino Bértolo que recolleu erros da crítica, e, léndoo, un reconcíliase consigo mesmo. Ninguén vai negar que Clarín é un bo crítico ou que Gide é un bo lector, ou que quizais non era malo o que rexeitou *Cien años de soledad*, ou as tres editoriais que rexeitaron a primeira novela de Luis Landero, *Juegos de la edad tardía*. O erro é a servidume da crítica literaria, fágase onde se faga. Outra cousa é que te equivoques sempre

Sobre os premios direi que son unha prostitución absoluta. Agora, eu deféndoo. O que pasa é que cadaquén ten que saber por onde navega. Non é o mesmo, e voume mollar, un premio literario Planeta que un premio Herralde. Non é igual. Se imos a un Planeta, ao mellor a literatura escapou de alí. Se imos a un Herralde, pois aí hai unha aposta, que pode estar acertada ou equivocada, pero

aparecen ás veces rapaces novos con noveliñas novas premiadas. Existen outros nos que só hai razóns comerciais para convocalos, e se compite, por exemplo, Lucía Etxebarría con Lobo Antunes, gana Lucía Etxebarría. Cito o Premio da Crítica, que é o más limpo de toda a historia, non porque eu participe nel, senón porque o tempo teno avalado nas súas máis de 50 convocatorias. Non se pode facer unha historia da narrativa española sen este Premio, e os seus gañadores, de Sánchez Ferlosio a Miguel Delibes ou Gonzalo Torrente Ballester. De todos os demais, incluído o Nadal –salvo na primeira etapa–, podes prescindir para facer esa historia da narrativa. Hoxe parece que o Nadal se recobra, porque a novela de Eduardo Lago me parece excelente.

Sobre o lector. A literatura é un acto de comunicación, desde un emisor a un receptor, e se non temos o último chanzo, o do lector, algo falla. Hai un artigo de Dolores Vilavedra na revista *Grial* falando da necesidade de creación do lector galego que apunta de cheo ao problema. Efectivamente, un sistema cun lector demasiado preso do ensino non pode funcionar ben, e isto é algo que habería que debater. Porque a literatura hoxe se move en canles de produción. Un libro édítase porque hai unha persoa que inviste nunha editorial da súa propiedade e ten que sacar libros, porque meteu cartos para gañar cartos. Non é igual producir libros que ladrillos, pero o editor tamén quere gañar cartos. Por mal que nos pareza, a literatura está metida nese sistema de produción. Outra cousa é separar as árbores do bosque, e aí é onde está o traballo da crítica literaria.

Joan Josep Isern

Isto de ler, escribir e opinar sobre quen le e escribe sempre foi cousa de poucos. Falouse da crítica impresionista. Eu creo moito no compoñente apaixonado da crítica cando se escribe nun xornal. Moitas veces funciona mellor o sistema do apaixonamento, entre outras razóns, porque non se ten apenas tempo de abaxar as tensións, e tense un pouquiño menos de distancia e separación en relación con libro. Cando atopas –non sempre, por desgraza, un libro do que opinas que é unha perla, aqueles centímetros cadrados de papel son de ouro, porque te fan sentir privilexiado, e fan que penses que, escribindo dúas ou tres veces ao mes e sendo máis ou menos coñecido, aqueles que cren no que dis xa che xustifican o traballo e fan que valla moito a pena. Iso é o que nos paga.

Sobre os premios. Gran parte dos que se editan en Cataluña xa teñen os exemplares para o autor, para que os reparta entre parentes. Son premios de segunda o terceira categoría, avalados polos concellos, que paralelamente serven para xustificar certas partidas de determinados orzamentos. É certo que algúns serven para que a xente nova se dea a coñecer, aínda que pouco se consegue se o libro non se distribúe e se vende fóra do círculo do autor. Existe o problema dos almacéns, ademais. Os grupos editoriais, se levan catorce meses co libro no almacén, termi-

nan queimándoo ou guillotínándoo ou facendo pasta de papel e reciclándoo. Mandan unha carta ao autor, cando hai sorte, por se quere quedar con algún exemplar.

Eu estou a falar de cousas de futuro nas miñas intervencións. En Cataluña temos unha experiencia, aínda moi nova, que está en Internet e se chama <relat-sencatala.com> (relatos en catalán .com), que vén sendo unha alternativa á distribución editorial. É unha páxina Web na que a xente escribe, envía os seus textos, novelas íntegras, poemarios, etc. Hai un pequeno grupo de recepción que lles dá entrada. Pero a censura é dun nivel bastante baixo. Apareceu na rede e así xerouse unha pequena comunidade de xente que pon asteriscos, comenta, e entra en diálogo cos autores. Isto é moi enriquecedor e representa unha liña nova que subverte a estrutura editorial. Ten un inconveniente, que cada vez o será menos, que é que o obxecto libro, os libros que nos dan na editorial para que repartamos aínda ten unha liturxia, unha mística, que non ten unha pantalla volátil en Internet. Pero tal como está o sistema editorial, e en Cataluña estamos creando grandes concentracións de editoriais, é una saída que permite esta posibilidade de difusión dos propios textos, en diálogo con todos aqueles lectores que queren intervir, establecendo unha relación entre autor e público que o libro convencional non ten. Isto empezou hai tres anos, e pouco a pouco vai medrando.

Primeira enquisa á crítica galega

Xosé M. Eyré

Os críticos son lectores expertos. Pódense atopar outros coa mesma capacidade lectora, con máis non é doado. Para máis, un crítico nunca é lector ocasional senón adicto, ás veces mesmo compulsivo. Porén, que é o que os levou a chegar a iso, que lecturas, que autores lles prenderon para sempre as mans ás tapas dun libro, dun libro do que apenas se perciben cambios de títulos, de autores, de formatos, de asuntos, pero que en definitiva non son máis que os capítulos dunha historia interminábel da cal renuncian a saír e na cal procuran intensamente continuar partícipes? Se xa sería ben interesante coñecer estas respostas na voz de calquera lector, pois cabe supoñer que as súas palabras acheguen datos interesantes á hora de ampliar o horizonte de lectores en calquera sistema literario, cabe supoñer tamén que as respostas dadas polos críticos poidan ter especial interese. Obviamente.

E que opinan da Literatura Galega, cales son as súas potencialidades, cales as deficiencias, como se pode mellorar, ninguén mellor capacitado para responder que quen vive, intensamente, como receptor privilexiado da produción literaria.

- A.- 1) Cando, en que momento te convertiches nunha lector/a adicto/a (non ocasional)?
2) Existe algún título, ou títulos, que tiveran a culpa diso?
3) En que mellora a túa vida ser lector?
- B.- 1) Na túa opinión, cales son as deficiencias do Sistema Literario Galego?
2) Cales son as súas potencialidades?
3) Como melloralo?

Levou-se a cabo a enquisa a través do correo electrónico, entre membros da Sección de Crítica da Asociación de Escritores en Lingua Galega. As seis preguntas organízanse en dous apartados. Dunha banda, tres preguntas relativas á propia experiencia como lector. Doutra banda, outras tres, neste caso inquirindo sobre o sistema literario galego. Introspección e análise, da/na atmosfera vital consumida nas letras da lingua que levamos no sangue.

Nesta primeira experiencia, pecando de optimismo, limitouse o espazo á extensión de un folio, unha folla word por pregunta. Porén, en máis ocasións das que nos gustaría, os benevolentes enquisados aplicaron esta esixencia ao total da enquisa, de aí a brevidade. Debe terse en conta tamén, que se trata de preguntas de longo alcance e que para responder nunha enquisa tenden a conducir á xeneralización.

BLOQUE A

Calquera estadio vital resulta axeitado para facerse adicto á lectura. Desde esta perspectiva pode que as respostas á primeira pregunta non nos provoquen sorpresa. A infancia e a adolescencia son os momentos máis sinalados. A influencia do ambiente familiar sublíñana Olivia Rodríguez, tamén o podemos inferir das respostas de María do Cebreiro, Isabel Castro ou María Xosé Queizán. Aínda que a plena consciencia da adicción á lectura non se manifeste até a adolescencia, casos de Armando Requeixo, Alfredo Ferreiro, María Xesús Nogueira ou Camiño Noia. Xa na adolescencia, Armando Requeixo achega a insatisfacción que lle provocaban as lecturas escolares; esa insatisfacción é máis fonda en Roberto Pascual, para quen a reacción contra as lecturas impostas vai resultar decisiva. Eis dous casos que poñen enriba da mesa a iniciativa propia, como aguillada que debemos valorar –tamén Olivia Rodríguez–. Mais, os amantes do dato curioso, acharán compracencia na resposta de Joaquim Ventura, para quen, como lector en galego, xa adulto, a lectura das páxinas de *A Nosa Terra* resultaría decisiva, así como a descuberta de Cunqueiro.

Polo que respecta á segunda pregunta (os títulos que teñen a culpa da adicción á lectura), as respostas son moi variadas. Isabel Castro sinala o decisivo que resultou o coñecemento da obra de Manuel Rivas. Armando Requeixo e Alfredo Ferreiro inciden na importancia das lecturas de xénero. Evidentemente, para os lectores adictos, non ocasionais, sinalar un, ou inclusive varios títulos, non é tarefa sinxela, son moitas lecturas e moitas paixóns as que hai que revisar, rebuscar, no tempo e no interior de nós. Velaí, logo, que Camiño Noia prefira citar preferentemente autores (Flaubert, Sartre, Camus e Malraux, Jules Régis Debray a Marcuse), mais Isabel Soto amósase incapaz de salientar un título por riba da voracidade lectora, a auténtica protagonista. Pola súa banda, Laura Caveiro é tamén incapaz de salientar un ou varios títulos, polo que ofrece un amplo abano

de lecturas que a satisfaceron especialmente e remata a redacción baixo o amparo *ad aeternum* dos puntos suspensorios...

Eis unha listaxe de títulos e autores:

Banda deseñada:

Astérix (Albert Uderzo e René Goscinny.); *Tintín* (Georges Prosper Remi, pseudo Hergé); *TBO*; *Pulgarcito* (o conto dos Grimm tamén, queremos entender); *DDT*, *Capitán Trueno* (do dúo Víctor Mora e Ambrós), *El Jabato* (Mora, tamén); *Hazañas Bélicas* (Boixcar), *Vidas ejemplares* (edit. Novara).

Obras literarias:

O principião, Antoine Saint-Exupéry, lembrado máis dunha vez; *Sandokan*, de Emilio Salgari; *Vinte mil leguas de viaxe submarina*, de Xulio Verne (Verne tamén é lembrado máis dunha vez); *Robinson Crusoe*, de Daniel Defoe, tamén repetido; *Guillermo Tell*, de Schiller; *A galiña azul*, Carlos Casares; *Follas Novas* e, en xeral, a poesía de Rosalía de Castro, é mencionada varias veces; *Rayuela*, Cortázar, eis outro dos títulos máis lembrados; *Cien años de soledad*, García Márquez, tamén outro título bastante común; *Con pólvora e magnolias* e os relatos de Ferrín; *Si o vello Sinbad volvese ás illas*, Cunqueiro, con este ou con outros títulos Cunqueiro é dos autores máis queridos; *Que me queres amor*, Manuel Rivas; *Wuthering Heights*, Emily Brontë, tamén mencionado máis dunha vez; *Beloved*, Toni Morrison; *Beatriz y los cuerpos celestes*, Lucía Etxebarría; *Aventuras de Don Quixote*, edición de 1914 da editorial Araluce; *Dúas bágoas por máquina*, de Fina Casalderrey; *Rasmús e o vagabundo*, Astrid Lindgren; *Las inquietudes de Shanti Andía*, Baroja; a poesía de Rosalía de Castro; *O león e o paxaro rebelde*, de Bernardino Graña.

Pola súa banda, Montserrat Pena Presas ofrece unha listaxe aínda máis completa que esta, ante a imposibilidade, ou a inxustiza, de ter que renunciar a citar obras e autores por mor do espazo.

Entre a grande cantidade de nomes de autores clásicos, salienta a presenza de Manuel Rivas e Lucía Etxebarría e autores galegos con obras de Literatura Infantil Xuvenil.

En canto a terceira pregunta, en qué mellora a lectura vida do lector, as respostas son moi claras e categóricas. Vese a literatura como transmisora de verdades de carácter gnóstico, ferramenta útil para o coñecemento humano que favorece a comprensión dos problemas sociais e a mellora persoal, onde a literatura ofrece a posibilidade de potenciar o coñecemento lingüístico, pero tamén calquera outro *ad infinitum*. Evidentemente, o aspecto lúdico está presente, a diversión, pracer, estímulo, compañía. A loita contra a soidade e a posibilidade de compartir sentimentos, nunha sociedade como a de hoxe, non ocupan segun-

do lugar. Hai tamén quen establece diferenzas entre as achegas dos diversos xéneros e quen distingue entre o autoconhecimento e coñecemento da “realidade exterior”, chamémoslle. Igual que quen distingue entre a lectura “profesional” e a libre.

Por suposto, son moitas as respostas nas que se manifesta non poder pensar a vida sen a lectura que pode ser polo xa comentado ou, como di Laura Caveiro: “dáme acougo e felicidade”.

BLOQUE B

A primeira pregunta do segundo bloque versa sobre o mellorábel na literatura galega. Velaí as sinaladas:

- Falta de profesionalidade.
- Sobreprotección e sobredimensión, os premios literarios como única ventá ao mundo de papel diario, a invisibilidade da literatura galega e necesidade de mellor proxección.
- Dependencia das subvencións.
- Diminuído papel das bibliotecas.
- Necesidade de campañas a prol da lectura máis eficaces.
- Papel da Asociación de críticos.
- A proxección exterior, e a posíbel visión endogámica.
- Os prexuízos a respecto da formación do canon, o desequilibrio provocado polo desenvolvemento acelerado dalgúns campos.
- O que comporta ter como vehículo de expresión unha lingua con urxentes tarefas pendentes.
- A loubanza pegañenta das recensións *amigas*.
- O ambiente abafante dos grupíños.
- A pedantería insufribel dalgúns críticos.
- A febleza dos editores que esnaquizan libros colectivos con verdadeiras trapalladas por non saber seleccionar.
- Prezo dos libros, a necesidade da asociación de críticos.
- Instrumentalización da LIX.
- Falta de formación dos mediadores.
- Sociedade de baixo nivel cultural, baixa estima do propio.
- Renuncia á edición en castelán, vencellos con editoriais foráneas.
- Papel da literatura de consumo e da diversificación dos espazos editoriais.
- Na narrativa: excesivo protagonismo da evasión.
- Os riscos da nacionalización do repertorio literario.
- Falta dun mercado propiamente galeguizado.
- Estratexias comerciais das editoras.

Polo que respecta á segunda pregunta, a fe nas posibilidades, no que está por facer resulta inquebrantábel, aliméntanse dos logros da LIX así como da necesidade de exportarnos, de proxectarnos no exterior desde o noso propio espazo, un espazo que brinda a posibilidade da experimentación non condicionada, de abrírnos camiños. Mesmo se salienta unha parte do lectorado galego, afeito ao alto grao de estilismo verbal.

Como melloralo? É a terceira pregunta. Un adianto das propostas:

- Promovendo a lectura nas capas sociais galegofalantes máis necesitadas. Desde a nenez, reclamando a responsabilidade dos pais.
- A literatura de quiosco e a tradución como coadxuvantes.
- Mellorar a divulgación e distribución.
- Necesidade de traballo serio no sistema educativo.
- Potenciación da rede de bibliotecas.
- Mellorar a formación dos mediadores.
- Promover a profesionalización dos axentes implicados.
- Evitar que a literaria sexa unha carreira de vaidades.
- Uso das posibilidades que ofrece Internet.
- Imprescindíbel poder acceder desde o galego á oferta literaria de calquera outra lingua.
- Poñer en valor a LIX.
- Manifestarse desde unha perspectiva galaicocéntrica, conectada ao resto de manifestacións artísticas propias do país.
- A proxección exterior non debe obsesionarse coa opinión de Madrid e si ter en conta que a nosa cultura máis próxima é a lusófona.
- A crítica debe apoiar o que representa orixinalidade e modernidade e procurar a concorrència, a sinerxia que ofrece o mercado, a actualidade.
- Redefinir as estratexias editoriais.

E unha lembranza: a normalización lingüística, como vía para restaurar o prestixio a nivel interno e tamén internacional.

Logo deste adianto contextual, boten unha ollada ás respostas de cada un d@s crític@s.

MARÍA DO CEBREIRO

A.- 1) En canto aprendín a ler, case dende que teño memoria.

A.- 2) Máis que títulos específicos, as miñas vivencias na casa, de pequena. Tiven a sorte de medrar rodeada de libros, e a lectura sempre representou para min a posibilidade de acceder ao descoñecido. Sempre foi unha vía para exercer

a curiosidade e un modo de relación co mundo. Sendo os meus pais escritores, penso que a lectura e a escrita, entendidas como dous momentos dun mesmo proceso, chegaron a se converter nun símbolo poderoso do acto de dar e de recibir amor. Xa na adolescencia, e por citar algún libro, foi decisiva a novela *Rayuela*, de Julio Cortázar. Impactoume sobre todo esa concepción do libro como unha caixa de ferramentas que podía usar con máxima liberdade, esa idea da lectura como creación.

A.- 3) Non sei se é unha experiencia de mellora, pero si de transformación. Penso que a lectura ten o poder de darlle máis densidade ao vivido. Fronte a esas concepcións tan estendidas da lectura como evasión ou fuga do real, eu penso que a literatura crea un espazo de reflexión que nos convida, e mesmo nos obriga, a reparar nas condicións en que transcorre a nosa propia vida. Actualmente insístese na idea da lectura como fonte de pracer. Sen negar esa realidade, sen dúbida poderosa, tamén me parece importante incidir en que a lectura pode ser un exercicio de exploración, por veces difícil, e un acto de compromiso. Neste sentido, a lectura, en tanto viaxe cara ao real, en tanto vehículo cara á autenticidade, pode chegar a ser o contrario desas experiencias alienantes ás que de cote somos inducidos no denominado “capitalismo avanzado”.

B.- 1) A propia denominación “sistema literario galego” denota unha deficiencia. Estou certa de que se este cuestionario fose redactado en Francia, por aducir un exemplo, a pregunta sería formulada doutro xeito, ao tempo máis preciso e máis sinxelo (a saber, “cales son as deficiencias da literatura galega?”). SLG é un tecnicismo teórico-literario do que, ao meu entender, se fai dende hai non moitos anos un uso claramente abusivo. Se o empregamos na súa acepción cabal, derivada da implantación das teorías empíricas e sistémicas ao estudo da literatura feita en Galicia, a etiqueta “sistema literario galego” obrigaría a considerar, entre outras, a produción literaria dos escritores galegos en lingua castelá. Se non estamos dispostos a facer isto, como axentes comprometidos en determinados procesos de planificación cultural (lingüístico-literaria, neste caso), haberá que asumir que o que xeralmente se entende por SLG equivale, nin máis nin menos, á etiqueta “literatura nacional galega”. Dos riscos da nacionalización dos repertorios literarios alertaron autores como González Millán e Antón Figueroa. Cando en *Diglosia e texto* Figueroa falaba de “filoloxización da cultura” estába-se anticipando, se cadra, a esta omnipresencia do termo Sistema Literario Galego nos debates entre escritores e críticos.

Non hai institución literaria que non teña deficiencias. A propia pregunta denota unha carencia, e forma parte desa inferioridade asumida que precisamos desterrar. O estatuto historicamente periférico da cultura galega ten, fronte ao que se adoita cavilar, moitas potencialidades. Para aproveitalas habería que deixar de lado a teima normalizadora, que en xeral encobre unha tentativa de homo-

xeneización e de entrada no mercado tardocapitalista dos bens culturais, como se ese fose o único camiño que garantise a continuidade e a saúde dunha literatura. En última instancia, ese é un camiño que leva, baixo o meu criterio, á banalización da cultura. Penso que á hora de planificar os repertorios culturais habería que contar, precisamente, con ese carácter periférico e facer del unha bandeira, e non unha pexa. Nesta acepción, periférico non quere dicir inferior, senón resistente. Nun mercado literario global cada vez máis dominado polos grandes grupos de comunicación, as literaturas pequenas deberían opoñer unha enerxía alternativa, e deixar de emular as literaturas consideradas “normais” –que por desgraza, e xeralmente, son unha ou dúas, como moito. Por poñer un só exemplo, á hora de planificar a tradución, penso que habería que evitar as compulsións comparativas, que consisten en tentar traducir un canon contemporáneo de autores previamente escollidos como relevantes por outras institucións literarias do entorno. Aí a literatura galega tería que aspirar á vangarda, ao diálogo de ti a ti con tradicións literarias afastadas no tempo e no espazo, para ser verdadeiramente pioneira. O outro camiño hanos seguir levando pola vía de colonización cultural, por moito que as editoras tenten anticiparse en meses ou en días ás seleccións feitas polos axentes de outros campos literarios. Esa é unha loita perdida de antemán. A estratexia, aquí, consiste en innovar situando o centro no nosos propio campo, non en tentar ser os primeiros na orde da produción para rematar sendo os últimos na orde do consumo.

MARÍA XOSÉ QUEIZÁN

A.- 1) Moi noviña. Aprendín a ler aos 4 anos. Nena única, xogaba cos libros na biblioteca do meu pai. Comecei a ler indiscriminadamente. Lembro follas atractivas de cores rechamagueiras, que de maior souben que era a revista *Resol*. Nelas debín ler a Rosalía e García Lorca. Ninguén guiaba as miñas lecturas.

Nunca fun afeccionada aos tebeos. Tampouco o fun, despois, aos cómics. Non sei por que.

Na casa da miña tía e tío na Coruña, onde teño pasado tempadas na infancia, lía unha fermosa colección de lendas do mundo clásico, nórdico... Tamén na Coruña, nos Cantóns, onde me levaban a xogar coa miña curmá, metíame nunha biblioteca que había, xa non hai, no medio dos xardíns, e gozaba lendo.

Na adolescencia compraba as novelas de Pearl S. Buck. Ademais da biblioteca do meu pai e avós, foi determinante a de Emilio Soneira Maside, médico que se instalou no 1º piso da miña casa cando tiña 6 anos. Na súa biblioteca descubrín non só literatura, senón aos filósofos existenciais que me interesaron na xuventude.

A.- 2) O libro que debeu ter máis influencia foi *Aventuras de Don Quixote*. Trátase dunha edición de 1914 da editorial Araluce, que pertencera ao meu pai. Estaba dedicada á infancia, pero era un libro coidado con tapas vermellas e unha fita da mesma cor para marcar a páxina, cantos dourados e 25 láminas, unha por cada capítulo. Unha pequena xoia que aínda conservo, moi sobada e deteriorada. Foi o meu libro de lectura fundamental, pero ademais era utilizado para facerme ditados e, incluso, análises gramaticais de partes que aínda están marcadas por cruces.

A.- 3) Non podo concibir a vida sen libros. Escribir e ler é o máis estimulante.

B.- 1) En 1º lugar comentar que a Literatura, á falta de Institucións propias, foi o cerne da identidade, do prestixio e a salvación da lingua. Na actualidade, as deficiencias son políticas, non literarias.

Mesmo así, a narrativa non cumpriu o seu papel de substituír a carencia de historia e mostrar a realidade do país. Iso que Marx destacaba positivamente nos novelistas do XIX, como Balzac. A tendencia á fantasía, a fuxir da realidade, a fomentar a alienación, máis que o coñecemento, foi un atranco.

B.- 2) O estilo. Creo que en Galicia considéranse grandes escritores a quen son soamente bos estilistas. Somos, a minoría que lemos en galego, sibaritas da literatura.

B.- 3) Canto @s creador@s, vai de seu. A democracia e o internacionalismo obriga a saír dos mitos platónicos. O problema está na lingua, na carencia de prestixio da mesma, na ausencia de normalización. Isto depende da imbecilidade dos que pretenderon e pretenden illar o galego da súa comunidade lingüística que é intercontinental, ampla e importante. En lugar de prepararnos a morrer en soidade, a nai da lingua debe recuperar o seu papel, o prestixio e as editoriais o mercado internacional.

CAMIÑO NOIA CAMPOS

A.- 1) En que momento te convertiches nunha lectora adicta.

No bacharelato, lendo libros de aventuras e historias dramáticas, como *Sen familia* de Hector Malot; e na universidade afeccioneime aos libros de tema político e literario.

A.- 2) Non podo indicar títulos concretos. Gocei moito coa segunda lectura do *Quixote* e coa de obras de autores franceses: Flaubert, Sartre, Camus e Malraux. Pero tamén lendo a Régis Debray, a Marcuse...

A.- 3) En xeral, mellora a miña calidade de vida.

Cobre ocios, coa lectura nunca me aburro.

Achégame novos coñecementos e faime compartir sentimentos con outros seres humanos.

B.- 1) Carencia dun espazo de libros de divulgación, de quiosco, sobre temas demandados pola xente común, traballadores, xubilados.... Narrativa con fortes doses de sentimentalidade, decoración, horticultura, fútbol...

E falta de publicidade da lectura e dos libros galegos nos medios de comunicación audio-visuais (radio e televisión).

B.- 2) A produción editorial, especialmente de obras de creación.

B.- 3) Promovendo a lectura nas capas sociais, galegofalantes en certa medida, sen estudos con libros de divulgación: noveliñas de fácil lectura, biografías de personaxes coñecidos e libros de axuda, nos traballos do campo, da industria...

A literatura de quiosco e a tradución, aínda que estean en esferas periféricas, son necesarias para a boa saúde do sistema literario.

E para que chegue aos posibles lectores e lectoras será imprescindible a propaganda de libros na televisión, en horarios de alta audiencia, non á 1 da mañá.

MONTSERRAT PENA PRESAS

A.- 1) Penso que xa no colexio, cando tiña dez ou once anos, me convertín xa nunha lectora adicta. O descubrimento da banda deseñada máis clásica da época (*Zipi e Zape, Mortadelo, 13 Rúa del Percebe, Don Miki...*), que gozaba naquel tempo doutra saúde ben diferente á que ten agora, fíxome chegar directamente á literatura.

A.- 2) No meu caso existen moitos libros que tiveron a culpa diso. Das primeiras lecturas que lembro rematar con verdadeiro afán, están as creacións para rapaces, ou máis ben para rapazas, de Enyd Blyton (a serie de “Os cinco”, as series de internados “Torres de Malory”, “Santa Clara”, etc...), que valoro en canto me afeccionaron a ler coma se fose unha droga. Xa con 13, 14 e 15 anos lía moito en galego (xa que eu fun desas primeiras xeracións que accederon á lectura cando xa había unha literatura infantil e xuvenil consolidada na nosa lingua): Agustín Fernández Paz, do que recordo especialmente os seus *Trece anos de Branca*, e Fina Casalderrey, da que lembro *Dúas bágoas por máquina*, eran os meus preferidos. Porén, xa daquela alternaba a lectura de libros específicos para a infancia e a mocidade, con libros dirixidos, en principio, a un público adulto. Os libros de Agustín e Fina leváronme á poesía en galego, non sei moi ben de que xeito: caeu nas miñas mans Rosalía por unha banda e pola outra Celso Emilio, co que comecei a interesarme aínda máis pola literatura galega. Despois viñeron outros, que xa nunca me abandonaron coma Novoneyra, Ferrín ou Pilar Pallarés. En español comecei con Neruda, seguí coa Xeración do 27, especialmente con Cernuda, e paseime despois á chamada Segunda Xeración dos 50, dos que non podo deixar de ler a Ángel González e Gil de Biedma. A partir do meu

afondamento no mundo poético, cheguei á novela, aínda que no intervalo lera xa algunhas das grandes, das que non podó deixar de sinalar *Cien años de soledad*, *La Regenta* e *Os camiños da vida*.

A.- 3) Esta é unha pregunta á que me é moi difícil contestar, seguramente porque xa non me imaxino a miña vida sen ter un libro nas mans. Mais penso que ser lectora cambia a concepción do mundo, pois ofrece a posibilidade con soñar con lugares e xentes coas que só estiveches a partir da palabra, fornecendo así a quen le dunha ollada máis aberta a todo o novo. Logo, a poesía, dá a esencia das cousas, da vida, ten un xeito de fucionar que vai ao cerne da cuestión e que á vez, nos momentos complicados, ofrece unha sorte de consolo, de benestar, de tranquilidade. En ocasións, os libros tamén son un lugar para fuxir.

B.- 1) As deficiencias do Sistema Literario Galego atópoas en varios ámbitos diferentes, aínda que todos están estreitamente relacionados entre si. Por unha banda, penso que existe unha dependencia bastante grande do mundo institucional, da subvención, por parte das editoras. A esixencia de ter que funcionar coma unha empresa normal (por chamarlle dalgún xeito) faría, na miña opinión, ás editoriais galegas máis competitivas, máis profesionais (por así decilo, que non quere dicir que non o sexan), máis abertas ao que ocorre fóra das fronteiras do país (aínda que neste último ano, co éxito que tiveron as traducións, creo que esta tendencia comezou a se inverter). Por outra parte, e no que atinxe ás bibliotecas, existe unha carencia de infraestruturas básica. Serían necesarias máis, en distintos lugares do país; mentres sería tamén preciso que as que haxa tivesen moita máis visibilidade. Ademais, habería que prestarlle moita máis atención ao público máis novo, e tamén máis esixente. Neste sentido, percibo unha certa perda da ilusión que había, por exemplo, hai quince anos, cando eu era unha nena. Daquela, como os libros infantís e xuvenís eran moito menos, penso que se valoraban moito máis. Nesta liña, habería que facer campañas de fomento da lectura moito máis eficaces, que os libros se visen na rúa, para que ao final ese lector ou lectora galega tan procurado se formase xa dende a infancia, vendo as letras en galego como algo habitual, presente diariamente na súa vida e non só o 17 de maio e na feira do libro que toque.

No que respecta á crítica galega, penso que o noso é aínda un estatuto difuso e pouco recoñecido, tanto pola maioría dos autores e autoras como pola maioría dos editores, como o amosan ás veces a composición dalgúns xurados de premios literarios, en que non hai ninguén primeiramente se recoñeza como crítico, aínda que no mesmo xurado non falten escritores, bibliotecarios ou xentes do mundo da cultura. Nese sentido, penso que a Sección de Crítica dentro da Asociación de Escritores en Lingua Galega pode ser un primeiro e grande paso para normalizar a nosa situación, para que se recoñeza, en certa maneira, que somos profesionais.

Finalmente, o sistema literario galego tense que afrontar coa pantasma dos medios de comunicación, para facerse máis visíbel, máis presente neles. Para que a xente vexa, en definitiva, que a literatura galega é unha cousa viva, que existe, que é real e que está á altura de moitas outras literaturas.

B.- 2) Creo que as potencialidades do sistema seguen a ser moitas, dado que queda moito aínda por explotar. Unha, que a min me parece fundamental, é a exportación de obras, que se venda literatura galega fóra do país e que a xente do Estado a poida recoñecer como tal. O procedemento inverso tamén me parece unha grande potencialidade: que cheguen obras da literatura universal contemporánea e que poidamos lelas en galego, que non necesitemos un sistema intermedio para achegalas a ela. Por outra banda, tamén polo eido de investigación no que me centro, a literatura infantil e xuvenil seméllame unha das maiores potencialidades do noso sistema literario, xa que non por acaso hai tantos escritores e escritoras de noso que nos últimos anos recibiron o Premio Lazarillo. Ademais, o recoñecemento internacional de obras como *O armiño dorme* parece indicalo así.

B.- 3) Como indicaba na pregunta B1, penso que a clave está na promoción das letras en galego durante todo o ano, en campañas eficaces de fomento da lectura e en procurar cada vez máis apoio dos medios de comunicación.

JOAQUIM VENTURA

A) Unha primeira advertencia no tocante a min é que, como lector en xeral, cómpre sinalar tres etapas: unha coma lector en castelán, outra coma lector en catalán e outra coma lector en galego. E dentro diso facer unha distinción entre ser lector de libros e lector de prensa.

As miñas primeiras lecturas continuadas, cando adolescente (falo do período 1962-1967), foron os libros da colección “Historias”, de Bruguera, e revistas infantís como *TBO*, *Pulgarcito*, *DDT*, *Capitán Trueno* (do dúo Víctor Mora e Ambrós), *El Jabato*, alén de *Hazañas Bélicas*, de Toray (con guión e deseño de Boixcar), e *Vidas ejemplares* da editorial mexicana Novara. En paralelo, eran lecturas fixas na casa dos meus abós maternos, donde xantabamos case todos os domingos, *La Vanguardia* e mais a revista *Destino* (daquela foi cando comezou a “soarme” Álvaro Cunqueiro). Daquela, se houbo un libro que me marcou, foron sen dúbida *Robinson Crusoe*, de Daniel Defoe, nunha edición da cal non lembro datos, e *Guillermo Tell*, de Schiller, na versión castelá (imaxino que adaptada) de “Historias”.

Coma lector en catalán non lembro que houbo algún título determinante se ben si que fun fiel a algunhas revistas de información, coma *Canigó* ou *Oriflamma*. Eu tiña daquela 15-17 anos.

Xa adulto, e sen deixar de ler xa normalizadamente en castelán e mais en catalán, pola miña parella daquela achegueime ás letras galegas mais sen paixón. Algo de Castelao, de Rosalía, C. E. Ferreiro mais, xa digo, sen paixón. Suscríbime a *A Nosa Terra* e aquela foi a miña escola para aprender a lingua galega. En certa ocasión preguntei á miña muller por que, entre os seus libros, non había ningún de Cunqueiro. A resposta, contundente e sen dúbida sectaria, foi contundente: “É un facha”. Acepteina sen máis. Mais, xa nos anos 80 –eu tería daquela trinta anos, aconteceu que rematara os libros que levara para as nosas vacacións. Estabamos nun cámping da ría de Vigo e achegueime á tenda donde vendían prensa e libros. Por curiosidade merquei un Cunqueiro en castelán, *Merlín y familia*, de Destino. Aquilo foi descubrir un mundo novo. Ao noso regreso a Barcelona fun a Sargadelos e merquei diversas obras de Cunqueiro en galego e aquilo si que xa foi paixón. Desbotados moitos prexuízos, seguíronlle *O porco de pé* de Risco e moitos outros. Uns tres ou catro anos despois matriculeime en filoloxías galega e portuguesa.

Canto a qué mellora na miña vida o exercicio da lectura reconeço que, en xeral, non son un bo lector de libros. Alén da ocupación do lecer, a lectura de libros achégame a riqueza léxica dos bos autores e, na medida que teño posibilidade de ler en diversas linguas (alén das citadas, en portugués, en francés e en italiano), tamén teño ocasión de coñecer outras sociedades e outros tempos (ás veces, certas sociedades son, en realidade, outros tempos).

B) Verbo das limitacións do Sistema Literario Galego penso que a base era a condición de mercado limitado que tivo desde o Rexurdimento até a guerra civil –consecuencia de pertencer a unha sociedade de baixa formación cultural e do nulo prestixio das letras propias a prol da literatura en castelán.

A iso cómpre engadir que a primeira proposta de empresa editorial –con capital, organización, xestión– tivo que facerse a contracorrente da ditadura. Non deixaba de ser, e non podía ser doutro xeito daquela, unha opción resistencialista. Coa normalización democrática houbo máis posibilidades de botar adiante outras empresas mais sempre cun horizonte obrigadamente limitado pola propia condición do país (xa que logo no binomio demografía-economía).

Se hai unha deficiencia non imputable ás limitacións sociais de Galicia é a renuncia, en xeral, das editoriais galegas á edición en castelán. Deste xeito, no caso de traducións perden o valor engadido –só cobran polos dereitos, non pola marxe comercial. Alén, textos de autores que están redactados en castelán ou que terían mellor saída comercial en castelán –libros técnicos, por exemplo– son editados por empresas foráneas, co que iso supón de perda económica para as editoriais galegas. Se o comparamos co sistema catalán, editoriais tan senlleiras coma Edicions 62 ou Quaderns Crema tiveron nas súas coleccións en castelán (Península e mais El Acantilado) unha opción empresarial de alta rendibilidade, sen por iso perder a condición catalana da matriz.

Outra limitación que teñen moitas das editoriais galegas é o non vencello (orgánico ou en alianza) con grupos editoriais foráneos (cataláns, valenciáns, franceses, portugueses, casteláns). Iso dificulta, por exemplo, a negociación de dereitos para traducións en galego.

Se cabe sinalar algunha potencialidade do sistema editorial galego segue a ser o perfil dos autores galegos. Non hai unha oposición entre unha visión galega e o estándar español (hai máis permeabilidade que no caso dos catalán, poñamos por caso). Por esa mesma razón, cómpre que a proxeción en castelán dos autores que escriben en galego debería facerse desde Galicia sen prexuízos.

Alén, unha vía non xa de mellora senón de supervivencia ten que ser a vinculación das editoriais galegas a grupos empresariais de semellante proxeción e así poder aplicar mellor as vantaxes dunha economía de escala (traducións, dereitos, publicidade, distribución).

ARMANDO REQUEIXO

A.- 1) Entre os trece e os catorce. Foi entón cando comecei a decatarme de que as lecturas dos textos escolares, con ser ben estimulantes, non satisfacían completamente o meu degoxo literario, así que decidín que o pequeno peto que ía facendo cos cartos que me daban na casa ou me proporcionaba algún familiar onde mellor podía empregalo era na compra de volumes na librerías do meu Mondoñedo natal.

A.- 2) Fun de sempre un lector endemoñadamente ecléctico, así que non sería capaz de sinalar un libro ou uns cantos libros concretos como felices culpables do meu virus literario. Secasí, recordo perfectamente que entre os trece e os quince ou dezaseis anos experimentei unha verdadeira febre lectora de obras de ciencia ficción, (sub)xénero que aínda hoxe segue a ser un dos meus predilectos. Lía todo o que podía conseguir e caía nas miñas mans e, froito daquela vertixe, hoxe conservo unha aceptable biblioteca desta narrativa con ducias de títulos.

A.- 3) A pregunta, moi ampla e suxestiva, obrígame a unha resposta dupla: como lector, chamémoslle, “de lecer”, non entendo o día a día sen a compañía dos libros. Ora ben, como lector, digamos, “profesional” –e acépteseme o termo, pois son ben consciente de que tal denominación é abondo problemática e complexa nun sistema literario coma o noso e, aínda así, non atopo formula máis acaída para nos entender– esta dedicación non sempre “mellora” a miña vida en termos absolutos, pois, como non podía ser doutra maneira, ofrece tanto momentos moi gratificantes coma pasares incómodos.

B.- 1) A cuestión que se suscita é de moi complexa resposta, así que, facendo un esforzo de abstracción, resumirei nun único concepto a cerna desta pro-

blemática: a meu ver, a grande materia pendente do SLG sería a falta de profesionalidade, entendendo o termo en toda a súa extensión (pluri)significativa e con todo o abano interpretativo que se queira.

B.- 2) Todas aquelas que as súas condicións intrínsecas –(intra)sistémicas e socioculturais ou contextuais propias– e extrínsecas –intersistémicas ou derivadas do contacto, cruzamento e influxo en diversas direccións con outras literaturas– lle permiten. Idealmente, as mesmas que calquera outra literatura; na práctica todas as que pode desenvolver superándose no seu avanzar.

B.- 3) Fundamentalmente evitando a eiva consignada na resposta á pregunta B 1.

ROBERTO PASCUAL

A.- 1) A adición comezou en canto me deixaron de impor as lecturas na escola. O verán era unha boa época para a adición, para o vicio lector. Lembro que ter que ler de cabo a rabo *Os camiños da vida* ou *La Regenta* na idade do moco era un verdadeiro exercicio de superviventes. Quizais unha doenza grave que acabou cicatrizando nos hábitos de moitos compañeiros. Pero outros tantos vacinabámonos co antídoto da gozosa letra: a que nos recomendabamos os uns aos outros para o tempo de lecer, que sempre era fóra das aulas. Logo, na mocidade, veu o teatro amador, que de tanto amateurismo se converteu en forte paixón. As sensacións do escenario fíxeronme correr tras as bambolinas á procura insaciábel de títulos teatrais. Pezas, ensaios, técnica... Toda fonte textual era pouca para saciar a sede escénica.

A.- 2) Hai títulos que marcan en boa medida a infancia, o imaxinario das nenas e nenos, a construción dun mundo fascinante paralelo ao dos adultos, que aburrido tantas veces! (eis a importancia capital da LIX na fidelización de lectores). A min, persoalmente, marcoume moito a lectura de *Dúas bágoas por Máquina*, de Fina Casalderrey. Cantas bágoas, si, por aquel animalíño! E cantas lecturas! Porque aquel cativo lía e relía, co libriño xa case esnaquizado de tanto esfollear, a historia de Máquina repetidas veces. Era por ver se, por casualidade, nalgunha ocasión, o final mudaba consonte ao que a mente daquel inxenuo lector desexaba con fruición. Gardo o libro, que tan sanamente me fixo tolear, como un tesouro poderoso, co que algún día agardo poder fascinar en herdo incalculábel a algún pequecho lector.

A.- 3) Mellórana o que nos libros hai de obxectividade e subxectividade. As fontes que alimentan o meu traballo de investigación e o pracer que me ofrecen. Mellórana os mundos imposibles que atopo, a condensación que acho nunha secuencia, o delongado tempo outorgado á descrición do máis insignificante. Mellórana porque me producen sensacións que están por riba de calquera busca

perigosa do goce. Porque os libros teñen a capacidade de ofrecer o mellor pracer ao mellor prezo. Porque case sempre atopo o que busco. Porque na busca, cantas veces me sorprendo! Porque a lectura supón un patio de encontro coas ferramentas que me apaixoan manexar: as da arquitectura da escrita, a palabra moldeada.

B.- 1) No terreo da tradución, que sexa tan deficitaria dita tarefa (certamente, con pulos e interesantes iniciativas recentes como Rinoceronte Editora), no sentido de que aínda teñamos sen traducir para o galego a obra completa dos clásicos (contemporáneos) universais. Na literatura dramática, isto é especialmente preocupante.

A proxección exterior da produción literaria en feiras especializadas (libro teatral, gastronomía, etc.)

B.- 2) As cualidades e potencialidades da Literatura Infantil e Xuvenil. O éxito internacional e a fama de moitos dos nosos escritores. O recoñecemento e talento das nosas poetas. A meirande produción especializada: libros de viticultura, de enfermaría, de deportes... O rico escenario turístico-cultural e a posibilidade latente de creación dunha serie de produtos ao seu redor.

B.- 3) Comprometer aos medios de comunicación escritos do país a que lle dean un espazo honroso á produción editorial galega nas súas páxinas.

No eido público: artellamento dunha rigorosa campaña global de dinamización lectora e cultural, con obradoiros de lecturas, lecturas dramatizadas, seminarios de crítica, book-crossing, encontro con escritores, etc. Implicar a diferentes organismos no deseño e posta en marcha destas campañas de animación sociocultural.

No sistema educativo, solicitar á Consellería de Educación un compromiso serio para a posta en marcha dunha campaña pedagóxica en todos os centros, a través de talleres e actividades que a AELGA podería coordinar segundo as disposicións dos seus socios. Aquí tamén se podería contar coa colaboración doutras asociacións como a de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia, a de Editores, etc.

Interinstitucionalizar a Rede galega de bibliotecas. Fomentar e ampliar os servizos das municipais e das Casas de cultura, para o afortalamiento e aproveitamento estratéxico destes espazos (moitos deles deficitarios, inoperantes e sen plans de actuación ao longo do ano).

No eido privado: recompensar e estimular as actividades de iniciativa propia que desenvolvan as librarías galegas.

ISABEL SOTO

A.-1) Non podo poñerlle unha data concreta á miña “adicción”, pero si sei que foi de nena e no momento no que descubrín os libros e as historias engai-

lantes que neles se contaban. Dende aquela nunca deixei de ler. Creo nesa teoría do “contaxio” da lectura e no meu caso o cómplice foi un dos meus avós. El empréstábame os seus libros (daquela difíciles para min) e eu empréstáballe os meus. Cando tiven que escoller unha carreira, decidínme por Filoloxía. E a vida levoume ao mundo dos libros e, sobre todo, á literatura infantil e xuvenil.

A.-2) Non podería citar un título concreto. Sempre lín todo o que ía caendo nas miñas mans e co paso do tempo intentei releer libros que no seu momento non podía entender e así ir enchendo lagoas.

A.-3) Non podería vivir sen ler. Penso que achegarse a un libro é unha das experiencias máis gratificantes da vida. Son uns fieis amigos e seguen conseguindo que me entregue a eles, como cando era nena.

B.-1) En relación coa literatura infantil e xuvenil (LIX), que é o campo no que traballo e o que máis coñezo, penso que segue a ter algunhas “deficiencias” reiteradamente expostas.

Segue a existir certa invisibilidade desta produción e sen prestárselle a atención que merece, se temos en conta que no sistema literario galego ocupa unha posición importante en canto ao volume de edición, as cifras de facturación e a calidade dos creadores e creadoras. E isto malia que nos últimos tempos teña mellorado considerablemente a situación. Son moitas as novas que non se atenden como merecen e as obras que pasan case desapercibidas. Contabamos hai uns anos cunha única revista galega especializada, *Fadamorgana*, que desapareceu sen explicacións e non se edita dende o ano 2005.

Prevalece un exceso de “instrumentalización” da LIX e segue a chamar a atención a falta de formación dos mediadores, quizais debido a factores como a vinculación da lectura ao período escolar, sempre relacionada coa obriga e tamén ao descoñecemento ou á falta de formación dos docentes. En moitos casos abórdase a lectura nas aulas dende un punto de vista erróneo.

Tamén é patente esa “instrumentalización” nas actividades que desenvolven algunhas institucións e no concepto que teñen da LIX, que non pode ser entendida como unha simple actividade de lecer para “entreter” ou “aparcar” os nenos e nenas ou “telos ocupados” cun contacontos ou cun taller ou coa visita e a charla dun autor/a ou ilustrador/a, actividades que funcionan sempre e cando respondan a un traballo consciente, continuado e, sobre todo, contextualizado.

Por poñer un exemplo, son moitos os mestres que non len, que descoñecen a oferta existente ou que se limitan a seguir as recomendacións das editoriais e os seus catálogos de promoción e materiais elaborados para traballar certas obras (como os famosos valores transversais), sen ter en conta os intereses e as peculiaridades do alumnado ao que se dirixen ou sen elaborar as súas propias seleccións.

O mesmo ocorre na maior parte das bibliotecas, onde os profesionais descoñecen as peculiaridades e a historia da LIX galega, aínda que existan excepcións ben meritorias (Cambre, Oleiros, entre outras), amparadas as máis das veces polo excelente e entregado traballo persoal das súas responsables.

A nivel creativo quizais escasean propostas que asuman algo de risco. Apóstase normalmente pola repetición de modelos e temáticas e por obras mesuradas e politicamente correctas. Publícase moito e non todo paga a pena. Penso que chegou o momento dunha maior selección no que se publica. Xéneros como a poesía, o teatro e a banda deseñada seguen a ter dificultades.

Por outra banda, condénase ao esquecemento con demasiada frecuencia bos libros de fondo, os nosos clásicos ou obras relativamente recentes, que quedan relegadas rapidamente en favor das novidades, tamén pouco perdurables.

A tradución de obras para o galego procedentes de sistemas literarios alleos segue a ser un terreo por explotar e o mesmo sucede coa tradución de obras galegas a outras linguas, un campo que cómpre dinamizar.

B.-2) A produción de LIX é estable e cunha calidade media considerable. Contamos con creadores de gran talento que teñen lectores fieis.

Existen moitas experiencias positivas e interesantes en moitas localidades do país.

En relación á tradución, cómpre destacar o labor de editoriais que dinamizaron o mercado como Kalandraka ou OQO, achegándonos obras clásicas da LIX de todo o mundo ou produtos de calidade pertencentes a outros sistemas literarios.

B.-3) –Poñer en valor a LIX, a súa importancia na formación lectora e no asentamento do hábito da lectura. Penso que cómpre analizar o mercado, estudar as ausencias e promocionar as obras con novas estratexias, sobre todo, para contactar o gusto pola lectura e favorecer a presenza social dos libros. Neste sentido creo que conviría traballar pola implicación da familia e non relegar a lectura unicamente á escola.

–Mellorar a formación dos mediadores, sobre todo en canto a criterios de selección e seguimento das novidades literarias por medios alleos ás editoriais e favorecer a adopción de roles activos en relación coa literatura. Cómpre concienciar o profesorado da importancia da lectura como actividade pracenteira, ademais de educativa e realizar cambios e seguimentos das metodoloxías.

–Elaboración de seleccións diversas, materiais e actividades de promoción, así como os estudos e as investigacións relacionadas coa LIX.

–Utilización das posibilidades de Internet.

–Presentación en galego das novidades literarias de fóra, unha estratexia que comeza a implantarse timidamente e que pode resultar interesante.

ISABEL CASTRO VÁZQUEZ

A.- 1) Aprendín a ler aos 3 anos para poder ler eu mesma os contos que me lían para durmir. Lía en castelán e escoitaba os contos populares da miña madriña en galego. Despois seguín coa literatura xuvenil; aqueles libros gordos que estaban no estante máis alto. Despois da literatura xuvenil, a miña profesora no instituto introduciume á literatura española. A partir de aí chegou toda a demais porque comecei a ler clásicos e contemporáneos de todo o mundo. A novela hispanoamericana (Cortázar, Márquez, Esquivel, Zoe Valdés) e a inglesa (Emily Brontë, Jane Austen, Toni Morrison, Kate Chopin) foron as miñas favoritas durante moito tempo. Cando cheguei á universidade fun a unhas conferencias sobre escritores galegos e hispanoamericanos. Manuel Rivas, a quen nunca lera, deu unha charla sobre o proceso de escritura. Foi tan interesante que ao saír fun á biblioteca da facultade para ver qué escribía. O primeiro libro que collín era de poesía e “Mil” foi o primeiro poema lin. A súa poesía en prosa levoume aos seus relatos e novelas. A partir de Rivas toda a literatura en galego cobrou vida ante os meus ollos. Parecera que tamén foran xurdindo os libros nas librerías ao mesmo tempo pois foi o *boom* da literatura hispanoamericana e logo o da literatura de mulleres e coido que agora tamén é claro o empuxe das literaturas “periféricas”. O mellor que o xurdimento dunhas non vai en detrimento das outras.

A.- 2) *Que me quieres amor, Wuthering Heights, Rayuela, Cien años de Soledad, Beloved, Beatriz y los cuerpos celestes*

A.- 3) Hai grandes doses de pracer e moitas de información. A lectura produce un tipo de pracer que non se pode acadar con nada máis. E se non produce pracer so hai que cambiar de libro que por variedade ou cantidade de libros dispoñíbeis non ha de ser. A aprendizaxe tanto de datos como de experiencia humana que podes obter das lecturas é infinita.

B.- 1) O prezo dos libros. Canto máis doado sexa obter un libro máis lido será. É increíble que se produza papel e se contaminen ríos do país e aínda por riba paguemos os libros en galego máis caros que en castelán ou en inglés. Edicións de peto e libros de segunda man daríanlle máis voo á literatura galega. A calidade e a variedade mellora coa distribución. E a venda de libros por Internet.

Por outra banda é moi necesaria esta formación de críticos galegos para establecer unha plataforma de diálogo crítico con respecto a escritores galegos (no máis amplo sentido da palabra). Agora hai conversas illadas en diferentes países que poderán atoparse nesta asociación.

Finalmente coido que é esencial pensar na literatura de xeito positivo. O sistema literario galego non é mellor nin peor ca outros so é diferente, o cal faino especial de aí a súa valía. Quizais a labor do crítico é ver como é no canto de

ditar como debera ser ou de buscarlle defectos. Hai tanto feito e tanto por facer que o camiño amosase interesantísimo.

B.- 2) Os estudos literarios galegos teñen cada vez máis importancia noutros continentes por non falar do mundo lusófono. Os meus estudantes lusofalantes están encantados de ler en galego.

B.- 3) Mellorando a súa distribución. A publicidade e distribución de libros por Internet pode ser un xeito de chegar ao mundo. Mais as páxinas deben ser doadas de navegar, intuitivas e fiables. O mercado de libros de segunda man por Internet ou non tamén unha excelente, económica e ecolóxica fonte de distribución.

ALFREDO FERREIRO

A.- 1) Na adolescencia.

A.- 2) Se ben me fago lector asiduo na adolescencia, probabelmente coa lectura de novelas do xénero negro e de aventuras, as raíces desta afección naceron na infancia. Lembro con especial cariño, entre as primeiras lecturas que considero máis persoais ou con máis repercusión emotiva:

–*O león e o paxaro rebelde*, de Bernardino Graña. Galaxia: 1969

–A colección de *Astérix* de que se dispuña en galego nos anos 70 (primeiros oito títulos), traducida por Juan Blanco-Amor

–*O principião*, de Antoine Saint-Exupéry. Galaxia: 1979. Traducido por Carlos Casares

–*Sandokan*, de Emilio Salgari

–*Vinte mil leguas de viaxe submarina*, de Xulio Verne

–*Robinson Crusoe*, de Daniel Defoe

A.- 3) A lectura foi o método principal para gozar da literatura. E a literatura permíteme ser un explorador permanente do mundo, sen limitacións de espazo nin de tempo. Os lugares máis afastados, os tempos máis distantes, pasados e futuros, todos os mundos posíbeis, mesmo que improbábeis, están através dela ao meu alcance. Ao tempo, ningún sentimento humano me parece realmente insondábel cando podo contar coa elevación artística da palabra, porque o recurso aos medios poéticos (en senso amplo) permite unha polisemia na transmisión de contidos que en ocasións atinxe o intanxíbel; devén entón un transmisor de verdades de carácter gnóstico, e polo tanto unha ferramenta útil para o coñecemento humano que favorece a comprensión dos problemas sociais e a mellora persoal.

B.- 1) Entendo por Sistema Literario Galego o modo particular de interactuar que teñen todos os axentes do mercado literario na Galiza. Parto de definicións de Sistema Literario como a de Itamar Even-Zohar, ben coñecido dos estudosos galegos de Teoría Literaria, e lonxe doutras definicións que o asimilan co que

simplemente correspondería ao "Repertorio literario galego" (corpus da literatura galega).

Partindo desta base teórica, estimo que o chamado Sistema literario galego é propiamente parte do Sistema literario español, e constitúe talvez un subsistema deste. A orixe da estratexia comercial de moitas das grandes editoras, a perspectiva comercial doutras orixinariamente galegas (pequenas e medianas), a vía de promoción unidireccional dos autores galegos que tenden á profesionalización, a falta dun mercado propiamente galeguizado que promova a profesionalización de diversos servizos literarios (asesores creativos, axencias literarias, etc), e outros moitos factores así o indican.

B.- 2) Todos os obxectivos, mesmo os máis ambiciosos, poden ser contemplados polos creadores e industriais culturais galegos. A nosa moi humilde situación como produtores de cultura provén da imposibilidade de desenvolver unha vitalidade creativa pública e de prestixio na modernidade. Razóns históricas, miserábeis razóns hai que todos coñecen, comezando pola censura que tanto nos ten estigmatizado.

Mais en termos relativos, o galego é evidentemente un pobo tan creativo como calquera. É, ademais, un pobo censurado por séculos que ten unha necesidade imperiosa de mostrar ao mundo as súas capacidades.

B.- 3) Teño a sensación de que novos tempos son chegados. A presión que xa están a exercer novas xeracións por mostrar ao mundo as novas perspectivas artísticas da Galiza é un feito a que debemos atender con urxencia. Moitos axentes traballan nos medios con esta intención xa, e a todos os ámbitos de promoción artística deberían estenderse estas atitudes.

Varias liñas de traballo poden servir de partida no relativo ao Sistema literario:

1.- O Sistema literario galego debe adoptar unha perspectiva galaicocéntrica, no senso de promover os recursos necesarios para atinxir obxectivos que alimenten a cultura galega e a proxecten ao exterior, tendo en conta que alimentar a cultura é tanto recoñecer a tradición artística como refacela ("revisitala") ou oporse a ela (fomento do equilibrio mediante a oposición de contrarios)

2.- O Sistema literario galego debe conectarse ao resto dos movementos artísticos do país: música (cancións), audiovisual (guións), plástico (exposicións conxuntas, improvisacións, obradoiros)

3.- O Sistema literario galego debe tender á profesionalización. A asunción de compromisos de traballo na creación, na edición, na tradución, na crítica literaria ten que provir dun traballo ben feito e ben pago; só así quen paga a creación obtén beneficios coa comercialización e quen escribe ou traduce ten tempo para cumprir co traballo e mellorar a súa técnica. Así tamén se crean en volta dos axentes orixinarios do produto literario toda unha serie de servizos profesionais que se precisan para a captación do lector (consumidor)

4.- O mercado que debe procurarse non pode ser unicamente o de Madrid. Tras a relación co Sistema literario portugués, que debe ser o primeiro debido á proximidade cultural, outros deben promocionarse de modo que se estableza unha comunicación directa desde a nosa industria cultural: Francia, Italia, Alemaña...

5.- Canto á Crítica literaria, e sen pretender uniformizar unha actividade que está suxeita a tantas variábeis, debe promoverse unha actitude crítica que valore con máis obxectividade as obras desde o punto de vista da súa concorrencia cos grandes éxitos do mercado; ao mesmo tempo deben apoiarse aquelas obras que impliquen unha marca de orixinalidade e de modernidade. Os éxitos das nosas obras no exterior favorecen un prestixio que no interior precisamos como estratexia de salubridade pública.

LAURA CAVEIRO

A.- 1) Dende que aprendín a ler naceu en min a paixón pola lectura e sempre tiven ese gusto. Fun lendo na infancia os clásicos infantís, e despois outros clásicos, e na adolescencia, adicta como dis na pregunta, a clásicos de tódolos xéneros e tempos. Nunca fun lectora ocasional. Agora prefiro reler aos clásicos.

A.- 2) *A cabana do tío Tom*, a poesía de Lord Byron, os contos de Andersen, os contos de Perrault, un mundo de clásicos do xénero negro, especialmente as novelas de Hammet e Georges Simenon (Maigret), moito de Xulio Verne, a poesía de Neruda, *Robinson Crusoe*, todo Shakespeare, a poesía de Rosalía de Castro, a de Celso Emilio Ferreiro, *Crime e castigo*, *El Quijote*, *Conversación en la catedral*, *Cien años de soledad*, *Pedro Páramo*, unha chea de novelas de Hemingway, especialmente *Adeus ás armas*, *O segundo sexo* de Simone de Beauvoir, *A náusea* de Sartre, de Camus especialmente *O estranxeiro*, *A caída*, e do teatro Calígula e todo Camus, de Jean Cocteau a peza de teatro *A aguia de dúas cabezas*, *Ana Karenina*, as *Memorias* de Lorenzo da Ponte, *A esmorga* de Blanco Amor, *Merlín e familia*, *O incerto señor don Hamlet* de Cunqueiro e toda a poesía de Cunqueiro, *Cumes borrascosos* de Emily Bronte e mais a súa poesía; *Memorias dun neno labrego*, *De catro a catro*, *O amante* de Marguerite Duras, *As memorias* de Giacomo Casanova, varias novelas de Eça de Queiroz e de Zola, varias novelas de Agustín Fernández Paz, *Voce na néboa* e *Percival* e *Amor de Artur* de Ferrín, *Xoguetes para un tempo prohibido* e *Ilustrísima* de Carlos Casares, *Xa vai o griffon no vento* de Alfredo Conde, o teatro e a poesía de García Lorca, varias obras de teatro de Ibsen, moitísimas novelas de François Mauriac, *Cara a Times Square*, *Contos* e *Bonjour tristesse* de Françoise Sagan, *A laranxa mecánica*, *Ser ou non* e *Eu é* de Xurxo Borrazás, *Cara ao faro*, *O amante de Lady Chatterley* e

os contos de D.H. Lawrence, todas as novelas de Aníbal Malvar, *Que me queres amor* de Rivas, *Loaira* de Rei Ballesteros, *Ruído e Mércores de cinza* de Miguel Murado, *A rocha dos proscritos* de Ramiro Fonte, os *Diarios dun nómada* de Queipo, *Erros e tánatos* de Gonzalo Navaza, *O corazón portugués* de Ramón Loureiro, todo de Samuel Beckett, un par de novelas de William Golding, *Os miserábeis* de Victor Hugo, a poesía e o teatro de Rafael Alberti, *Land Rover* de Suso de Toro, *Leyenda* de Javier Alfaya, *Vento de seda* de Bieito Iglesias, todo Kafka, os contos de Castelao, *Licor de abelá con xeo* de Xurxo Sierra Veloso, *O pabellón de ouro* de Mishima, a poesía de Silvia Plath, os contos de Borges, *Oralmente pola boca* de Cid Cabido, *Madame Bovary*, *Mentres agonizo*, *Ulises*, *A cartuxa de Parma* e *Vermello e negro...*

A.- 3) Dáme acougo e felicidade.

B.- 1) A loubanza pegañenta dos que lle fan reseñas aos seus amigos, o ambiente abafante dos grupiños, a pedantería insufrible dalgúns críticos, a febleza dos editores que esnaquizan libros colectivos con verdadeiras trapalladas por non saber seleccionar.

B.- 2) Todas, está case todo por desenvolver.

B.- 3) Só co tempo, e con menos loubanza pegañenta aos que publican calquera cousa por publicar e consideran a literatura unha carreira de vaidades.

MARÍA XESÚS NOGUEIRA

A.- 1) Se volvo os ollos cara atrás, lembro desde a infancia unha relación entusiasta, aínda que inconstante, cos libros. Creo que foi na adolescencia e na primeira xuventude cando fun consciente dese meu entusiasmo, daquela xa cotián.

A.- 2) Resultámeme difícil pensar nun título, supoño que foron moitos. Sei que entre eles debера estar *A galiña azul*, nunha edición moi fermosa, de cores, manchada de chocolate, e *O principiño*. Despois, nunha etapa máis consciente, *Follas Novas* e *Rayuela*. Tamén *Cien años de soledad*, *Con pólvora e magnolias* e os relatos de Ferrín. E Cunqueiro, *Si o vello Sinbad volvese ás illas*, sempre. E tantos outros...

A.- 3) As palabras escritas son para min un refuxio, unha ventá inmensa ao mundo, unha guía para soñar, un arma secreta... Non sei se, como quería Truman Capote, as palabras me salvaron sempre da tristeza, mais si da soidade. En calquera caso, para min, como para tanta xente, o goce da lectura foi un camiño sen volta que me proporcionou diversión, pracer, estímulo, compañía e coñecemento.

B.- 1) O sistema literario galego non conseguiu desprenderse aínda dalgúnsas deficiencias derivadas do seu desenvolvemento anormal, que se aprecian

nalgúns prexuízos aínda existentes a respecto da formación do canon, así como no desequilibrio provocado polo desenvolvemento acelerado dalgúns campos. O feito de se tratar dun sistema literario de reducidas dimensións e que ten como vehículo de expresión unha lingua con urxentes tarefas pendentes –a recuperación de falantes e a normalización dos seus usos– condiciona a produción literaria. Preocúpame tamén a visión endogámica que o sistema literario poida proxeccionar na sociedade.

B.- 2) Trátase dun sistema literario vivo, cun alto grao de conciencia, de grande liberdade, de territorios inexplorados, no que aínda queda lugar para a experimentación, para a procura entusiasta de novas vías, para a literatura comprometida e para o produto artesanal e raro, que quedaría fóra das grandes canles de distribución.

B.- 3) Resúltame difícil contestar a isto sen caer na simplificación, pois os plans de mellora no eido cultural deben derivar de estudos amplos nos que se escoite a voz dos diferentes axentes, non unicamente dos escritores e críticos. En calquera caso, alén dos apoios institucionais ao libro, é preciso impulsar a lectura nos primeiros anos do ensino, materia tamén pendente. Considero ademais necesaria unha maior responsabilidade e independencia da crítica dos diferentes medios.

OLIVIA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

A.- 1) De nena, xa nin recordo. Medrei entre libros e periódicos (pai escritor e nai tradutora). Compraba, co “peso dos domingos” tebeos no quiosco, coma meus irmáns. E aínda teño gravados na memoria o “Pulgarcito”, o “Tío vivo”, e os tebeos mexicanos que ulían tan ben.

A.- 2) Recordo como me impresionou o meu primeiro libro de *Tintín*, que me chegou aos sete anos, un día de festa pero con amigdalite e febre. Era *O Templo do Sol*. Con Tintín aprendín cousas que aínda me serven hoxe –e serviranme no futuro. Recordo un libro de Astrid Lindgren, *Rasmús e o vagabundo* (en tradución castelán, como todos nos anos sesenta), un canto á liberdade e a independencia que me deixou pouso. A partir dos nove anos quixen empezar cos libros non infantís. Entre eles, aínda lembro a conmoción despois de ler *Las inquietudes de Shanti Andía* (teño a Baroja como un dos mellores, desde aquela e tódalas novelas que seguiron); ou a poesía de Rosalía de Castro, que aprendía de memoria, despois de que miña avoa me cantase a “Negra sombra”. Logo, xa crecida, recordo algún libro máis, como a *Rayuela* de Cortázar. Co tempo, os libros admiran e gustan, pero non deixan esa impresión de longo alcance como os primeiros, os da infancia e adolescencia.

A.- 3) É que non podo pensala sen a lectura. Sería outra vida moi distinta. Supoño que lles debo aos libros coñecer outros mundos sen moverme do meu. Grazas a eles non teño ansias desacougantes nin necesidades creadas. Téño todo o que se pode ter.

B.- 1) As que poden ter todos os sistemas literarios. Que sexa pequeno e cunha lingua que non se fala masivamente non significa que teña deficiencias. Só significa que ten que loitar pola subsistencia. Mesmo poida ter vantaxes por iso, fóra das deformidades dos megasistemas, porque a literatura galega ten campos sen explorar, e unha tradición de orixinalidade recoñecida. Nas últimas décadas, o sistema literario galego está institucionalizado e case que por completo normalizado.

A sobreprotección do sistema por parte dos seus axentes seica faga que ocorran cousas como a distorsión da propia tradición literaria –véxase o enfoque sobredimensionado que se lle vén de dar á escrita de María Mariño, nesta ocasión por parte do reforzamento dunha lectura feminista. Por outra banda, ocorren fenómenos como a excesiva presenza de premios literarios, o que crea unha especie de ansiedade no autor, que só algúns, moi intelixentes, saben aproveitar ao máximo. Refírome ao caso de escritores repetidamente premiados nun curto espazo de tempo, porque saben manexar as claves do momento, que outros, menos hábiles, ignoran. Precísanse outro tipo de recoñecementos, como o de estar nas rúas, á vista da xente, nos escaparates das librerías, gañando os primeiros postos de venda. Ese sería o mellor premio para un autor.

B.- 2) Todas. Fronte aos fenómenos citados antes, que non deixan de ser para min sucesos, observables desde un punto de vista profesional e similares aos doutros sistemas, coido que a literatura galega está nun momento vizoso e creativo como nunca tivemos. Tan só lle falta –e a que literatura non lle ocorre o mesmo na dinámica de mercado na que vivimos?– esixencia de calidade pola parte dos autores e dos lectores, que teñen a última palabra.

B.- 3) Se non considero que estea mal! E, aínda que fose mal, quen son eu para dicir como melloralo? Só sei, e isto valería para calquera literatura, que a clave está nos lectores. Que hai que crear lectores desde a infancia, na casa e na escola. Que os pais non poden pretender que os fillos lean se eles non o fan nunca. Pois que empecen tamén eles. Os responsables da Política cultural deberían emprender con urxencia plans, a moi longo prazo, de creación de lectores (e polo tanto, de futuros escritores, editores, críticos, etc.). Porque os resultados tardarán en verse moitos anos, quizais ao cabo dunha xeración enteira. Pero unha vez posta en marcha a lectura dun pobo, esta xa non para, e o sistema queda consolidado definitivamente. E non falo de mellorar as perspectivas do mercado literario. Falo de que existan máis cidadáns libres pola lectura.

O Premio da Crítica

As obras gañadoras dos Premios concedidos pola Asociación Española de Críticos Literarios na edición de 2007 correspondentes á literatura galega foron seleccionados este ano, por vez primeira, pola Sección de Crítica da AELG. Reunidos os seus membros en Santiago de Compostela o 16 de febreiro de 2008, levaron a cabo un debate e unha posterior votación, co seguinte resultado:

Sección de narrativa:

O Señor Lugrís e a negra sombra, de Luís Rei Núñez

Finalista: *L'affiche rouge*, de Mario Regueira

Sección de poesía:

Vigo, de Helena de Carlos

Finalista: *Mudanzas*, de Marilar Aleixandre

María Xesús Nogueira asistiu, en representación da Sección de Crítica, á reunión da Asociación Española de Críticos Literarios que tivo lugar na cidade de Huelva, o 5 de marzo de 2008, para emitir o fallo.



María Xesús Nogueira.

*Premio de narrativa. Recensións críticas ao
señor LUGRÍS e a negra sombra,
de Luís Rei-Núñez, editado por Xerais*

Lugrís, pintor e náufrago

Xosé M. Eyré

A Nosa Terra, 1293, 10 de xaneiro de 2008

Urbano LUGRÍS, pintor algo poeta, fillo de Manuel LUGRÍS, pasou pola vida... non, a vida pasou por el, polas súas desmesuras que eran desafíos, por unha desas personalidades únicas, irrepetíbeis, xeniais e non tivo outra que conservar memoria dun ser propio que polarizaba a vida entre as cuncas de calquera establecemento tabernícola (que non era para iso moi mirado) e as manifestacións extraordinarias provenientes dun mundo moi culto, e desafiante, que turraba por saír a sabendas de que Urbano era persoa fácil de convencer, que cedía doadamente ás tentacións, polo menos a determinadas tentacións. As “lugrisadas” son xa algo mítico, referente máximo da irreverencia verbal dan unha imaxe difusa do autor de tantas xenialidades, xenialidades dunha forza expresiva desacostumada que aínda permanecen, pendulan e perduran entre a nebulosa do misterio e do epatante. Material narrativo de primeira, sen dúbida. Así o vai demostrar esta novela de Luís Rei Núñez, na que se poden atopar un considerábel número delas (non todas, de seguro, que as hai que ficaron no tinteiro); esta novela na que focalizan a atención do lector e non só do lector senón tamén do autor. Están aí, en ningún outro título se poden atopar tantas. Mais a forza expresiva é de tal calibre que, tamén, sempre permanecerá a dúbida de se as entendemos correctamente, se lles chegamos de todo, tanto os lectores como o autor.

Ser, esta non é a finalidade da novela, claro, que se inclina por desmitificar a fugura de Urbano Lugrís. Desmitificar e dar a coñecer, que tanto ten e vén sendo o mesmo. Luís Rei escolleu, para iso, o formato novelesco, non o ensaio. Aparentemente non deixa de ser lóxica a escolla porque, polo menos vista desde fóra, Lugrís levou unha vida autenticamente novelesca. Os camiños percorridos para acadar a información precisa á hora de compoñer esta novela foron moitos, moitas as portas que se lle abriron, moitas as mans que se lle tenderon. O resultado é este discurso forzosamente no gume: onde remata a ficción?, que é o que non trascende os lindes do documentábel? Porén fica outra pregunta aínda: un discurso así, no que realidade e ficción se entretecen, é posíbel que constitúa estratexia desmitificadora viábel ou máis ben todo o contrario? Non sendo desmitificación e divulgación, aínda que teñan ben que ver, termos sinónimos, deixaremos a anterior pregunta na categoría de retórica...

O vello, e tantas veces efectivo, recurso ao manuscrito atopado aparece tamén aquí. Desde que o narrador se fai cun mangado de máis de duascenas cuartillas escritas polo mesmo Lugrís, este aplícase non só na lectura e posterior trasliteración ao que será o groso do corpo de *O señor Lugrís e a negra sombra*, senón tamén en encher aqueles ocos, aquelas lagoas que aínda ten e a ocasión lle permite subsanar. Precisamente o xogo de narradores é un dos aspectos técnicos máis suxestivos, un dos retos técnicos máis rechamantes; ben, para ser exactos, o xogo entre narradores, autor e autor implícito. Como canxar o discurso autógrafa de Lugrís nun corpo narrativo posterior alleo? O lector poderá comprobar como Luís Rei resolve, partindo dunha obrigada e moi mínima diferenciación, logra pasar dun a outro con suma facilidade e mesmo de xeito que se confundan nun todo harmónico. Porén, aí está a trampa. Na inverosemellanza de que autor e protagonista teña o mesmo estilo. Inverosímil sen remisión posíbel; tanto se coñecemos o de Urbano Lugrís, como se o descoñecemos por completo ou non coñecemos os ou coñecemos mal o de Luís Rei.

Un dos retos dixemos. O outro é ser capaz de non sucumbir á forza expresiva das “lugrisadas”, lograr que o discurso posúa unha articulación tensional diversificada na que estas estean integradas. E é outro desafío a medias logrado, tamén. Efectivamente, está diversificada a articulación tensional, mais aínda así son as “excentricidades” lugrisiás as que tiran do lector. Certamente, non podía ser doutro xeito, pola novela circula unha xenerosa parte da intelectualidade galega (Avilés de Taramancos, os Patiño, González Garcés, Cunqueiro, Manuel María, Dieste...) e o fresco relacional resulta atraente, sobre todo para o lector máis novo, menos versado. Porén segue sendo o anecdótico o que terma do discurso, é cando chegan as “excentricidades” lugrisiás cando alcanza picos de interese a novela. De tal xeito que tecnicamente falando, o mellor resolto son as analepses, precisas e xustas, para que a exposición da vida de Lugrís non fique demasiado prendida na década dos cincuenta en adiante.

Porque, alén do dito, a tendencia do narrador ao chiste, á ocorrencia oportuna, á graza verbal, caracteriza en exceso o discurso. O cal é un perigo, sobre todo se temos en conta a antes mentada igualación harmónica de estilos. Da que temos que volver falar, porque o lector, sobre todo aquel que coñeza algo de Urbano Lugrís, atopa un discurso seu excesivamente neutro, pouco propio do que se agarda del. Aínda que o que se novela é o declive bohemio, dunha personalidade irrepitíbel, verbalmente incontíbel e xenial, esta non é excusa para tanto lacionismo. De resultas da lectura da novela de Luís Rei, a imaxe que de Urbano Lugrís nos queda é dun pintor, un extraordinario pintor, de moi fértil memoria e dado ás letras tamén, que leva unha vida bohemia porque en realidade non é capaz de dar levado outra, vista a súa inesgotábel capacidade para xestionar mal tanto os gaños obtidos nas exposicións (que se contan por éxitos) e encargos coma os afectos principais (e esta segunda xestión ten moito a ver coa primeira), que son os da súa esposa e fillos. Un náufrago da vida, un que malia todo sempre puido achar amigos bondadosos de corazón comprensivo.

A desfeita do xenio

Manuel Rodríguez Alonso

Cartafol de libros. Vieiros 26 de novembro de 2007

<http://vello.vieiros.com/murguia/nova.php?Ed=38&id=56986&cm=1>

A vida, os feitos e os ditos do pintor Urbano Lugrís forman parte de moitas lendas urbanas que percorren os medios intelectuais de Galicia e de fóra de Galicia. Todos nós coñecemos a célebre anécdota do pintor cando responde a pregunta que lle fai o xeneral Franco sobre o seu lugar de nacemento e Urbano Lugrís contesta *de El Ferrol de Su Excelencia*. A novela recrea a vida do pintor Urbano Lugrís dentro do ambiente social, político e cultural que lle tocou vivir. Só que sexa por este último aspecto, cómpre lela.

Para recrear a vida e o ambiente en que se move o pintor Lugrís, fillo de Manuel Lugrís Freire, o novelista bota man da técnica do manuscrito atopado. Empregará como primeira forma de achegamento ao pintor un texto de 223 cuartillas que, segundo o narrador, o pintor deixou escrito e que obedece ao título de *Viaxe ao redor do meu Mundo*. Este manuscrito atopado completárase cos datos que un narrador-investigador, en terceira persoa, vai achegando sobre o pintor, e onde comenta as informacións que ofrecen as citadas cuartillas.

Un Lugrís, aínda mozo, percorre as rúas da Coruña acompañado por un case adolescente Avilés de Taramancos. Esta compañía reproduce o modelo cego-

Lazarillo, don Quixote-Sancho ou Max Estrella-Latino de Hispalis. O novelista vainos situando o pintor dentro da tradición liberal, galeguista e progresista da Coruña, do republicanismo e das Irmandades da Fala. Mais todo iso rematou co franquismo. Urbano Lugrís, acompañado polo seu fiel Sancho-Avilés de Taramancos, ha de sobrevivir nese duro medio onde unha inxeniosidade pode levar ao cárcere ou onde hai que caerlles ben aos xerarcas culturais do réxime para poder publicar ou acadar un contrato para pintar algunha igrexa ou Casa do Concello para sobrevivir.

Lugrís, ao xeito do pícaro, vai adaptándose a este ambiente da Coruña, Vigo e a Galicia dos anos corenta-setenta. O narrador completa os datos ao dar explicacións ben documentadas sobre o labor de González Garcés, a actividade editorial do poeta-impresor-editor Sabino Torres, as conferencias de Cunqueiro, Castroviejo e outros galeguistas, a estrea do *Don Hamlet* cunqueireano nun medio en que moitos destes intelectuais, máis ou menos picaramente, como o propio Lugrís, se aproveitan dos fastos culturais e xogos florais do franquismo e mesmo das súas revistas. Mentres tanto, os que poden compran libros prohibidos na librería do inesquecible Eduardo o Xudeu, con negocio aberto na Coruña e nun portal da rúa do Vilar compostelá.

Ao lado da vida social e cultural, transcorre a vida persoal de Lugrís, marcada pola imposibilidade de conciliar a vida familiar con Paula e os fillos coa bohemía e o consumo excesivo de alcohol. A soidade, tras a separación de Paula, leva o pintor cada vez máis cara ao alcohol. Por último, como un novo Max Estrella, acaba falecendo só e abandonado nun cuarto do hospital municipal de Vigo o 23 de decembro de 1973. Pouca xente acudirá ao seu enterro en Pereiró.

Cómpre dicir que Rei Núñez acerta ao recrear a viaxe cara ao inferno que foi a vida de Lugrís, o rapaz chamado a ser unha gloria da pintura e ata da literatura, que acaba morrendo abandonado de todos nun cuarto do Hospital Municipal de Vigo, tras vivir os seus derradeiros anos no cortello-estudio que tiña nun edificio da rúa viguesa de Doutor Cadaval.

Non obstante non é menor o mérito na recreación do ambiente cultural e cidadá da Galicia dos anos corenta-setenta, da longa noite de pedra. Os intelectuais (pintores, escritores, xornalistas...) tentan sobrevivir como poden no marco da longa noite de pedra do franquismo. Ás veces pactan e ata adulan as autoridades políticas do franquismo (hai que comer e tamén hai que tratar de publicar e conseguir non só pasar a censura, senón tamén cartos para subvencionar a revista literaria), outras búrlanse e, ás veces, ata se rebelan. Mesmo se aproveitan do franquismo, sen seren franquistas, como facían os pícaros da novela picaresca dos señores e ricos que, no fondo, desprezaban. Isto está perfectamente conseguido na novela.

Tamén é a novela un importante e entretido documento histórico sobre empre-

sas culturais da época ou mesmo sobre lugares de xuntanza da intelectualidade do tempo como o Café Galicia coruñés ou a taberna viguesa do Elixio. Transitan tamén figuras da vida galega da época que sen pertenceren en sentido estrito ao mundo intelectual, cultural ou político serven para dar ben o que era o ton da época como o triunfador Luisito Suárez ou o *republicano* cantante Pucho Boedo. Non falta tampouco o trazo acertado sobre o comportamento de curas fascistas como o famoso padre Comesaña vigués.

Xa que logo, esta novela, que transita entre a lenda urbana, a propósito dos ditos e feitos do bohemio pintor Urbano Lufrís, e a investigación histórico-cultural, é unha obra que se le moi ben e que nos amosa con acerto a difícil vida dos intelectuais na longa noite do franquismo. Os que a lean non sentirán nostalxia ningunha polos tempos pasados, por desencantados que digan estar destes de hoxe.

El señor Lufrís y la negra sombra

Ángel Basanta

Traducido de “El Cultural” de *El Mundo*, 29 de maio de 2008

Con esta novela, publicada en galego en 2007 e no mesmo ano traducida polo seu autor ao castelán, L. Rei Núñez (*A Coruña*, 1958) gañou o último Premio da Crítica Española para obras de literatura galega. *O señor Lufrís e a negra sombra* é unha novela ambiciosa que combina realidade e ficción para recrear a traectoria vital dun personaxe desmesurado e fascinante da cultura galega, o extraordinario pintor e raro poeta Urbano Lufrís, nacido en 1908 e morto en 1973 no Hospital Municipal de Vigo, á vez que, contando coa vida de este artista bohemio e nómade como eixe vertebrador do relato, lévase a cabo unha lúcida recreación do panorama cultural, artístico e literario de Galicia, sobre todo nas cidades da Coruña e Vigo, na grisalla da posguerra franquista durante os anos cincuenta e sesenta.

O señor Lufrís é novela de clara estirpe cervantina polo fecundo emprego do recurso do manuscrito atopado, o uso da parodia e a ironía na creación de humor, as múltiples referencias e alusións intertextuais ao Quixote e a deliberada mestura de realidade e ficción nunha historia que é real no substantivo pero con ingredientes ficticios integrados na esencial veracidade do relato. É moi cervantina e proclámao en moitas páxinas co recordo de situacións, episodios e citas do Quixote, cuxo texto trae a colación o protagonista con soltura e pertinencia. Das catro partes de que consta, a primeira, “Un manuscrito apa-

rece”, cumpre a función de acreditar o achado do manuscrito atopado: o narrador primeiro (con atributos do autor na idade, a súa profesión de xornalista e ata a referencia á súa novela Expediente Artieda, coa que Rei Núñez gañou o Premio Xerais no ano 2000) conta en primeira persoa como chegou ás súas mans o manuscrito coa memorias de LUGRÍS, artista polo que xa se interesara antes. A segunda parte constitúe o corpo central da novela co texto fragmentario e desordenado das memorias lugrisianas que o narrador le, ordena, resume, apostila con aclaracións oportunas (por exemplo, a referida ao hilozoísmo como variante do creacionismo na lírica galega, páx. 38), parafrasea, comenta e aínda completa coas súas propias investigacións sobre a errante andadura tabernaria do protagonista pola cidade herculina nos anos cincuenta e principios dos sesenta (entre 1953 e 1964). Estas memorias “memorias deslavazadas y en buena medida mentirosas del artista” (páx. 263) que asinaba sempre cunha áncora e se multiplicaba no heterónimo de Ulyses Fingal son completadas na terceira parte, “La séptima vida del gato”, máis breve, con novas investigacións do narrador primeiro en Vigo, onde puido contar cos documentos do arquivo caótico que unha antiga amiga de LUGRÍS puxo nas súas mans e cos cales recrea e ficcionaliza os anos vigueses do pintor (1965-1973) como náufrago á deriva entre a soidade, a bohemia e un angustioso sentimento de fracaso. E se nas partes segunda e terceira o narrador primeiro actúa como editor e comentarista das memorias de LUGRÍS, narrador segundo nos fragmentos reproducidos, na cuarta parte, “Este es el secreto de Malingre”, renóvase o procedemento do manuscrito atopado por medio do “caderno secreto” no que, co narrador primeiro coma simple editor, LUGRÍS conta a historia melodramática do seu amor imposible con aquela muller da vida que puido ter redimido aos dous dos seus anos á intemperie.

Resulta imposible dar conta cabal da riqueza do “señor LUGRÍS”, tanto na súa complexidade técnica, derramada nunha artística anarquía ben controlada, como no alcance individual da súa recreación da figura eximia e extravagante dun pintor atormentado e machucado pola dipsomanía e o nomadismo, e tamén na súa dimensión colectiva como recreación fidedigna da historia da cultura galega e do galeguismo en tempos escuros e difíciles e na cal conviven figuras tan relevantes como os poetas Avilés de Taramancos, Álvarez Torneiro e González Garcés con Rafael Dieste, Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo, que regresan do exilio, e o máxico prodixioso Cunqueiro pola súa inmensa capacidade de inventiva, entretemento, erudición e fantasía.

O retorno de Ulyses Fingal

Ramón Nicolás

“Culturas”, *La Voz de Galicia*, 17 de novembro de 2007

Coido que a figura de Urbano Lugrís que comezou a adquirir a relevancia que merecía a partir dun traballo importante que publicara o pintor Antón Patiño hai algúns anos. Agora xúntase esta novela que case cadra no tempo coa inminente publicación da obra poética recuperada do pintor baixo o título de *Balada de los mares del norte*, que prepara Henrique Alvarellos.

E talvez ninguén máis acaído para reconstruír o periplo biográfico e vital dun personaxe de tanto atractivo como é Urbano Lugrís como Luís Rei, quen xa ofrecera algunhas mostras narrativas previas nas que testemuñaba unha habilidade singular para introducirse, desde a ficción, nas vidas de escritores, pintores, artistas ou activistas políticos na resistencia antifranquista e compor frescos que se manteñen con persistencia na memoria dos lectores.

Ao traballo de ourive que aquí amosa Luís Rei non se lle ve fenda ningunha. Ofrece unha novela compacta, cunha estrutura baseada na descuberta dun manuscrito, que é un diario de corte memorialístico de Urbano Lugrís, xunto coa reprodución, nas páxinas finais, doutro que resolve e explica algúns sucesos previos que quedaran na indeterminación. Esta aparente sinxeleza revela por baixo un inxente traballo de documentación previa, suturada con acerto, e que lle serve ao autor para introducirmos nun mundo fascinante que é, loxicamente, o do propio pintor Lugrís: un personaxe que baixo unha extraordinaria capacidade de sobreporse, case sempre, aos avatares da vida, valéndose do humor e do enxeño, tamén amosa esoutra cara de home derrotado, nalgunha medida vencido polas circunstancias que se lle sobrepuxeron. Nesta memoria dunha vida, tamén dunha época, como é lóxico, van e veñen multitude de personaxes que, por unha ou por outra razón, converxeron na súa vida: alén dos estritamente familiares –a presenza da nai como acobillo, a figura do pai, a esposa e os fillos no afastamento–, xorde con especial agarimo, e coido que retratado con moito acerto, a figura de Avilés de Taramancos, xunto ás de González Garcés, Torneiro, Seoane, Tudela, Díaz Pardo, Dieste, Carmen Muñoz, pintores e artistas, mais tamén mulleres e homes do común, futbolistas como Luís Suárez, ambientes prostibularios ou requintados, “templos de sociabilidade” que son as tabernas, cantantes como Pucho Boedo, os ecos do paso dos Franco por Meirás..., xunto, por exemplo, a un Cunqueiro que visita a cidade da Coruña con frecuencia para falar dos seus libros soñados, ou daqueles novos que fan profesión de fe nacionalista na Liga Nórdica, ou a peña do Amanecer... E é A Coruña, “hotel da súa existencia” durante tantos anos, quen tamén se ergue como un co-protagonista de forza

extraordinaria, xa non como pano de fondo do percurso vital de LUGRÍS senón como cidade –esa “Percalinópole” en palabras de LUGRÍS– que activa resortes sentimentais e vitais..., tamén adquire esta categoría a cidade de Vigo, presente como un espello nas páxinas finais da novela, que coinciden coa escura despedida do personaxe.

Urbano LUGRÍS merecía, sen dúbida, unha novela coma esta; un home que buscaba a invisibilidade “na heteronomía de Ulyses Fingal” sen talvez nunca atopala, un corazón doente de saudades, dono dun talento artístico fóra de toda dúbida e que era un náufrago a loitar contra a soidade, contra o abatemento.

Non sei se Luís Rei foi aquí, ou non, un Suetonio ou un Ian Gibson de LUGRÍS, se non o foi parécese; mais o que si sei é que ofrece unha das novelas máis compactas e solventes entre as publicadas entre nós nos últimos meses. Ediciones del Viento encargouse, tamén, dunha versión en castelán realizada polo mesmo autor. A ambas as dúas desexamos que pousen e repousen nas mesas dos lectores durante tempo: non han defraudar.

Un daguerrotipo en sepia

Armando Requeixo

Faro de Vigo, ‘Faro da Cultura’, 8 de novembro de 2007

La Opinión, 17-XI- 2007

A novelística de Luís Rei Núñez é toda ela un moi elaborado exercicio de porspección psicolóxica dos personaxes, que aparecen como náufragos batalladores da vida e nostáxicos impenitentes dun pasado que os acompaña como se dun espectro amigo se tratase. Sucede que, ás veces, eses seus personaxes non son unicamente entes de ficción, senón tamén seres reais que sofren a estraña alquimia de ser literaturizados. Así acontecía coa historia de dous célebres poetas galegos recreada en *Toda a vida* (2005) e así acontece tamén na súa última novela, *O señor LUGRÍS e a negra sombra* (2007), onde o protagonista do relato non é outro que o famoso pintor Urbano LUGRÍS, fillo do non menos ilustre escritor Manuel LUGRÍS Freire.

Unha novela esta que é tamén un revelador fresco epocal, un daguerrotipo de anos en sepia, de bohemios melancólicos que sobreviven esquivando penurias e artistas que ven insultada a súa intelixencia polo ananismo mental dos censores franquistas. O Vigo e, sobre todo, A Coruña de Posguerra (Percalinópole para o pintor) son moito máis ca un escenario para a novelización da vida de LUGRÍS, pois constitúen en por si o outro grande protagonista da obra.

Deste xeito, xunto ao surrealista comparecen moitos persoeiros das nosas artes sen os que é imposible non só comprender a súa accidentada peripecia vital, senón tamén a historia da nos acultura na segunda metade do pasado século.

De por parte, o libro é asemade un mergullo a pleno pulmón nas físgoas submarinas do complexo océano Lugrís. Ora ben, lonxe da revisitación de tópicos fatigantes e aborrecibles, Rei Núñez avanta alén, ata as illas dos ventos variables, onde nada é tan sinxelo como parece, nin o desleixo persoal e familiar do pintor, nin a súa funambulesca carreira artística, nin as súas (extra)vagancias máis visibles. Cómpre profundar nas dobras máis ocultas para atopar o porqué dunha existencia errática que, ben no fondo, destila, a partes iguais, o amargueiro e a frustración da incompreensión e a derrota lacerante pola incapacidade de ser feliz vivindo unha vida socialmente ben considerada. Velaí o abismo ao que o señor Lugrís se enfrenta, o poliedro da súa negra sombra que espella mil renuncias: a imposibilidade da felicidade amorosa en casal, a ausencia e o afastamento dos amigos queridos, o insuficiente recoñecemento autorial e aínda a ruína humana na que se converte nos derradeiros anos.

Unha novela, *O señor Lugrís e a negra sombra*, de xogo cervantino na oposición dialóxica de certos personaxes principais (así o propio Lugrís, tan quixotesco el, e mais o seu fiel amigo Antón Avilés de Taramancos, particularísimo Sancho á galega), que tamén se serve do recurso da diarística apócrifa para tecer un delicado canizo estrutural no que alternan a narración en primeira persoa e –abondo autobiográfica– coa transición desas supostas memorias lugrisianas. Da intersección de ambas olladas xorde o relato, onde deliberadamente non hai omnisciencias porque as luces e as sombras deste drama esborrexen os perfís, que hai que endergar, entrevendo e reconstruíndo tempos e memorias.

Impecablemente editada por Xerais, a novela conta tamén cunha versión en castelán publicada por Ediciones del Viento, altamente recomendable para lectores foráneos, pois o labor levado a cabo por Eduardo Riestra no selo coruñés é unha verdadeira regalía para os ollos que rivaliza no estético e no material coa edición galega. Non sempre pode lerse unha excelente novela en soportes tan logrados. Conviría aproveitar.

A negra sombra de Lugrís

Vicente Araguas

Diario de Ferrol, 2 de decembro de 2007

O señor Lugrís e a negra sombra (Edicións Xerais, Vigo, 2007), de Luis Rei Núñez, é onde están os lindeiros entre o que é ficción e o que deixa de selo para

mudar en realidade misfificada. CJC, tan deostado inxustificadamente por quen meten no mesmo saco toda unha obra chea de achádegos xeniais mais tamén de metralla infumable, dixera que novela é todo aquilo que debaixo do título admite semellante calificativo. Entón, se queremos considerar así a última aventura de Rei Núñez, adiante. Ora, se coidamos en presentala como un documento feito ficción polo procedemento de densarirle o clásico manuscrito atopado que contén canto se irá vendo ao longo do libro, exaltador da figura dun personaxe tan fabuloso como foi Urbano LUGRÍS, pois tampouco andaremos moi errados.

Das dúas maneiras imos embarcar a bordo dunha nao amena, pareva, guiado o seu lume con pulso sobranceiro, desfrutable, gozosa e unha chea de adxectivos que podemos, e aínda debemos, engadir a esta descrición, feita a voapaxaro pero dedes a lectura dobre que lle metín a este libro. E disimulen aclaración tan persoal, mais non me apetece distanciar moito un libro que gustei con proveito da cruz á data. Ben entendido que a trama novelística xa me interesou menos. Sendo así que ao optar por facela novela Rei Núñez vén de derramar a posible biografía que podería facer de LUGRÍS, xa que contaba cunha morea de datos e anécdotas que son os que enchen o libro de ocorrencias. Algunhas ben coñecidas, porque LUGRÍS ten moita de lenda urbana, valla o retruécano, e as súas paveradas sempre inxeniosas, hai moito que veñen rulando polo aire das nosas mitoloxías. En moitas cousas, e mito vale para mentira como é sabido, con poucas posibilidades de certeza. Mais iso é tamén a literatura, claro.

Logo está o estilo de Rei Núñez, funcional (á hora da glosa ou apostila), lírico, cando a ocasión requíreo, e sempre tan apetecible como a froita gustosa que nos presenta desta volta. Nun carabel ou canastillo carregado de compañeiros de viaxe do pintor de obra xenerosísima e de vida misérrima (como a súa morte). A través deles e das anécdotas, verdadeiras ou apócrifas que nos presentan, imos sabendo máis dun artista senlleiro, único nunha época certamente dura. Que LUGRÍS pintase dun xeito tan pouco academicista, nin sequera cando tivo de vivir de encargos oficiais (e a anécdota que o presenta alternando con Franco, e o que lle dixo a este hai quen a conta de Tino Grandío), vai en paralelo coa vida esaxerada do pintor. E parafraseo a Bryce Echenique porque este rondou, sigue a facelo, seica, os espazos etílicos que frecuentaba Urbano LUGRÍS. Un señor que xa en vida acadou maneiras de novela. Luís Rei Núñez ven de refrendalo, con xeitos maxistrais. Non perdan este libro, xa lle queiran chamar biografía, novela ou docudrama. De nada.

Publicar a lenda

Martin Pawley

ProTexta, nº 5, 2007/2008

Nunha entrevista publicada no número de xullo de 1961 da revista *Vida Gallega*, o pintor Urbano Lugrís avisou da súa intención de escribir un libro de memorias, para o cal xa tiña escollido nome: *Viaxe arredor do meu mundo*. Nunca máis se soubo dese posíbel libro, a non ser un bosquexo do que podería ser a súa capa, que debuxou no reverso dun recibo de aluguer en maio de 1973, nunha altura da súa vida na que xa apenas había ocasión para a ledicia. A incógnita sobre a existencia deses escritos autobiográficos é a escusa coa que arranca a nova obra de Luís Rei Núñez, que se vale do recurso do manuscrito atopado para percorrer os vinte últimos anos do pintor galego.

O señor Lugrís e a negra sombra é, non se pode negar, unha novela ambiciosa, que aposta por unha estrutura non precisamente sinxela que combina a voz do narrador do texto/autor coa da figura protagonista, da man dunhas cuartillas supostamente orixinais que asoman aquí e acolá. O exercicio de estilo é finalmente moito máis sofisticado: a pluralidade de personaxes que pasan pola vida de Urbano Lugrís fai do texto un verdadeiro relato coral, que brilla pola vizosa recreación dos ambientes culturais, algúns bohemios e outros non tanto, da Coruña dos 50 e 60.

É unha novela sobre Lugrís, si, mais tamén sobre Miguel González Garcés, bibliotecario e poeta; sobre Mariano Tudela, compañeiro de Lugrís na aventura de *Atlántida*, revista de traxectoria breve pero intensa que acolleu nas súas páxinas ao *dream team* da literatura e da arte galega daquel tempo; sobre o futbolista Luís Suárez e o cantante Pucho Boedo, deuses locais cuxo talento mete algo de luz na longa noite de pedra. Tamén sobre Álvaro Cunqueiro, que viña á Coruña dúas ou tres veces cada ano para ofrecer algunha conferencia memorábel, mais nunca tanto como as fabulacións que inventaba para entreter as sobremesas das consecuencias e inevitábeis ceas –unha das partes máis suxestivas do libro de Luís Rei é, de feito, a que describe o tortuoso camiño cara á estrea no Teatro Colón do *Don Hamlet* cunqueirán, unha peza que houbo de vencer, e non sen dificultades, a incompreensión do delegado provincial do Ministerio de Información e Turismo—. Pero sen dúbida o outro gran protagonista da novela é o escritor Antón Avilés Vinagre, Avilés de Taramancos, daquela aínda un mozo que compartía con Lugrís troulas, proxectos e frustracións nunha cidade que podía percorrerse de tasca en tasca e que polas noites se desfacía da rectitude e formalidade aparentes.

Ocorrente, excéntrico e desmedido, Urbano Lugrís é o típico personaxe gulososo para calquera creador: un home que soña cunha estabilidade para a cal non pode nin quere dar os pasos necesarios, o clásico “xenio fracasado” que mantén

a ilusión de acadar o éxito que lle devolva a felicidade que cre ter experimentado noutrora. A vida de LUGRÍS, o *náufrago*, está chea de anécdotas suxestivas, moitas delas falsas, e de encontros e desencontros de enorme potencial literario. Luís Rei Núñez acerta ao seguir o consello fordiano de “publicar a lenda”; móvese no gume da navalla que separa (ou une) a ficción da realidade para recrear “o mito LUGRÍS” sobre a base dunha riquísima documentación. Excluindo o seu capítulo final, perfectamente prescindíbel, a novela é un exemplo de boa construción e solidez. Talvez sexa *demasiada* a solidez; seguramente tería acadado maior altura cun voo máis libre, pero en calquera caso a altura á que chegou non é pequena.

Luces de Bohemia

Ramiro Fonte

A Nosa Terra, nº 1283, 2007.

A novelística galega está tan atafegada en crear personaxes-escritores ou escritores-caciques que apenas dispón de tempo para escribir novelas. Os comentaristas e críticos incardinados no galeguismo profesional proceden como os historiadores de pintura daltónicos e xustifican un sistema literario a través dunha procura das esencias, pero sen obras e sen amores. A saber, que ninguén parece dispor da virtuosa paciencia para escribir ou ler un bo libro. Ninguén? Aínda ben que entre nós perviven os lectores entusiastas. Cara a eles, con toda seguridade, diríxese a obra de Luis Rei Núñez *O señor LUGRÍS e a negra sombra*. Léoa de corrido coa intención de defendela en público. Comprobo que se trata dunha sobresaliente tentativa de refundar as bases da nosa narrativa, aplicándolles as regras da fantasía a caracteres reais, e medindo coa vara da realidade os personaxes ficticios. Desta maneira os protagonistas funcionan conxuntamente nun escenario quer dramático, quer paródico, cheo de luces e sombras coma a mesma vida. Un case sente o desexo de artellar un método coas técnicas que puxo en práctica Rei Núñez. Quizais serviría de base para futuros novelistas, a condición que estes estean dispostos a medir o ritmo da prosa.

Como toda novela digna de tal nome, esta suxire unha serie de lecturas alternativas. Por riba de todo podemos considerala unha autobiografía apócrifa dun heroe tráxico, o pintor e poeta Urbano LUGRÍS, ese cruzamento entre Falstaff e un peixe de augas profundas. Pero tamén retrata unha parella artística: LUGRÍS e Avilés de Taramancos. E, aínda máis, exhibe unha galería de santos inocentes da bohemia coruñesa dos anos 50 e 60. Poetas, pintores e putas son captados benevolmente a través dunha lupa satírica. Eles abanean sobre o trapecio da

miserenta, lúcida, amarga, divina bohemia. Debaixo o circo fechado dunha época sen liberdade. Nese método de xuntar apócrifos con probas documentais, esquezos de vivos e testemuños de mortos, o autor aínda dispón de tempo para ensaiar sobre a súa vocación de escritor e sobre a súa vocación durmida de pintor. Lugrís, o pintor da poética do espazo, alcanzara entre moitos de nós a categoría dun mito. O mellor da nosa arte e da nosa literatura non pertencerá ós círculos oficiais e levarano consigo os heterodoxos, os divinamente fracasados. Que non se alarmen os profesionais da cousa artística. Teñen o poder. Non a gloria. E nas épocas difíciles, sempre poderemos atravesar o lenzo e exiliarnos no cuarto do vello mariñeiro.

O señor Lugrís e a negra sombra.

Luís Rei Núñez recrea nunha magnífica novela a súa vida

Xulio López-Valcárcel

El Ideal Gallego, 3 de febreiro de 2008

Urbano Lugrís, cabaleiro Lugrís, quixote tenro, protagonista da novela magnífica, de Luís Rei Núñez, *O Señor Lugrís e a negra sombra* (Edicións Xerais, Vigo, 2007). De escudeiro vai Antón Avilés de Taramancos. Ambos compoñen unha imaxe de evidente xorne cervantino. Dous idealistas sen sentido práctico, maltratados pola existencia nunha Galiza cautiva, nunha España amordazada.

Tempo escuro, xordo, de bohemia miserenta e soños incumplidos. Biografía novelada de Urbano Lugrís, excelente pintor e notable escritor (Ulyses Fingal), que Luís Rei Núñez recrea con precisa documentación e exquisita sensibilidade. Percalinópole, A Coruña, nesa altura o mundiño literario (González Garcés, Mariano Tudela, Álvarez Torneiro, Alfonso Gallego, o grupo Amanecer...), algúns enclaves de resistencia como pequenos oasis nos que se desafiaba a presenza da Policía, o *Café Galicia*, quilómetro cero do Parnaso local, ao que acoden tamén as forzas vivas do Réxime, espías prontas ás ameazas e ás denuncias. Eran tamén os tempos de Atlántida, revista que a censura perseguíu ata rematar con ela, e na que Lugrís foi figura fundamental, autor da portada e colaborador. Outras sinaturas foron as de Otero Pedrayo, Vicente Risco ou Álvaro Cunqueiro. O militar que andaba detrás do peche da revista consideraba inadmisibles as actividades daquel “grupo de bohemios, dexenerados e existencialistas”.

Seguimos os pasos dos comediantes pola rúa San Andrés, onde mora Lugrís coa nai velliña, os Cantóns, o Xardín de San Carlos, as cuncas no *Enrique*, o “vibarís” da Estrela, Olmos, Galeras. Mestura tan sixilosamente Luís Rei Núñez a

realidade e a ficción que resulta difícil saber se foron “certos”, ou argalladas súas, lances de humor celmoso, afinado, digno da intelixencia dos protagonistas. A novela válese dun narrador omnisciente no que o lector non repara máis que en certos momentos estratexicamente elexidos.

Todo comeza coa aparición dun manuscrito inédito titulado “Viaxe arredor do meu mundo”, autobiografía do pintor á que se tiña referido nos seus últimos anos. Desde este achádego comeza o narrador a contarnos, de boca do propio Lugrís, as andanzas deste “artista-superviviente” que pasa tempadas en Burgos, en Madrid, en Malpica e outros lugares, nun proceso de permanente inadaptación, de fondo desarraigo, ata rematar en Vigo asistido pola xenerosidade e beneficencia municipal. (As páxinas no hospital e a relación coa monxiña, a dignidade no medio da derrota, a noble indiferenza ante a fin que se anuncia..., son das máis fermosas da novela).

Ás penurias económicas que el mesmo propiciaba uníase o descreto do esforzo e a falta de coraxe. O xenial artista Urbano Lugrís era no privado dipsómano e pródigo. Dilapidaba o que gañaba, cando podería ter vivido sen apuros

Ai, non. Desleixo? Máis, irresponsabilidade. Pintaba previo encargo e escatimaba os materiais para non incurrir en dispendios. O cobrado chegáballe para pagar as débedas nos ultramarinos, mercar unha galiña para a nai e esfurricar o resto cos amigos. Personalidade única, contraditoria e marabillosa, Urbano Lugrís. Creativo, soñador. O relato de Luís Rei Núñez deixa un pouco de melancolía e de tenrura. Sen renunciar ao rigor da verdade, o novelista é comprensivo e indulxente co seu personaxe, un mangallón de inusual corpulencia. Contrasta o seu vozarrón co neno triste, desesperanzado e desvalido que o habita.

Mancado pola negra sombra. O seu reino non era deste mundo.

Urbano Lugrís: un mar de áncoras e misterios

C. Rodríguez

Galicia Hoxe, ‘Lecer’, 2 de decembro de 2007

No ano 1955, nas rúas da Coruña, alguén tira unha foto que inmortaliza a que sería unha grande amizade. Antón Avilés de Taramancos, que entón tiña vinte anos e arelaba ser un poeta, e o pintor Urbano Lugrís, que contaba con corenta e sete anos, paseaban xuntos.

A intensa relación non se perdería nunca e coma un elo intestrutíbel o pseudónimo “Ulises Fingal” remataría por ser parte da creación literaria de ambos. O poeta noiés que sempre recoñeceu a débeda co pintor lembrouno en numerosas

ocasións: “Urbano era un poeta de expresión plástica; o seu idioma, a súa ferramenta poética eran o cartabón, o lenzo e os pinceis. Aínda que ás veces escribiu poemas que só el puido soñar”.

Agora que está a piques de comenazar o centenario do artista, Luís Rei Núñez dá ao prelo esta atractiva e ben articulada novela que baixo o título *O señor Lugrís e a negra sombra* (Ed. Xerais) arela compor unha reconstrución –entre a novela, a biografía, a crónica e a ficción novelesca– dunha parte da vida e obra tanto de Urbano Lugrís, que actúa como eixe e piar central, como das persoas que máis achegadas a el estiveron ou compartiron con el espazos e un mesmo tempo.

Naturalmente non falta lugar para imbricar nestas vidas paralelas os espazos máis significativos desa traxectoria narrada que abrangue case vinte anos: a Coruña (a cidade do seu nacemento) e Vigo (da súa morte) que relampan con voz e proxección propias nesta ficción-realidade.

Un importante traballo de documentación exhaustiva e achegamento ao universo das persoas que poboaron os anos de Lugrís, son trazos esenciais que fan da novela de Rei Núñez unha intensa narración que capta a atención do lector que percorre as case catrocentas páxinas co ánimo de coñecer a historia novelada, (todo arranca a partir dun manuscrito atopado, durante moito tempo custodiado por unha persoa de confianza), o misterio final e a realidade fascinante dun creador cunha vida azarosa, complexa e ateigada de complicacións e soidade (“O único que o náufrago deste inverno ten a ben perseguir é o horario da soidade”) que estaba a crear uns cadros e murais cun estilo inconfundible que o sitúan hoxe como un referente na pintura galega.

Estruturada en catro pasos tan biográficos como novelescos (“Un manuscrito aparece”, “A alegría dos naufraxios”, “A sétima vida do gato” e “Este é o Segredo Malingre”), a narración arranca do ano 1953 logo das páxinas iniciais nas que o narrador (e o autor que agroma constantemente) recibe aquel mangado de cuartillas que levan por título “Viaxe arredor do meu mundo”, verbas iniciais que nos evocan a imaxe fantástica, viaxeira e descubridora de mundos insólitos de Jules Verne, o escritor que tanto admirara o pintor.

Desde ese ano, e deica os límites da vida de Lugrís, discorre unha novela diríamos coral se consideramos a importancia prestada á realidade espacial e humana que xira, sobrevive e naufraga naqueles anos no entorno do pintor.

A figura íntima e lírica do poeta de Taramancos (“Sinto aínda a calor da súa grande man amparando-me”, escribía cando soubo da morte do amigo), camiña paralela en moitas páxinas ao abeiro de Garcés, Tudela, Cunqueiro, Lixandre... que fixeron daquelas décadas o encontro coa cultura e coa imaxinación nun tempo de supervivencia onde poesía e pintura eran ar para vivir.

*Premio de poesía. Recensiones críticas:
VIGO, de Helena de Carlos, editado por Galaxia*

Vigo

Helena de Carlos, Galaxia, 68 pp.

Ramón Nicolás

“Culturas”, *La Voz de Galicia*, 3 de novembro de 2007

(...) Helena de Carlos (Barbantes, 1964), doutora en Filoloxía Clásica e profesora na Universidade de Santiago, voz certamente asentada tras poemarios como *1999*, *Alta casa* ou *Aracné 3*, suxire percorrer un camiño de corte máis íntimo e persoal co seu poemario *Vigo*, que nos fai pensar nese ronsel lírico, que vai desde os arquicoñecidos versos de Martín Codax até libros, como o *Concerto de outono* de Luz Pozo, as *Cidades* de Fran Alonso, o recente *Fóra do sagrado* de Anxo Angueira ou esoutros magníficos poemas soltos de Celso Emilio Ferreiro, Ramiro Fonte ou Xohana Torres nos que a cidade-símbolo adquire entidade como motivo literario. En parte, así ocorre con este poemario no que Vigo adquire categoría protagónica, pero talvez máis como atmosfera que permite despregar unha enxurrada de evocacións espidas, exentas de saudade, que agroman desde un exercicio de memoria instalada nos tempos da mocidade. Un ubi sunt? sedutor, ao meu ver, onde os obxectos, os lugares, os sons, por veces os mortos e as casas se revisten dunha carga significativa particular desde a que xorde a presenza do perdido, certa levidade no ser ou aquilo brutalmente arrincado que, porén, aínda escintilea na memoria; elementos todos eles que camiñan da man de certa simboloxía clásica, con certas tonalidades épicas coído que inherentes á poética da autora. Un libro que nos conduce por un camiño de ausencias, testemuñadas polos baleiros que se evocan.

A musa viguesa

Héitor Mera

Cartafol de Libros, *Vieiros*, 5 de novembro de 2007.

<http://vello.vieiros.com/publicacions/nova.php?Ed=38&id=56976>

Nos últimos meses xa saíron dous poemarios co epicentro vigués como destinatario dos seus versos. Vigo, a cidade da que todo o mundo se queixa, a cidade do estrondo, da polución, da desorde e do *stress* que algo terá para que dous poetas como Anxo Angueira co seu *Fóra de sagrado* e Helena de Carlos con *Vigo* lle dediquen versos, cada un no seu estilo, tan amorosos, respectuosos e profundamente vivenciais.

E digo que este substrato vigués parece que non o ven os propios vigueses pois, tiveron que ser dous poetas de fóra os que tivesen que dar dignísima homenaxe á cidade do Berbés, de Bouzas, do Areal, das tascas, mariñeiros, traballadores e clase proletaria e verde, moito verde de Castrelos, O Castro ou A Guía, os seus verxeis que a ninguén deben pasar desapercibidos.

E disque Vigo dá para moito porque se Angueira cantou versos épicos que fixeron tremer os corazóns de todos cantos o escoitamos no Instituto Santa Irene, Helena de Carlos déixase levar por un lirismo moito máis intimista, evocador e, por momentos sensual.

De Carlos lévanos á súa propia experiencia íntima de infancia, cotidianidades, sentimentos, lugares... recrea atmosferas e converte a cidade no seu paraíso particular. Poderíamos ser malos os que sufrimos as incomodidades da cidade todos os días e dicir que este poemario é creacionista e o mundo que nos evoca é pura invención, mais eu súmome a ese sentir substrativo da poeta facendo fincapé en todo o positivo que ten Vigo. Esa visión lévaa a facer do lugar un sitio de esperanza, de amor, asóciaio sempre cos mellores sentimentos e case que os funde. Mesmo cando non hai moita esperanza, poñamos por caso: amorosa, hai unha luz que se chama Vigo e que algo lle terá de especial que a fai soerguerse: “A DOR DO TEU NOME e a dor do silencio/do teu nome, pero os veleiros/sucan a mañá cedo/ cando todo é azul. [...]” (páx. 31).

Lonxe de caer no proselitismo e na loa fácil dos "Viguísimos" chorras típicos do Faro de Vigo ou o Atlántico, Helena de Carlos demostra un amor moi sincero, profundo e emotivo que non ten nada que ver con chauvinismos babecos moi abondosos na cidade. Quizais, por isto último que digo, as palabras da poetisa tórnanse tamén xenerosas. Para ler vendo a ría... Se é que non acaban de pechar Vigo ao mar.

*O mundo nacía na cidade. Helena de Carlos: experiencia,
ollada e memoria*

Isaac Lourido

ProTexta, nº 5, 2007-2008

Helena de Carlos demarca sobre Vigo unha escritura poética asentada na experiencia, na ollada e na memoria. Na experiencia porque o espazo que se ocupa, físico e literario, nace da conexión entre dous tempos históricos que se desafían –Arturo Casas chamoulle *modalidade enunciativa ehn-t*, e explicouno mellor–. Do pasado recréase a contradición que acolle incerteza e plenitude; do presente parte o reencontro e a reflexión cunha realidade transformada en enerxía e empeñada no amor (*En Vigo amei un home / mentres perdía as casas todas*).

Na ollada, nun sentido pleno, porque Vigo, que non é apenas un espazo senón tamén un tempo, amósaselle ao lector nunha natureza materializada que se apreixa polo contacto directo co experimentado: «*Os veleiros levan letras / do teu nome: vibra o teu nome / antes de ser ronsel ou eco azul, / treme como un lenzo de seda, / rompe a mañá como unha bomba / de luz.*»

Na memoria, porque Vigo é unha colectividade atravesada pola historia. A cidade é un percurso e unha medra que resiste acochado na con(s)cienca e que se identifica con quen o viviu, con quen *estivo alí* –*Era sector naval, / lume nas prazas, descargas, pasos cortados, / a nidia conciencia do ano setenta e dous, / e a construción, rúas medrando no confín das verzas, / nós xogando ao balón no medio do día*–. E non hai memoria que perdure máis que a representada nuns mitos de carne e óso, que se actualizan sen fracturas e sen imposturas no libro.

Na escritura limpa e declarativa de Helena de Carlos apréciase o trazo dunha linguaxe e dun ton acompasados ao traxecto referido. Houbo partida, o regreso non é feliz. En Vigo reconstruído e reescrito medra un alento conectado pola fortaleza do entón e a sinceridade do agora. O tránsito dunha voz cara ás certezas e unha toma de conciencia fundamental sobre a imposibilidade de resolver o misterio da identidade –*O que non son quen de me explicar / é como puidemos deixarnos levar / aquí onde estamos e aínda agora / non entendo como puidemos permitir que nos deixasen / así de sós / e tan decididamente tristes*–.

Cartografando a ausencia. Vigo. Helena de Carlos

Helena González

Grial, 178, abril, maio, xuño de 2008.

En *Dombate*, unha colección que vai termando amodiño da calidade e segue sumando tendencias poéticas, publícase o último libro de Helena de Carlos, que acadou o Premio da Crítica Española 2008. Un libro que marca un paso adiante na delimitación dunha poética diferente, arredada de modas e de peaxes. Nunha primeira lectura, retomar o tempo e o lugar leva, case de maneira inevitábel, a pensar no Rilke máis coñecido, mesmo aínda no Heráclito máis recorrente (no poema esán a infancia feliz e o río), aínda que o libro se abre cunha cita de Virxilio. Agora ben, aínda que pasemos con pés de lá polas moita escenas cotiás e os moitos retrincos biográficos, veremos que a cartografía aberta da ausencia bota man doutras ferramentas literarias. De feito, toda a traxectoria poética de Helena de Carlos alanca con dous pés, un chantado na literatura clásica, o outro na poesía da experiencia, sempre á procura da proximidade do texto limpo, do ton maimiño da conversa e do relato. Poesía sen foguetes nint eses, feita coa maior das contencións, con limpeza e sinceridade aberta a acoller na lectura a quen se quixer incorporar a ese eu que non ve distancia ningunha entre a vida e a metafísica.

Nesta arquitectura poética, a cidade non é un simple escenario para o relato nin se cita o topónimo para activar mecanismos superficiais de recoñecemento, esa literatura sobre lugares xeográficos diversos que apelan á idea de comunidade orixinal e empurra por ese impulso case atávico que alimenta os andeis con insospeitados libros de temática local. Ben ao contrario, Vigo concíbese como un lugar para a poesía, como o marco espacial que permite debullar o tempo desde a experiencia individual. Así, sen saír do territorio do eu, o vivido acaba por converterse en tránsito compartido. Explora, logo, as posibilidades do territorio común da cidade, como territorio vivido por xentes diversas, se cadra non tan diferentes entre si. As rúas que amplían a fronteira da casa deica outros lugares, a memoria da infancia e da mocidade, o mar e a bisbarra como espazos que amplían as xeografías coñecidas, emerxen retrospectivamente como cartografía aberta da ausencia. A cidade vivida sobarda os límites e chega a Panxón, Ons, Nigrán, O Galiñeiro...

O mapa relátase con farrapos de memoria seguindo a lóxica da progresión. Desde o niño da infancia deica a constatación dos cenotafios, o eixo da cuestión renuncia a resolverse coa dialéctica e a retórica dispoñíbel sobre a vida e a morte que podería levarnos en literatura á socorrida elexía, porque co pranto ponse cabo ao ciclo. Pola contra, en *Vigo* o eixo da pescuda poética radica no proceso

de seu, na constatación paseniña da ausencia, inevitábel, consubstancial ao propio decorrer da vida. Se cadra por iso o libro se pecha con esta chiscadela de sabor clásico: “Eu, Héleno o triste, o que nin ser rei podo, adiviño son dos sen futuro / alcalde dos cenotafios” (propóñolles que non se encerellen coa pescuda mitolóxica e lean esta referencia en clave biográfica).

O que subxace ao relato de vida que atopamos é o proceso de asunción das moitas ausencias. Constátase primeiro nos detalles cotiáns, nas cousas que deixaron aqueles que xa non están e que agora se resignifican como pegadas dorosas. Os espazos gañan en poder de evocación, de tal xeito que o lugar se converte nunha especie de contenedor transparente: “Nunca imaxinei que nas cocinas / o silencio ocupase o lugar das olas e do caldo, / non me era de tan dentro da casa / o silencio”. O desexo dun contián inmóbil é o que evidencia o transcurso do tempo que non ha volver, o amor polas persoas amadas sen saber que a fugacidade é o único fogar dos afectos. A casa ese espazo tan presente en libros anteriores da autora, teima no mesmo territorio dos afectos: “En Vigo ameí un home / mentres perdía as casas todas”. Esa idea de cidade vivida, que se estende polas rúas, pola escola da infancia, polos lugares dos xogos, polo mar e pola bisbarra, polas viñas da aldea, conforma un detalado mapa interior.

Igual que no comezo da novela máis desacougante de Clarice Lispector, *A paixão segundo G. H.* (“estou procurando. estou procurando. estou tentando entender”), Helena de Carlos en *Vigo* enfróntase á ausencia sen posibilidade ningunha de resolvela, por iso conforma con constatar cal foi o proceso. Repara nes cambios miúdos que acontecen sen nos decatarmos, eses restos que van quedando no camiño e non teñen sentido até que interpoñemos a mirada saudosa e, sobre todo, a imposibilidade de trocar o sentido da vida, a vida sempre como unha cartografía aberta das desposesións.

*Finalista na narrativa. Recensións críticas:
L'affiche rouge, de Mario Regueira, editado por Xerais*

Loita ou fuxida na xeración dos oitenta

Xosé M. Eyré

A Nosa Terra, 1.274, 28 de xuño/ 4 de xullo de 2007

Rebelión no inverno (Xerais, 2004) foi (fóra contributos esporádicos) a presentación no eido narrativo de Mario Regueira, un canto á necesidade de transformar unha sociedade insatisfactoria, que narcotiza a personalidade do individuo até deixalo en niveis vexetativos que, curiosamente, lle presenta como ideal único que en verdade o poden realizar. Nese inverno, nesa esterilidade hostil, a única saída é a rebelión. A novela que hoxe comentamos representa un chanzo máis na evolución da mensaxe que Mario Regueira constrúe, un salto nos decibelios dun berro desesperado que non é un acto reflexo senón a consecuencia dunha análise social materializada en forma novelesca tal e como e segue.

O primeiro que queremos dicir de *L'affiche rouge* é que é unha novela que sorprende pola cantidade de ideas que se barallan nela. Nos días de hoxe non é frecuente unha novela así. Este mesmo feito agarra polos colares ao lector, sacódeo, amigabelmente mais con enerxía, para que se decate de que é preciso que tome a iniciativa, que primeiro medite e logo actúe, ambas cousas son imprescindíbeis nesa orde e sen posibilidade de obviar ningunha delas so pena de ficar convertido nun monicreque. O alto contido de ideas que presenta a novela de Mario Regueira, para nada presupón que sexa unha novela ideoloxizada. Convén aclaralo por se alguén puidera ter algún tipo de temor. Desde a década dos oitenta a narrativa galega (e tamén a poesía, mais esta con menor repercusión mediática

porque a poesía non se consideraba un xénero que puidera interesar ao mozos e mozas) sufriu unha forte presión desideoloxiadora reivindicada desde esferas autorais e con amparo crítico.

A consecuencia de todo isto é que Mario Regueira tivo que escribir esta novela na que un grupo de mozos mozos trata de satisfacer as súas necesidades de rebelión, de resistencia fronte a un sistema esmagador; resistencia, rebelión afeerrada a referentes musicais, onde as iconas do grupo son estilos musicais e non libros. Un discurso que constitúe un bon punto de encontro para reflexionar sobre a impostura ideolóxica, sobre a ortopedia ideolóxica, as ideoloxías usurpadoras, os mitos e os soños... Tamén é unha crónica da descuberta sexual, o sexo sempre é a orixe e aquí inclusive é orixe da novela no sentido de que arranca cunha pasaxe que ten moito de fantasía sexual. Porén, o importante, o trascendente non é a identidade sexual, o xogo coa identidade sexual é un recurso do narrador para manternos atentos e atados á lectura, para obrigarnos a reflexionar sobre quen son cada membro do grupo, mais o que decide a orientación das súas vidas non é a opción sexual senón a resposta á frustración social (individual e grupal) que son capaces de concretar.

Xulio é o líder carismático, fascinado polos movementos de resistencia que, logo dunda derrota ideolóxica, arrastra o grupo de mozos e mozas a aunha actitude, unha longa viaxe (nunha furgona, estilo hippy) por Europa, que non é máis que unha evasión para non responsabilizarse, para non asumir o estado de cousas contra o que hai que loitar e o lugar que ocupa nesa loita. Será Miguel, o seu seguidor-admirador-colega máis incondicional, quen se decate de que o camiño propio que procuran non se pode atopar fóra da realidade. E desde ela tratar de loitar porque o que non se pode é abandonar os soños, por moi utópicos que parecen, nin iso nin resignarse; Daniela non coñecerá ao seu pai por non aventurarse fóra de Lucerna, por adicarse só a agardar, do mesmo xeito que o grupo fracasa por escapar da realidade e conformarse cunha loita baseada nas aparencias e o estilo de vida. A novela de Mario Regueira lembra, e moito, o *Arredor de si* de Otero Pedraio, non por casualidade ou ofrenda devota, porque nestes tempos de crepúsculo sen renuncia á alba de gloria é necesario, moi necesario, un discurso así.

Mario Regueira naceu en 1979 e a xeración do grupo de Xulio, Miguel, etc. eran universitarios na década dos oitenta. Fala dun tempo, pois, froito da indagación, non da experiencia, e algunhas interpretacións que verque na novela son ben atinadas. Con todo, é ben advertir que o tempo e espazo da novela son puramente novelescos, a medio camiño entre a o real e o ficticio. Bótase de menos unha meirande implicación no termo real, aínda que é ben certo que isto tamén é un bon recurso para que o lector se pregunte até que punto o que está lendo é unha ficción propia de novela ou o retrato fiel dunha xeración desnortada que

fuxiu da realidade pensando que así loitaba. *L'affiche rouge* obriga constantemente ao lector a preguntarse pola identidade das personaxes (moi ben configuradas, dito sexa de paso) que dialogan (preferentemente entre dous interlocutores, outro dato a ter en conta) e das que se fala, ou a discernir que parte do texto corresponde aos pensamentos da personaxe e cal á narración. En certos momentos semella que o autor puxo excesiva énfase en demostrar a súa habilidade narrativa, e tamén é certo que abusa do resumo: ao lector prestaríalle moito máis poder contrastar as ideas expostas con meirande folganza.

Lástima dos *maldixo, algúnha, deoutro*, e algunha vacilación no uso do pronome átono que deixan impresión dun texto que merecía unha mellor revisión, porque algúns capítulos son realmente preciosos e a lectura, aínda que o narrador non é nada compracente co lector, é das que prestan de verdade.

Narrativa. L'affiche rouge. Mario Regueira. Xerais. 200 pp.

Ramón Nicolás

La Voz de Galicia, “Culturas”, 18 de agosto de 2007

“Memoria, xeración e futuro”.

Corría o ano 1955 cando Louis Aragon, diante das tumbas duns loitadores antifascistas franceses fusilados, leu por vez primeira en honra a aqueles o poema “*L'affiche rouge*”. Catro anos despois, o músico Léo Ferré creaba a música para acompañar o poema, co que contribuíu ao seu definitivo espallamento e aínda en 1976 Frank Cassenti rodaría unha película con ese título.

Arestora, Mario Regueira opta por lembrarnos aquel poema que denunciaba, en esencia, un feito histórico como foi a campaña de propaganda nazi desenvolta na Francia ocupada contra os devanditos homes, contra a liberdade que eles mesmos simbolizaban, espellado nese símbolo que foi o célebre *affiche rouge*, cartel espallado en toda Francia no que, a carón das imaxes dos acusados e das súas supostas accións terroristas, agromaba a mensaxe claramente manipuladora nos seguintes termos: “Libertadores?,” e embaixo: “A liberación polo exército do crime”.

Algo, non sei ben a súa exacta medida, talvez na coralidade dos protagonistas, talvez no feito de que estes estean impregnados de ideoloxía e compromiso, hai dese espírito libertario e en parte memorialístico nesta obra de Regueira. Mais non está o lector diante dunha novela histórica, nin sequera filo-histórica, como tampouco o eran os relatos que ofrecera hai pouco tempo baixo o título de *Rebelión no inverno* (2004), onde se movía con especial habilidade no ámbito do enigmático e do misterioso, por veces do onírico, con especiais ecos, teño para

min, dos autores da Nova Narrativa Galega. Aí apuntaba xa extraordinarias maneiras, que agora se modulan nesta que é a súa primeira novela.

L'affiche rouge, así pois, camiña, e non é doado a estas alturas, polos vieiros canónicos da “novela de aprendizaxe” ou de “formación”, e faino con soltura e éxito ao meu ver. Regueira sabe crear, con verosimilitude, un friso onde un feixe de protagonistas teñen que se enfrontar á denominada vida adulta e así retrata os pasos dunha xeración concreta que camiña desnortada non se sabe ben cara a onde; unha xeración, comprometida e activa politicamente que cae no desengano e que, diante do fracaso, ou prevendo a chegada deste, foxe até Francia. Neste contexto Daniela, Miguel, Xulio, Ruth e Xoana, principalmente, van desvelando as claves da súa vida, as súas expectativas, mesmo o que foi o seu devalar persoal até o momento actual. Hai, con todo, máis asuntos, talvez miúdos mais coído que importantes, a circularen nesta novela: a mitomanía bretoa, a visión do nacionalismo, o individualismo fronte ao colectivismo, o desencanto coa realidade ou a diverxencia nas opcións sentimentais dos diferentes protagonistas.

A novela mostra, asemade, diferentes rexistros e exhibe desemeillantes recursos narrativos, todos usados con fortuna conformando un texto aconsellable que a min me lembra outras propostas que tamén afondan tanxencialmente no asunto das xeracións e do seu devalar e que no seu día viñeron das mans de Alcalá, Ferrín, Camilo Suárez Llanos, Xesús Valcárcel, Marilar Aleixandre ou, máis acó no tempo, Francisco Castro, por poñer uns exemplos. Con todo, a proposta de Regueira alenta con vida propia pois teima en novelar, no fondo, unha derrota: a dun grupo de rapaces e rapazas que tras a implicación política inicial reflexionan sobre as súas vidas e, con todo, queren mirar a vida de fronte, non sei se neste caso artellando un contemporáneo *Arredor de si* oteriano ao revés.

Cidades e paraugas

María Seisdedos

ProTexta 03, verán 2007

E namentres o Azul dorme. Lá fora está un día de cans, e é curioso o contraste: o suroeste que sacode as pólas do arce xaponés, as pingas a escorrer no vidro; a respiración pousada del, alleo á realidade. Son tardes para soñarse noutras vidas (tamén se cadra alleas á realidade?).

É así. Mágoa: pódese dicir como empeza, non como termina, cando é na fin onde recoñezo o poeta de *Tanxerina* (Espiral Maior, 2006) e dou fuxido de vez de *Rebelión no inverno* (Xerais, 2004). Porque a sedución nace da ligazón entre o que e o como.

Quizá sexa problema dos personaxes, das súas crónicas grises que se funden con esta tarde gris fronte ás doutros que coma lóstregos arreguizan e arrastran cara a outro parágrafo, outro lóstrego, en tensión sempre. Quizá sexa a deformación profesional que me atoa cando a alertan expresións forzadas, diálogos á machada, e que tanto custa acougar logo. Pero vai acougando e as voces lánzanme por veces contra a miña propia rebeldía, noutro lugar, noutro tempo. E óuveuse o Léo Ferré de fondo co cartel que parecía unha mancha de sangue, a soste o tránsito sobre a corda frouxa que nos conduce á madurez, a desprezar o abano do que xorden as opcións todas: o que gabea, o que cae, o que avanza, o que queda, o que regresa. Están os que fican á espera dos que foxen, os que foxen dos que agardan, da aldea, da cidade, cara ao mundo... e ao final o mundo compóñeno aldeas e cidades nas que tamén chove, que engolen paraugas e persoas dos que nunca máis se sabe, engastadas no triscar de vidros mastigados noutras páxinas.

Pena: disque non se poden contar os finais. El versos poderanse roubar? Porque de poder, roubáballo para este final: *É a fin das viaxes e / da revolta que traxas nos dedos / e que finou inútil sobre a miña roupa*. De non poder, é só cuestión de paciencia.

Namentres vai cedendo a chuvía e o vento vólvese púrpura nas follas do arce. O Azul chisca os ollos e a min só me queda gorecerme nos porto dos escravos a contemplar como as letras esculpen os instantes.

Desde Compostela

Francisco Martínez Bouzas

Faro de Vigo, "Faro da Cultura", 18 de outubro de 2007

Concordo coa opinión de todos aqueles que afirman que Mario Regueira forma parte dunha nova xeración de escritores galegos. Unha xeración que, ollada desde a perspectiva de hoxe, ben poderíamos nomear como a "Xeración do 2000". Un grupo de escritores e escritoras galegos nados en plena transición política coma os protagonistas da última entrega do narrador que pecha a lista.

Nunha primeira aproximación a *L'affiche rouge*, a novela de Mario Regueira, valoraremos a súa orixinalidade. Unha escrita novidosa, como xa apuntamos no seu día verbo da colección de relatos *Rebelión no inverno* da autoría asemade do escritor de Ferrol. Pouco ten que ver *L'affiche rouge* co que se entende tradicionalmente por novela. Mario Regueira agasállanos, non con unha historia lineal de doada lectura, senón cunha mancha de encontros, conversas entre xente moza arredor da súa propia identidade. Mozos e mozas que tentan identificarse levando trenzas ou unha camiseta cunha enorme folla de maría, co que queren

deixar patentes as distancias entre eles e as súas familias e, á súa procura de referentes, mesmo teñen como líder a Hailé Selassié, un dos peores ditadores da historia, aínda que pensen que o verdadeiro guía do rastafarismo é Bob Marley.

Diremos, en segundo lugar, que *L'affiche rouge* é unha novela de aprendizaxe. Estes fillos dos primeiros anos da transición, fillos tamén de pais divorciados e que traballan os dous, intentan cruzar o linde sombrizo que é o paso da adolescencia á idade adulta. Cada un a súa maneira tentará encarar o conflito da identidade con referentes que nada teñen que ver coas utopías ou coas ideoloxías coas que comungaban outras xeracións. Abandonan pois os referentes doutras épocas e fican abeirados a sinais identitarias marxinais como pode ser o hippismo como negocio e sen idealismos inútiles. Ou proxectan os seus ideais cara a figuras internacionais como Bob Marley e mesmo cara aos negros de Xamaica. Moitos deles, en efecto, escollen como marcas identitarias da súa maneira de vivir a galeguidade non o celtismo, senón a música ou os discursos dos negros antillanos: “Descubrir que os discurso dos negros de Xamaica tiña máis que ver con nós que as arpas bretoas, foi un desengano, pero tamén foi algo necesario” (p. 147).

A súa maneira, xa que logo, esta xuventude reinventa o mundo, pero Compostela xa non é o lugar a onde chegan, senón o punto de partida. A súa pretensión de comer o mundo catapúltaos lonxe de Compostela ou de Breizh e, asemade, de todo aquilo que idealizaron cando comezaron a soñar. A novela é, pois, unha bo radiografía, sobre todo moi realista, da xeración que hoxe en día anda polos trinta. E se algunha conclusión podemos tirar desta trama, esta sería que o que somos cómpre conquistalo, aínda que para iso teñamos que vivir nunha situación de absoluta incerteza.

Con relación aos aspectos formais da novela, é de xustiza recoñecer que a escrita de Mario Regueira madureceu co paso dos anos. O seu relato é moito máis narrativo que os contos de *Rebelión no inverno*. Todos os capítulos están preñados de contido ficcional e a súa estrutura, sen chegar a ser demasiado complexa, nada ten que ver coa linealidade. Os capítulos confesionais en primeira persoa alternanse con aqueloutros nos que un narrador que todo o sabe, amalgama a historia.

Non deixaremos de rexistrar unha pexa que dificulta a lectura: nos capítulos confesionais, por veces non resulta doado coñecer quen é o personaxe que está empregando a primeira persoa. A linguaxe de *L'affiche rouge* segue sendo a mesma da súa primeira peza narrativa: pinceladas curtas, sen preciosismos estilísticos e unha presenza inequívoca da linguaxe da rúa nas partes dialogadas que enchen unha boa parte da novela. Velaquí pois unhas mínimas pautas para achegarnos a esta segunda peza narrativa de Mario Regueira na que o medo, o terrexío, os seres solitarios e subversivos son substituídos por rapaces e rapazas que andan á procura da súa identidade.

Canción francesa
Diario de Ferrol, Nordesía, 2007

Vaia en primeiro lugar, para situarme –disimulen, hai días en que ando un poco bretemoso de máis–, un achegamento mínimo á canción de Léo Ferré que dá título a esta novela de Mario Regueira (Ferrol, 1979), *L'affiche rouge* (Edicións Xerais, Vigo, 2007).

E é que esta melodía, mellor, himno bravo e cheo de tenrura melancólica, chegou a min precisamente en Ferrol, verán do 68, vía Xoaquín Lens, quen andivera por Francia en asuntos dramáticos, de dramaturxia, quero dicir, se cadra en Aviñón, talvez, non estou moi seguro. O cal que este óptimo poema de Louis Aragon, música de Jean Ferrat e Maurice Vandair, no que se narra a morte por fusilamento de vintetrés partisanos, cos seus retratos nun cartaz riba do que mans anónimas escribiran MORTS POUR LA FRANCE, serviu ao gran Léo Ferré para broslar, como bandeira da Francia liberada, unha xigantesca interpretación que agora emprega Regueira como texto e pretexto, tamén a xeito de contexto, dunha historia moi complexa con idas e voltas, “forwards” e “flashbacks”. Cousa que me presta moito como lector literal (e literariamente) farto de que lle dean servido gato (previsible) en canto da lebre (sorpresiva) pola que un abona montos económicos que lle deberan permitir un certo plus de imprevisibilidades. Entón, nese senso, Mario Regueira aposta pola combinación de planos e lugares xeográficos (Bretaña, Santiago de Compostela, Lucerna como triángulo máxico), para contar un argumento de amores e política, con transfondo nacionalista “ma non troppo”, e as posibilidades dunha certa falsificación histórica, que en todo caso tería que ver cos movementos de liberación bretóns, e o uso que os nazis (co seu panceltismo) terían feito del. Por aí, nese apartado contraditorio (e lembremos como a invasión alemá tamén procurara sentimentos atopados na Bélxica dividida “in pectore” entre valóns, profranceses, e flamencos, en parte parciais dos “curmáns” vidos de Alemaña), vén moi a conto a canción de Léo Ferré, aínda que artellada como vimos por outras mans, cantarolada por un dos protagonistas da novela de Mario Regueira. Quen arranca a súa obra nunha festa en Francia con música “reggae” de fondo e un coito inesperado dando o ton a unha novela –xa se dixo– sorprendente. Na que a acción derivará a Santiago de Compostela, con retrato lixeiriño pero acertado (e aínda aceirado) das xeracións politizadas da segunda transición con aquel soniquete celta, de folc tamén transitivo, que xa viña anunciando fusionés.

Unha acción, polo demais, impresionista como o retrato compostelán que se deixa ver aquí. Semellante, en todo caso, coa maneira con que se mostra esta vila, de puro real, mítica, que se chama Lucerna, e que resulta un niño de esquerdistas.

Como os protagonistas de *L'affiche rouge*, himno alcendido a esa xente que procura recoñecemento nesta novela que ten o seu aquel, igualmente, de indagación e que vai –a modiño– desenguedellando unha corda moi tensa, tendida pola habelencia narrativa de Mario Regueira, quen sabe inserir a súa historia na Historia cunha música de fondo tan épica como o texto que a dignifica desde elementalidades líricas. “Vous n’avez réclamé ni gloire ni les larmes”. E por aí seguido.

*Finalista de poesía. Recensións críticas:
Mudanzas, de Marilar Aleixandre, editado polo
Pen Club de Galicia*

As fillas do centauro. Marilar Aleixandre, Mudanzas

María Xesús Nogueira

lg3 (Culturagalega.org), 26 de novembro de 2007.

<http://www.culturagalega.org/lg3/extra_recension.php?Cod_extrs=1493&Cod_prdcen=1178>

Mudanzas, libro galardoado co prestixioso Premio Caixanova, é a nova entrega poética de Marilar Aleixandre (Madrid, 1949), unha autora polifacética que comezou a súa carreira na literatura infantil e xuvenil e percorreu tamén os camiños da narrativa para adultos. O poemario vén sumarse a *Catálogo de velenos* (1999) –no seu día Premio Esquío–, *Desmentindo a primavera* (2003) e *abecedario de árbores* (2006).

O libro presenta, con respecto aos anteriores, a novidade de centrar a súa temática nos mitos clásicos, pois está concibido como un exercicio de intertextualidade cunha das obras máis significativas da mitoloxía, *As metamorfoses* de Ovidio. Unha formulación desta natureza comporta os perigos dun culturalismo excesivo e mesmo dun clasicismo insólito na obra da autora. Porén, esta sorteia con habilidade os obstáculos na súa reescritura, oficio que foi tan grato ás poetas xurdidas a partir dos anos noventa, ao que ela se enfrenta desde a distancia e, sobre todo, desde unha evidente conciencia feminina.

As composicións que integran o libro están construídas a partir dunha cita de Ovidio –poeta invocado como guía– e procuran unha actualización do mito

mediante a relación de distintos episodios e personaxes con situacións e referentes recoñecíbeis, as máis das veces galegos: o Mar de Fóra, a praia do Rostro, o Xallas, “a feira do primeiro xoves de mes”, mais tamén a Escola Mecánica a Armada (entrada ao inferno) ou o Pindo cuberto polas lapas.

Os enxeñosos e ás veces sutilísimos fíos que cosen os poemas aos hexámetros empregados como cita permiten analoxías diversas que, en ocasións, teñen unha clara compoñente política e social, como se aprecia nos versos “raparon a cabeza [ás vencidas] / en Ilón hai tres mil anos ou en Asturias no sesenta e tres / a Consantina e Anita Braña”, ou nas alusións a Gaza ou Abu Grhaib, outra das portas de entrada ao inferno.

A actitude da eu lírica dona da palabra (así a denomina Olivia Rodríguez González no seu acertado limiar) é clara desde as primeiras páxinas, nas que advirte que “non traduzo, traizoo / mais talvez sexa a traizón ás túas palabras / a única forma de serche fiel”. Noutras ocasións, esta voz distánciase do texto que serve como modelo (“di o poeta: apenas me atrevo a crelo”), fai aclaracións (“dinlle Touriñán, pero non por causa do Touro”) e recorre ao humor nos seus comentarios, concluíndo, en “constelación da xuvenca”, que “é difícil interpretar o signos / a tantos anos luz” ou afirmando que Galatea “–non sempre aprezan o tamaño– preferiu ao enxumido” e non a Polifemo. O tratamento do mito resulta tamén significativo na recreación dos personaxes Adán e Eva, situados “nas portas xemelgas dos váteres”. Será que, no fondo,

pouco teñen de edificantes
as historias clásicas, nin envexan
ás teleseries a mestura do sexo rápido
e a morte a cámara lenta.

O aspecto máis salientábel do libro é a mirada feminina sobre o texto ovidiano plasmada na escolla de mitos protagonizados por mulleres, que xa atraeran as escritoras galegas, entregadas moitas delas á reescritura de Penélope. Mudanzas amplía considerablemente a nómina de mitos recreados, incorporando algúns apenas tratados, como os de Filomela, Medusa, Galatea, Circe ou Atalanta. A reinterpretación destes mitos desde unha perspectiva feminista resulta evidente: “corre, Atalanta, corre / terma do arco, arrebola a frecha / rabuña antes que os homes / ao porco bravo”.

Á beira destes aparecen tamén focalizados personaxes secundarios como a nai de Héctor, as troianas ou moitas outras figuras anónimas cuxa lembranza se converte nunha metáfora do silenciamento do papel da muller no decorrer da historia:

as mulleres das que nin o nome ficou rexistrado
cociñaron pingues castróns, debullaron garavanzos
limparon o sangue do chan logo da carnaxe
teceron e desteceron as súas frustracións entre o liño
aliviaron coas frescas mans a fonte do neno doente
iluminaron a noite coa lámpada dunha historia.

No seu diálogo co texto de Ovidio, *Mudanzas* proponnos unha nova lectura dun bo número de mitos levada a cabo desde unhas coordenadas culturais e ideolóxicas concretas que permiten iluminar espazos escuros, trazar analoxías co presente e reescribir a historia mitolóxica das mulleres, célebres e anónimas, cantando as súas fazañas e reivindicando a súa voz. Neste sentido, o poemario ábrese a un nosoutras, integrado por aquelas ás que, “como á filla do centauro / anunciando os arcanos do futuro / quixeron amputarnos a voz”.

A égua clandestina

Lupe Gómez

Galicia Hoxe, 2 de setembro de 2007

“clandestina, a metade égua
galopando á madrugada na porta das fábricas
a lombos das verbas impronunciábeis”

Marilar Aleixandre

“RAÑANDO A TÚA PEL”

Luns, 20 de agosto

Mudanzas de Marilar Aleixandre lévanos por mares duros, mares de exilio. Gústame ese límite no que nacen os poemas. Esa fronteira fermosa, terrible. O primeiro poema di así: “escribo sobre a casca de ovo rañando a túa pel, para saber se a causa do exilio foi a arte amatoria”. Visito na súa casiña a Luz Fandiño, outra muller que ten o exilio marcado nas entrañas. Cóntame unha anécdota preciosa dunha muller emigrante galega que se masturbaba cun chourizo. A emigrante galega masturbábase pola mañán, pola tarde e pola noite. Luz préstame un Cd precioso da cantante mexicana Lila Downs. Luz ten 75 anos e está no mellor momento da súa vida. Vai a moitas excursións, ten moitos amigos, toma moitas borracheiras. Mentres conversamos regálame un poema: “Dentro de min hai diversas contraversións, roseiras de onde xorden máis dúbidas que certezas”.

“PERDER O AUTOBÚS”

Martes, 21 de agosto

Están repoñendo en Antena 3 os debuxos animados *Heidi*. Teño que reorganizar a miña axenda para poder velos. Heidi é fundamental na mirada dos nenos e das nenas. Non quero perder o autobús. Marilar, coa lingua cortada, escribe no lombo das baleas: “cando Filomena tiña lingua camiñaba polas salas como avanzan as ninfas polos soutos, como corren as rapazas que perden o autobús”. Un día destes vou entrevistar a Beiras. Estou nerviosa porque el é grande e desordenado, e eu son pequeniña e desordenada. Cos seus puños fortes, a poeta defende un mundo máis natural e igualitario: “neste Mar de Fóra a auga é a nosa única heranza.”

“CORTAR A CABEZA”

Mércores, 22 de agosto

Que ocorre se temos a cabeza cortada? Que ocorre se a égua clandestina galopa partida pola metade? A poeta Marilar suxire que é mellor estar partidos-as que estar enteiros-as. Os seus versos din: “opoñendo medios corpos a cabalos enteiros, cruzando sobre o gume dun soño a longa noite de pedra”. Que modelo poñerei para conversar con Beiras? Levarei gafas ou lentiñas? Poñerei uns zapatos de tacón de agulla? Levarei a cabeza cortada ou enteira? Oxalá entre el e eu se cre un clima agradable de conversa. Se non sabemos de que falar podemos falar do tempo, ou tocar o piano. Podemos fumar como carreteiros, ou bailar ao ritmo do vento...

“NON ES UNHA VACA”

Xoves, 23 de agosto

Beiras non é unha vaca, e eu tampouco, pero estamos os dous disconformes coa imaxe que reflectimos na auga. A poeta escribe na auga libre dun regato: “e que dicir da propia imaxe disconforme reflectida na auga? pois aínda que ti saibas que non es unha vaca, vaca é como te ven os demais”.

Conversar con Beiras é unha marabilla. Facernos amigos e descubrir as cousas que temos en común: a nosa mocidade, os nosos desexos de falar dende a rebeldía, as ganas de tirarnos en paracaídas, a timidez escondida nunha caixa forte, o pensamento como unha escaleira para subir ao faiado, a admiración e o desencanto que nos produce Galiza, as vacas subindo ao amencer a un avión, os regatos correndo con moita présa. Os ollos de Beiras son ollos azuis de neno compostelán que se emociona cando aprende a tocar o piano aos 5 anos, aos 18 anos, aos 40 anos, aos 60 anos...

“O TERRITORIO DA COCIÑA”

Sábado, 25 de agosto

O sábado é un bo día para cociñar. E tamén para ir ao mercado, como quen vai a unha festa surrealista e glam. Vale a pena, aínda que só sexa por relear, ese costume que se perde na noite dos tempos. “Canto custan estas flores?”, dígolle á señora Rosa. A señora Rosa dime “un euro cincuenta”. Dígolle “non pode ser un euro?”. Ela dime que si, e sinto unha ledicia moi chic. Tamén sinto ledicia no territorio da cociña. Cociñando, a lume manso, verduras riquísimas. O territorio da cociña é emancipador, libertario. A poeta escribe mentres cociña: “a cociña foi decretada o teu territorio para que nela gobernases a xeometría das patacas, o aliñamento das tixolas, o estrito calibre da fariña”. Na cociña fabrico poemas, fabrico xurelos, fabrico aeroportos, fabrico tomates, fabrico fotos, fabrico cables, fabrico perfumes, fabrico bibliotecas, fabrico coreograñas, fabrico conversas, fabrico lume, fabrico silencios. Fabrico verbas impronunciábeis.

“AMIGA DA COBRA”

Domingo, 26 de agosto

Sen dúbida a cantante Björk é amiga da cobra, ese animal tan fermoso que nos dá tanto medo. A poeta Aleixandre escribe nos ollos das pantasma: “Entre o edén e a mazá tomo a mazá. Antes a pecadenta amiga da cobra que a falsa inxenua diso-non-entendo”. Algo inxenua tamén parece Björk. A súa música fascínname. O seu último traballo "Volta" dáme moitas ganas de cantar e bailar. A miña amiga Branca Novoneyra, a bailarina máis guapa de Compostela, préstame un libro que me fai moita ilusión: *Vida de poeta* de Robert Walser. Teño moitas ganas de ler a Walser, pero dame medo volverme tola como el. Os poetas sempre se volven tolos? Anxo Quintana quere que os nenos e nenas aprendan o himno galego. Rajoy quere que aprendan o inglés. Non sei de memoria o hinno, e creo que me gustaría sabelo. Sei de memoria moitas oracións da misa, e non sei para que me serven. Cando Björk canta parece que emite un profundo laio, e ao mesmo tempo parece que está de festa. As súas cancións teñen todas as cores do arco iris, todos os espectros do sentimento, toda a luz dos días escuros.

“ESPIÑAS DE PEIXE”

Mércores, 29 de agosto

Estou argallando como vai ser a miña despedida de solteira. Vaime dar pena despedirme de estar libre e solteira. Vai ser unha festa total: con moitos poetas, moitas bolboretas, moitos frigoríficos, moita ensalada, moitos globos aerostáticos, moita empanada de zamburiñas, moitas mulleres coxas, moitos homes con sombreiro, moitas fronteiras por cruzar, moitas películas existencialistas, moitos cogumelos, moitos ordenadores portátiles, moitos teléfonos móbiles, moitas espi-

ñas de peixe. A poeta escribe no regazo das deusas: “os cuspes mesturados, intercambiamos espiñas de peixe, velenos, desvaríos, hexámetros por versos rotos, furias por avésporas”.

Escribindo sobre casca de ovo

Teresa Seara

Grial, 175, xullo-setembro 2007: 121-122

Mudanzas, metamorfoses, cambios que nos levan a novas apariencias aínda que o fondo siga sendo o mesmo ou formas de falar de todo aquilo que enumeraba o filósofo na súa célebre máxima “panta rei”, todo flúe. Esta é a materia que Marilar Aleixandre converte en substrato para o seu último poemario, *Mudanzas*, que mereceu o premio Caixanova 2006. Indícanos Olivia Rodríguez González no prólogo que nesta obra a autora dialoga coas *Metamorfoses* de Ovidio pero aínda así o libro “é algo máis profundo que unha mera poesía culturalista. É unha lección heraclitiana que nos ensina que o fluír é cíclico, que aquelas augas volverán pasar, e están pasando, polo mesmo sitio. E que, en tempos de desmemoria histórica e cultural, convén de cando en vez reler os signos de onde procedemos”. Recuperando o mito, manifesta a poeta unha dobre intención: por unha banda, tratar sobre uns personaxes que constitúen a parte máis substancial da nosa cultura e, pola outra, imprimir ás súas historias unha ollada contemporánea que facilite ao lector a súa identificación con eles malia proviren estes do mundo antigo.

Formalmente, o libro estrutúrase en tres partes enmarcadas por un “Envío” e un “epílogo” que establecen entre si un interesante diálogo metaliterario. É no primeiro destes textos onde, dirixíndose a un ti identificable co Ovidio que inspira a obra, o eu expresa a súa convicción de que “non traduzo, traizoo/ mais talvez sexa a traizón ás túas palabras/ a única forma de serche fiel” pois só así se logra a orixinalidade, meta última de todo creador. Eis a autora a pescudar elementos que aproximen a estes personaxes ao lector do século XXI, modelos aínda válidos hoxe en día ou comportamentos inadmisibles. Neste sentido, a imaxe da escrita sobre casca de ovo que aparece no “Envío” remítenos, simbolicamente, á orixe, ao comezo, a esa xénese que, para este libro, se sitúa na antigüidade cando os nomes de Eco, Atalanta, Tiresias, etc. enchían os soños dos nosos antepasados. “Escribo sobre a casca de ovo/ rañando a túa pel”, riscando coidadosamente porque non romper o ovo é tan difícil como ofrecer novas perspectivas para mitos moi consolidados na memoria de todos. Esta ardua tarefa propicia a identificación con quen serviu de guía e así, no “Epílogo”, recoñecese “a miña baixo a túa lingua inerte/ os cuspes mesturados”, un e outra unidos na mesma aventura de crear.

A referencia ao momento histórico actual é común a todos os poemas da primeira parte, “Portas”, demostrando así que os mitos clásicos non perden vixencia no trasvase temporal ao contemporáneo. O texto inicial é unha baixada aos infernos da man de Orfeo cuxa historia se mestura con referencias ás atrocidades da Guerra Civil. Despois virán os nomes do Averno e da lagoa Estixia unidos ao de Abu Ghraib, a tortura de Filomela representando a morte das linguas ou o desexo da Antártida por acción dun carro de lume. Pola contra, na segunda parte, “A voz, o ollo”, recrease a historia dos que padeceron prohibición a falar ou ver e, polo tanto, célebres silenciadas como a Sibila ou as troianas mestúranse con aquiles que tiveron na visión o seu castigo caso de Medusa, a do ollar tóxico; Polifemo cegado ou Orfeo chorando a perda de Euridice. Por último, “O que chaman amar” recompila célebres historias amorosas de desgraciado final como a loucura de Medea, Eco perseguindo a un Narciso incapaz de fixarse noutra persoa que non sexa el mesmo, Circe desenganando a Ulises a respecto duns trucos nunca empregados con el. Mais amar tamén é “entregarche, neste papel enrugado/ unhas poucas palabras”, as que primeiro foron escritas sobre ovo e agora acadan nova vida neste libro.

As ucronías teñen un sabor acedo

Diario de Ferrol, Nordesía, 16 de setembro de 2007

Poucos autores máis premiados, na xeografía literaria da Galicia de hoxe, que Marilar Aleixandre. Madrileña de berce comezara estes vieiros literarios, polo demais tan concorridos, a unhas idades nas que moitos xa están de volta (cando non de retirada).

Acontece non obstante que Aleixandre é flor atípica, por cuestións cronolóxicas mais tamén profesionais. Xa que o seu labor de a diario é a docencia universitaria, mais desde premisas científicas, o que tampouco é que sexa pan común nos dominios poéticos. Eses que Marilar Aleixandre compaxina cos narrativos, e que traen hoxe diante nosa como consecuencia de “Mudanzas” (Arte de Trobar-P.E.N. Clube de Galicia/ Editorial Danú, Santiago de Compostela, 2007), V Premio Caixanova 2006. Un libro afoutado o que Aleixandre bota man dos seus coñecementos de poesía clásica e, despois de encomendarse a Publio Ovidio Nasón, tan “narigón” como no famoso poema de Quevedo, ese que todos os escolares coñecen e no que se chama ao poeta do *Ars amandi* “más narizado”, enceta unha boroa delicada na que os tempos históricos rebentan polo aire nun traballo rigoroso.

De maneira que por mor de Marilar Aleixandre, comprometida ou belixerante, con pretexto metamorfofísico pero tamén de fundamentos homéricos, imos pasear

pola Antigüidade Clásica mais traída cara a nós coas torturas e vexacións na Asturias da folga mineira do 62 ou a funesta Escola de Mecánica da Armada da dictadura militar arxentina. E vallan estes dous exemplos (igualmente o Pindo arden- do como achegamento xeográfico a nós, e de paso á nomenclatura clásica) entre outros moitos para assimilar estas estratexias tan de Borges, ou do Cortázar de Todos los fuegos, el fuego como sinala Olivia Rodríguez Tudela, prologuista lúcida deste libro de poemas de Marilar Aleixandre. Unha autora arraiana entre o lume poético e a auga fría da narración, o que produce un sentimento (de novo) quevediano; e agora estou pensando nese poema xenial, tan conceptista como entregado, que se chama Amor constante más allá de la muerte.

Mais quixera engadir que a poética de Aleixandre ten altura propia, pois esta autora dispara por elevación, e no distanciamento que imprime aos seus poemas hai un sentir épico que fai que se achegue a estas mulleres poetas das últimas fornadas, que por outra parte teñen referente anterior en Chus Pato. Tamén en Marilar Aleixandre, tan lonxana (como as poetas aludidas) ao clásico soniquete métrico (e conceptual) archicoñecido. Eu non sei o posto que Marilar Aleixandre, precisamente por atípica, ocupa no panorama poético galego actual.

En todo caso, a súa clasificación non ven doada. Así e todo dígase que estamos diante dunha poeta moi culta, que sabe implicar os resortes culturalistas, que non culteranos (Góngora non está nesta poética tan humanista), nun discurso moderno e de tendencia. Sendo o conxunto asunto peculiar e dunha autora cun espazo moi propio e definido. Sen dúbida.

Colaboracións

*Redes, interacción lectora e continuum crítico*¹

Arturo Casas

O adverbio de tempo que figura no título representa algo máis que unhas coordenadas de circunstancia. A crítica literaria sobre a que a min me interesa escribir é a actual, a que vén marcada por unhas condicións sociais, institucionais, culturais e de mercado especificamente asociadas ao tempo noso; unhas condicións que con toda probabilidade están a abrir unha etapa distinta para a crítica desde o punto de vista da súa función social e institucional.

A primeira consideración que preciso desenvolver é a relativa ao prisma deontolóxico que tantas veces delimita a discusión sobre as funcións e as disfuncións da crítica. Non é algo co que me sinta especialmente cómodo, teño que confesalo. A cuestión é que cando se fala de crítica (literaria, de arte, cinematográfica...) case sempre se fai por dependencia abusiva dun “debera ser”. Todo o mundo semella ter en mente qué e cómo debera ser a crítica, a miúdo sen excesivo espazo para o axuste ou os matices derivados destas ou aquelas condicións de partida. Promóvese así unha descontextualización non só inconveniente senón incluso terxiversadora de fondo, dado que a crítica é unha actividade máis entre todas as que configuran iso que agora hai consenso en denominar “o

1. Este texto corresponde a unha intervención que co rótulo xenérico “Crítica literaria hoxe” nos convocou a Héitor Mera e a min na casa de Rosalía o día 19 de maio de 2006. Naquel acto desenvolvín unha serie de ideas que despois reelaborei en esquema, xa por escrito, para a publicación prevista pola Fundación Rosalía de Castro. Por algún erro na edición, o texto non chegou a incorporarse ao lugar que lle correspondía dentro do volume *Diálogos na casa de Rosalía II*, publicado en 2007. Agora recupérase, sen modificacións, por considerar o autor que entra en diálogo co proceso aberto que a AELG activou a través da I Xornada da Crítica Galega.

sistema cultural”. Quero indicar con isto que a crítica está en interdependencia con outros elementos cos que se relaciona, razón pola que a carón daquel “debera ser” temos que ser conscientes de que sempre conviría conxugar un “pode ser” ou “está en condicións de ser”. Na Galiza do século XIX, por exemplo, non se daban as condicións para a aparición dun Sainte-Beuve ou dun Matthew Arnold no que estes representaron como críticos nos seus países de orixe.

Doutra parte, a priorización do punto de vista deontolóxico sobre a actividade crítica propende con frecuencia a un territorio normativo. Non é raro por esa vía que os criterios de aplicación esixidos ao exercicio da crítica deriven de conviccións apriorísticas nalgúns casos postas en uso con escasa flexibilidade e que conectan no fondo con posicións consciente ou inconscientemente marcadas en eidos como o estético, o ideolóxico ou outros. E isto tanto na actividade de procedencia académica coma na crítica que se publica en xornais ou revistas de difusión xeral. Por ese camiño, a crítica é adoito un simple recoñecemento mecánico e previsíbel, enraizado no grao de axuste ou desaxuste entre as diferentes producións culturais e os presupostos que identifican ao crítico ou ao grupo no que este se integra.

Considero que esas dúas claves constitúen un pano de fondo difícil de evitar e que, a fin de contas, supoñen a motivación fundamental do que, sen camuflaxe, cómpre interpretar como unha *desconfianza crónica* perante a crítica e os críticos, actitude ou sentimento que hai que recoñecer bastante estendido entre o conxunto de lectores e tamén entre o resto de axentes partícipes no sistema literario.

Porén, fronte a esa situación, aparecen indicios dun cambio funcional ao que hai que estar atentos. Por ser gráfico, diría que ese cambio consiste basicamente no esgotamento do modelo dunha crítica vicaria e na súa substitución por unha crítica de interacción na que a fronteira entre lectores anónimos e críticos *con nome* resulta cada vez máis osmótica e incerta.

Co rótulo “crítica vicaria” describo en realidade un feixe de prácticas normalizadas e de asuncións funcionais que a partir do século XVIII e por longo tempo instituíu a crítica como a voz autorizada e reguladora en representación de abstraccións como o Gusto, a Razón, a Tradición, o Espírito... ou de ideas consensuadas ou impostas como Comunidade, Fe, Progreso, Nación e outras. A crítica foi moitas veces, en efecto, o discurso monolóxico de lexitimación ou desautorización que diversos poderes –estatais, académicos, económicos, ideolóxicos...– articularon e publicitaron como mecanismos de transmisión de determinados valores e posicións. A axioloxía crítica e a súa plasmación avaliativa de poéticas, textos, autores, premios... deveu deste xeito o trasunto dun sistema de valores implícito e escasamente dinámico: xusto o vinculado con eses grupos de poder, en principio menos plurais do que a primeira vista poida parecer, e coa dialéctica establecida por aqueles cos grupos correlativos de contra-poder, ás veces eficaces en

termos de alternativa pero, outras moitas, simples residuos alimentados polo propio sistema como contrapesos inofensivos para afianzar unha hexemonía dada.

Non podemos caer na inxenuidade de pensar que isto vaia mudar en profundidade só porque en termos históricos corresponda facelo; nin tampouco parece serio postular unha especie de adamismo crítico que fose quen de activar unha mirada aséptica e autónoma sobre cada produto cultural novo. En realidade, non existe nin pode existir unha crítica enteiramente autónoma porque tampouco cabe imaxinar individuos ou grupos instalados nunha independencia discursiva e social plena. É máis, en termos lóxicos e contra o que algúns defenden, tampouco habería motivos para esperar que a esa suposta liberdade correspondese necesariamente un exercicio crítico optimizado nalgún sentido. Sempre que se fala ou se actúa faise desde unha posición e cunha intencionalidade que servirá determinados intereses e se oporá a outros de signo diverxente. Abstraerse disto conduce de novo a unha inocencia que ten moito de servicial e domesticada.

O que de verdade interesa é que o grao de conciencia sobre esas dependencias e heteronomías da crítica medra día a día entre os lectores e en xeral os consumidores de bens culturais. O que importa é que o público toma nota deses débitos e se distancia das prácticas consecutivas, en tantas ocasións dogmáticas e paternalistas, cando estas superan os límites do aceptábel. Asemade cobra relevo o fastío cada vez maior cara a un tipo de crítica paratextualizada, aquela que se inscribe a si propia como eco das lapelas, as contracapas ou as notas de prensa editoriais dos libros recensionados, aquela que por tanto cae aínda nunha vigairía máis galbana e acaba convertida, como sinala Terry Eagleton, en apéndice comercial da industria editorial.

Como suxería hai un momento, vivimos nunha conxuntura na que irrompe con forza unha crítica de interacción na que o acto crítico non se sublima e na que o axente crítico pode ser calquera lector ou lectora con ánimo de intervir no espazo público, ou, máis modestamente, con vontade de manifestar un parecer, unha experiencia, un reenvío entre lecturas e referentes... Isto é así en primeiro lugar pola multiplicación espectacular de plataformas críticas activas, que suman aos ámbitos tradicionais outros varios escenarios propicios e claramente moito máis dinámicos e dialóxicos —sobre todo pola concorrencia de linguaxes e rexistros— que os usuais até hai quince ou vinte anos. Penso no fundamental, por suposto, nas facilidades derivadas da información e da comunicación telemáticas. Internet, mercé ao correo electrónico, ás listas de distribución, ás publicacións en liña abertas ou non aos comentarios dos lectores e, en especial, ao asentamento dunha blogosfera cada día máis influente, está a introducir cambios relevantes tamén na concepción da crítica literaria, artística ou cultural.

O cambio máis significativo paréceme que sexa a configuración dun *continuum crítico* que acabará por desdebuxar ou mesmo borrar a existencia do lector

illado e acrítico, potenciando en cambio unha proxección permanente, plural e multipolar das lecturas individuais no espazo público e, a través disto, unha intervención directa e potencialmente moi efectiva no marco de decisións de autores, casas editoras, distribuidores e críticos profesionais. Tamén, a medio prazo, nos movementos da academia e doutras institucións. É un movemento que claramente arranca pola base da pirámide de idade, porque son os máis novos quen están a promover este tipo de iniciativas. Con todo, ninguén pode reclamar-se alleo a esta corrente nin ás recolocacións de referentes institucionais e axiolóxicos que a mesma suscita.

É certo que esta clase de intervención será nalgún caso irreflexiva ou visceral, que terá un carácter fragmentario ou en exceso sumario, ou que se agochará no anonimato ou no disfraz onomástico. Pero tamén o é que así se prepara un eido propicio para renovar a función da crítica e para entender dunha maneira máis adecuada aos tempos históricos que vivimos a autoridade do crítico, a súa representatividade social e as súas tomas de posición en relación cos problemas que a cada individuo e a cada colectivo lle parezan os decisivos da hora sociopolítica e cultural na que participa.

Unha pauta significativa do que suxiro podería sinalarse na distribución de atencións críticas, na balanza de exclusións e inclusións que cada crítico ou cada plataforma crítica concreta a través da súa traxectoria específica. Que clase de autores e formas se privilexian e cales outros nunca comparecen?, que clase de temas e poéticas?, que clase de opcións relativas a unha multiplicidade de parámetros (ideoloxía, xénero, orientación sexual...)? Canto menos homoxénea e plural sexa unha sociedade menos o será tamén o seu sistema cultural e literario, polo que esa multiplicidade da que estamos a falar resulta aínda potenciada en espazos de hibridación etnocultural marcada, menos afastados de nós, os galegos de comezos do século XXI, do que a miúdo se xulga.

Así, pois, a apertura do espazo crítico a voces e perspectivas menos xerarquizadas e de procedencia máis variada que a que define por exemplo o ámbito académico acabará por incidir nas propias prácticas críticas de carácter especializado ou profesional. Propiciará sen dúbida (xa o está a facer) unha crítica máis próxima ás linguaxes non técnicas, máis relativista, unha crítica cunha función social e cultural máis declarada, unha crítica militante que posibelmente volverá acompañar con pulo teorizador o labor creativo dos poetas ou narradores que participan nun proxecto cultural ou social común (como xa ocorreu noutras encrucilladas históricas). Con certeza, tamén hai que estar preparados para unha crítica máis lixeira en contidos e argumentos.

O que en definitiva cabe esperar é que mediante esta renovación de escenarios e de discursos se faga máis evidente a inactualidade da crítica de condición vicaria, por unha parte, e da percepción deontolóxica da actividade crítica por outra.

*Criticar a crítica. Apuntamentos sobre o proceso social
da valoración literaria*

María do Cebreiro Rábade Villar

A contrafío das prevencións lexítimas que pode suscitar unha reflexión en primeira persoa –reflexión oportuna unicamente na medida en que non sexa nin formulada nin entendida como un xeito de xustificación–, quixera comezar declarando a incomodidade que me acompaña xeralmente cando desempeño o papel de crítica. Incomodidade que vén dada polo feito de que en tal exercicio non sempre consigo desterrar o sentido dunha contradición que enfronta a crítica a outras actividades sociais como a produción de textos poéticos ou o exercicio da investigación literaria.

A incompatibilidade parcial entre a creación e a crítica, e as súas contradicións aparentes, son feitos tan visíbeis que a miúdo o espazo literario se permite cuestionalos publicamente, sen que este cuestionamento comporte, polo demais, demasiado risco para ninguén. Malia os ilustres casos de confluencia feliz dos dous papeis (de Dante a T. S. Eliot ou de Samuel Johnson a Wallace Stevens), hai un certo consenso arredor da idea de que na crítica debe evitarse a posición de “parte e xuíz”.

A pregunta, neste contexto, é se queda verdadeiramente garantida unha maior independencia de xuízo cando un crítico, no canto de se dedicar no seu tempo de ocio a escribir novelas, traballa para un xornal que dispón, coma todos, dunha liña editorial rexida por uns determinados intereses. Neste e noutros casos, cómpre evitar os argumentos *ad hominem*. O cuestionamento personalista do modo no que exercen a súa actividade algúns críticos pode ser un xeito, involuntario ou non, de desatender os verdadeiros condicionamentos da súa actividade, condicionamentos que non son unicamente individuais e subxectivos, senón de natureza social

ou, por dicilo en termos de análise sociolóxica, estrutural. Na miña opinión –aínda facendo todo o posíbel por fuxir do determinismo e recoñecendo a marxe de liberdade presente nas accións individuais, e mesmo o seu potencial de transformación das condicións herdadas–, o verdadeiramente relevante non é de quen vén sendo amigo o autor, senón quen lle paga ao crítico.

En cambio, quizais sexa menos doado argumentar a dificultade de facer converxer nunha soa posición os papeis do crítico e o do investigador. Mais entendo que pode ser moi útil demostrar, e até defender, a incompatibilidade parcial (que en ningún caso debera excluír alianzas puntuais) entre os dous roles. Trátase de afirmar a necesidade de diferenciar as conviccións sobre o conveniente, territorio natural do crítico, do coñecemento do real, obxectivo dos investigadores. Os estudos literarios demandan, como todas as disciplinas, xerarquías e cortes epistémicos. Como críticos, un dos nosos traballos é xulgar. Como teóricos, un dos nosos traballos é xulgar a actividade crítica.

A investigación demanda un grao de distancia e mesmo de sospeita que a crítica, metida até o fondo no río dos acontecementos, nin quere nin precisa. Coseriu sostíña que a ciencia da linguaxe necesitaba tanto de botánicos como de xardiñeiros. Que as dúas tarefas, a da teoría e a da crítica, poidan e até deban confluír nunha mesma persoa non exime da necesidade de recoñecer as diferenzas entre elas. Dito isto, pretendo situarme agora nun punto equidistante entre botánica e xardiñería para enunciado algunhas hipóteses, seguramente sen ningunha validez xeral, sobre a función social da crítica:

Non hai crítica, hai críticos. Cómpre recoñecer explicitamente a evidencia de que a crítica é o resultado dun proceso de abstracción ao que subxace o traballo concreto e puntual dos críticos. De xeito que para evitar a vaguidade na análise habería que comezar por incidir na variabilidade dos tipos de crítica (académica, xornalística...) que é posíbel exercer nunha variabilidade de contextos. E, ademais, sabemos que aquí importan non unicamente os medios, xéneros e soportes, senón tamén as institucións que os sosteñen. É dicir, o decisivo non é tanto o que se di, senón sobre todo quen o di, dende que lugar, a quen vai dirixido e para que. Aínda sendo operativa, se se analiza ben, un enunciado como “crítica literaria galega” ten moi pouco sentido. “Críticos literarios en Galicia”, sendo tamén froito dunha xeralización algo abusiva, podería resultar máis descritivo. Habendo como hai tantos e contrapostos intereses nos campos do poder (o literario é un), e estando eles sempre detrás da actividade crítica, e sendo tantos os críticos que exercen periodicamente a súa función nos medios, podemos afirmar que aínda son máis numerosos os intereses que os críticos. Aquel desinterese que Kant lle reclamaba ao xuízo estético ten moi pouco que ver co xeito no que se articula socialmente o campo literario, en Galicia ou en calquera outra parte do mundo.

A crítica como práctica non debe ser indiferente á crítica como disciplina. Toda crítica, tanto a académica como a que se exerce nos medios de comunicación, debería ser crítica informada dos avances, debates, matrices disciplinares e orientacións dos estudos literarios. Con demasiada frecuencia, esquecese que facer crítica non equivale a comentar libros. En tempos do capitalismo serodio, como ben aconsellaba F. Jameson, a crítica será cartográfica ou non será. No canto de “aconsellar lecturas”, erixíndose en árbitro do gusto, o crítico podería dedicarse a trazar mapas nos que as obras literarias servirían, xa que non como portavoces dos autores, si como indicios dun estado de cousas que a miúdo transcende as poéticas individuais. Non sempre a crítica é o suficientemente atenta ás conexións entre as obras escritas nun mesmo tempo e nun mesmo lugar. No caso galego, ademais, case sempre resulta cega ás conexións entre as obras escritas en distintos tempos e lugares.

A crítica debe ser dura e os críticos, corteses. Ou, se se prefire, a liberdade da crítica non será tal sen a responsabilidade dos críticos, pois garantir espazos para a construción dun saber pasa necesariamente por facer tales espazos —cavilo, a este respecto, na precariedade ética e epistemolóxica da maioría dos foros virtuais— dignos de seren habitados. Non se trataría tanto de regresar ao que Mathew Arnold denominaba “crítica doce” como de posicionarse abertamente contra a gratuidade do xuízo negativo. Gratuidade sustentada nun preconceito común entre algúns pretendidos *outsiders* do campo literario, que entenden os disvalores como xuízos necesariamente máis perspicaces que os valores, e que fan dos críticos “acedos” antiheroes fieis a unha pureza axiolóxica que non existe máis que na súa mente. Neste contexto, resulta perigosa a suposición de que certas poéticas do francotirador poden, de seu, abalar os alicerces do campo literario, ignorando que, por agudo e ferinte que sexa o crítico, a súa pluma non poderá nada contra o que realmente importa: o medio no que escriba.

A crítica pode non ser neutral, pero debe ser obxectiva. Lembrando a distinción de P. Bourdieu entre neutralidade e obxectividade, sería preciso insistir en que o exercicio crítico precisa de valentía, e a valentía só se dá dende determinados compromisos ou tomas de posición. Ao mesmo tempo, o primeiro compromiso crítico ten que ver coa verdade, entendida non como acordo intersubxectivo ou pacto social a favor do saber establecido, senón, no esteiro de A. Badiou, como unha política radical para o coñecemento do novo. A lealdade do crítico ao coñecemento posíbel debería ser trabada, para garantir a súa eficacia, coa máxima independencia con respecto aos poderes institucionais. Ou, por dicilo dun xeito máis claro e cavilando sobre todo no contexto galego, non penso que os procesos de normalización cultural deban nin orientar nin condicionar o traballo dos críticos.

Por voltar ao comezo, son da opinión de que as encrucilladas de posicións (crítica, escrita literaria, investigación académica) derivan dúas certezaas valiosas: a) a crítica sempre se exerce dende un ou varios lugares e, polo tanto, o crítico dista de ser unha figura romántica consagrada á hermenéutica infinita duns textos establecidos de antemán e illado dos seus contextos efectivos de actuación; b) o que debe esixírselle socialmente á actividade crítica non é tanto a profesionalización dos críticos coma competencia e rigor no seu exercicio.